


CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXII)



Epistolario
Ramón Piñeiro–Xosé Neira Vilas

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(XXXII)

Epistolario
Ramón Piñeiro—Xosé Neira Vilas

Textos introductorios:

Xosé Neira Vilas
Armando Requeixo
Dolores Vilavedra

Edición:
Armando Requeixo

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Xosé Luís Cochón Touriño
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Anxo González Fernández
Ramón López Vázquez
Segundo Pérez López
Manuel Quintáns Suárez
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística:

Valentín García Gómez

Coordinador científico:

Manuel González González

Directora Técnica de Literatura:

Blanca-Ana Roig Rechou

© Dos textos introdutorios: os autores

Do epistolario: Herdeiros de Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas

Da ilustración de cuberta: Xosé Vizoso

Maquetación e impresión:

Grafisant, S.L.

ISBN:

978-84-453-5199-4

Depósito legal:

C 1993-2015

ÍNDICE

O meu vencello con Ramón Piñeiro, por Xosé Neira Vilas	7
A correspondencia Ramón Piñeiro–Xosé Neira Vilas: bandeira entrañable de galeguidade, por Armando Requeixo	17
Tecendo redes, por Dolores Vilavedra	27
Nota de edición	37
Epistolario	41
Índice onomástico	161

O meu vencello con Ramón Piñeiro

Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Compostela, 1990) é un referente ineludible na historia galega do noso tempo. Tivo e ten admiradores e detractores (chegouse a acuñar por estes últimos o termo “piñeirismo”), pero é incuestionable que amaba Galicia e dedicou a vida enteira á reivindicación da súa cultura e á defensa da súa identidade dende sempre, dende os días da República e das Mocidades Galeguistas.

A súa obra non é extensa (“non escribín máis porque tiven que ocuparme de que outros escribisen”, dixo) e escolleu o ensaio para formular a súa ideoloxía.

Participa na guerra, estuda filosofía, viaxa clandestino a París, en 1946, para establecer contactos de índole política; detéñeno en Madrid cando regresa e pasa tres anos na cadea. Instálase logo en Santiago, traballa intensamente, dentro de certa legalidade posible, para reactivar a cultura galega. En 1950 crea, con outros activistas do galeguismo, a Editorial Galaxia. Ademais de moitos artigos, publica libros como *Olladas no futuro, Galicia* e, sobre todo, salientan os seus coñecidos ensaios sobre a saudade (“levou ó plano filosófico o que nós sempre viramos como un sentimento”, diría Suárez Picallo). É innegable que traballou moito para inculcar nos estudantes de Compostela a idea da identidade galega. Ingresou na Real Academia Galega en 1967 e pronunciou un esclarecedor discurso titulado *A lingoaxe i as linguas*. Foi deputado independente, integrado no PSOE, na primeira lexislatura e presidiu o Consello da Cultura Galega.

Dende 1959

A nosa relación epistolar comezou en 1959. Daquela eu vivía en Buenos Aires e dende había dous anos representaba a Editorial Galaxia a través da organización de Follas Novas, creada por Anisia e por min. O vencello comercial para a importación dos libros que a editora publicaba mantiñao co seu xerente, Paco Fernández del Riego, pero os temas máis literarios, as miñas colaboracións na revista *Grial*, a liña editorial, as coleccións proxectadas etc. tratábaas con Ramón. El e Paco eran a mesma cousa, pero con funcións relativamente diferentes. Por exemplo, cando publiquei na colección Illa Nova o meu libro de contos *Xente no rodicio*, en 1965, Paco aprobouno, escribiu para el un prólogo, a pedido meu, informoume da saída e demais detalles e Piñeiro propúxome suprimir dúas dedicatorias pola súa

posible implicación política. Naquela miña etapa arxentina intercambiábam os libros, propios e doutros autores, e ambos os dous tiñamos relacións epistolares con intelectuais portugueses instalados en Brasil, como Rodrigues Lapa e Agostinho da Silva, e tamén con Celso Ferreira da Cunha e con Machado da Rosa, profesor na universidade norteamericana de Wisconsin, e co galego Guerra da Cal, exiliado en Nova York (Machado estivera pouco antes na miña casa porteña, percorremos a cidade e visitamos algunhas sociedades galegas).

Marchei para Cuba en 1961 e a nosa relación epistolar continuou. Eu contáballe a miña modesta achega na creación dunha nova sociedade e un Estado socialistas e dos meus traballos e da Sección Galega que botei a andar no Instituto de Literatura e Lingüística; e el dábame noticias dos libros galegos que viñan editando e dos que se propoñían editar e dos cursos e conferencias que ofrecía ano tras ano en universidades de Estados Unidos, sobre Ortega e Gasset etc., así como dos Colóquios Internacionais de Estudos Luso-Brasileiros.

Igual que facía con outros amigos, a Ramón enviáballe libros dende a Habana como antes o fixera dende Buenos Aires. No caso del, obras referidas ao mundo celta, así como textos de filosofía, libros de autores contemporáneos europeos que non se publicaban en España e tamén textos literarios latinoamericanos.

Encontro persoal en Galicia

Foi o 23 de outubro de 1972. Eu voltaba ao meu país tras vinte e catro anos de ausencia. Chameino por teléfono e citounos, a Anisia e a min, no seu fogar santiagués da rúa Xelmírez. Xantamos con el e con Isabel, a súa muller. Falamos de Cuba, do galeguismo en América, de Galaxia; e contounos do seu labor constante cos universitarios tratando de que se interesasen pola cultura galega.

Volveríamos a vernos cinco días despois no museo Carlos Maside. Eu trouxera de Cuba dous cadros descoñecidos de Castela (dúas tintas), que doei ao museo. Isaac convocou intelectuais de toda Galicia e levouse a cabo un acto público moi concorrido. Atopeime alí con moitos amigos. Tamén estaba Piñeiro, por suposto.

Volvemos a Galicia en 1976 e, unha vez máis, visitámolo na súa casa, comemos con el e con Isabel e tamén coa súa irmá Sara. Contounos do achegamento que se ía logrando nos estudantes á cultura galega (sabíamos que, en gran medida, era obra del).

Retrospectivamente, pois eu deixara atrás Buenos Aires había quince anos, queixouse de que nunca o invitaran para os actos do Día de Galicia. Eu sabía disto pola miña relación cos vellos galeguistas. Sabía que fora algo deliberado e que a posible invitación tiña sido moi discutida (souben todo isto de primeiras por Xosé Abreira). Explíqueille como mellor puiden as características dos directivos da emigración bonaerense, incluíndo as discrepancias e contradicións internas. De todos xeitos, aclareille, eu non estaba ao día no devir da nosa colectividade na Arxentina. Nese mesmo ano, o 4 de novembro, citounos a Anisia e a min para un encontro na súa casa con outros amigos. Alí estaban Xosé Manuel Beiras e Salvador García-Bodaño coas súas compañeiras. Foi un encontro moi interesante. Nós falamos de Cuba, de América Latina e tamén de Vietnam, de África, en fin, dos problemas do mundo, pois na Habana dispoñíamos de ampla e puntual información e eles contábanos dos proxectos culturais e políticos para Galicia, tras da morte de Franco.

O 20 de xuño de 1978 Ramón asistiu, xunto con outros amigos, na Galería Sargadelos de Santiago, á presentación do meu libro *Trintanove poemas de Nicolás Guillén* (é dicir, a tradución ao galego dunha escolma da obra do gran poeta cubano).

Volveríamos vernos en 1981. O 6 de setembro veu a Gres, xunto con Isabel, Mimina e Isaac Díaz Pardo e Blanca de Penzol. Estiveron na miña casa, ou sexa, na casa de miña nai, onde nos aloxabamos. Alí mesmo fixémoslle entrega a Isaac do estoxo de prata que contiña un rizo do cabelo de Rosalía de Castro e un ramiño de pensamentos dos que lle puxeran no ataúde. Trouxerámoslos de Cuba. Tiñan transcorrido noventa e seis anos. Alí mesmo decidiron que o pasarían ao museo Carlos Maside (o mellor lugar tería sido a Casa Museo de Padrón, pero nós limitámonos a entregarllelo e eles decidirían o destino).

Ese ano tivemos outro encontro con el, con Isaac e con Luísa Viqueira no Castro de Samoedo. O motivo era precisamente Luísa, con quen falamos de seu pai (o filósofo Xohán Vicente Viqueira) e do exilio galego en México.

Participei o 14 de setembro de 1984 no Museo Maside nunha mesa redonda sobre Castela (eu referínome á presenza de Daniel en Cuba, tema do meu libro que se publicara meses antes en Edicións do Castro), na que tamén tomaron parte Isaac, Piñeiro, Valentín Paz-Andrade, Ricardo Carballo Calero e Marino Dónega.

O 9 de setembro de 1987 presenteí, na Galería Sargadelos de Santiago, o meu libro de contos *Tempo novo*. Presentoume Herminio Barreiro e, entre outros, estaban alí Ramón Piñeiro, Antón Santamarina, Isaac Díaz Pardo, Santiago Álvarez e Salvador García-Bodaño.

Ramón morreu o 27 de agosto de 1990. Nós estábamos de visita en Galicia, coma outros anos. Souben da súa doenza por García-Sabell e Isaac. Non me atrevín a chamalo pois, en veces, estaba hospitalizado. Pero un día cruzámonos con el na rúa Nova. Démonos conta despois que o era. Vímolos ensumido, case cadavérico. Ía como ausente. Estiven a punto de volver atrás e darlle unha aperta de amigo, pero non me atrevín. Tiven medo de non poder disimular a pena e a compaixón. E con certo remorso seguimos camiñando. Algúns días despois, Agustín Sixto Seco deume a noticia do seu pasamento. Asistimos ao funeral que se celebrou no Museo do Pobo Galego.

Correspondencia

Van aquí corenta e dúas cartas miñas escritas entre o 5 de xaneiro de 1959 e o 25 de maio de 1989. As primeiras foron enviadas dende Buenos Aires, a maioría dende a Habana e hai tamén algunhas remitidas dende Gres, durante as nosas viaxes a Galicia.

A primeira del é do 14 de maio de 1960 e a derradeira de xaneiro de 1990, apenas uns meses antes da súa morte. Son un total de vinte e sete, enviadas todas dende Compostela, agás unha que escribiu en Castropol.

As que eu lle enviei están depositadas na Casa Galega da Cultura de Vigo (agradézolle ao seu atento persoal que me facilitase copia das mesmas), pero estou certo de que faltan algunhas que, polo que parece, Ramón non gardou.

Este epistolario dá a medida da nosa relación, das nosas inquedanzas mutuas. Somos de diferentes xeracións, pois el levábame trece anos e estábamos instalados en ámbitos sociais e culturais moi distintos, pero había entre nós moita afinidade debido a que ambos tiñamos a Galicia como preocupación e como destino.

Mais non todo eran afinidades, xa que ás veces tamén tiñamos discrepancias. Case sempre de índole xeral, no plano ideolóxico. Falabamos de libros, de proxectos, de ilusións e de amigos comúns, exerciamos a tolerancia, a comprensión e a amabilidade (un día díxome en Madrid o malogrado Raimundo Patiño que Ramón e mais eu eramos moi semellantes).

As cartas que recibín del foron publicadas en *Cartas de vellos amigos. 1959-1998* (Vigo, Galaxia, 2010), pero agora danse a coñecer por primeira vez as que eu lle enviei. Unhas e outras, cruzadas, teñen unha innegable coherencia.

Moito máis podería dicir da traxectoria de Piñeiro, das súas relacións cos galegos da diáspora (e tamén con vascos e cataláns), de certos criterios ideolóxicos, que en veces non comparto, na súa posición respecto da loita galeguista. Todos os que actuamos temos luces e sombras, el tamén. Acáelle, con todo, a frase de José Martí: “El sol tiene manchas, pero hay quien sólo ve las manchas y no valora el resplandor”. E de Ramón podemos dicir que era máis o resplandor, e con el me quedo.

Xosé Neira Vilas



Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas o 14 de setembro de 1984 nunha mesa redonda sobre Castelao no Museo Carlos Maside, acompañados de Marino Dónega, Ricardo Carballo Calero e Valentín Paz-Andrade

A correspondencia
Ramón Piñeiro–Xosé Neira Vilas:
bandeira entrañable de galeguidade

O presente epistolario cruzado entre Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas recupera un importante material documental entre dous persoeiros decisivos na historia literaria, cultural e sociopolítica da Galicia de aquí e alén mar na segunda metade do século XX.

Trátase, por tanto, dun legado valioso non só porque nel se espellen cuestións de fondo calado que evidencian o pulso do que foi a Galicia e mais a emigración galega a América durante máis de tres décadas, senón tamén porque o xénero epistolar constitúe unha produción substantiva dentro do conxunto da escrita tanto do autor de Gres como, sobre todo, do de Lánca.

Nos parágrafos que seguen principio describindo as principais características desta correspondencia, trazo logo unha panorámica das liñas temáticas máis salientables e remato lembrando o vencello estreito que uniu ambos persoeiros.

Caracterización xeral

Consérvanse un total de sesenta e nove cartas cruzadas entre Piñeiro e Neira Vilas. Delas, vinte e sete corresponden ao lucense e corenta e dúas ao pontevedrés. Así pois, dáse unha certa desproporción, xa que o autor de *Memorias dun neno labrego* foi máis constante na comunicación, sobre todo durante os últimos anos, onde o seu peso como remitente gañou terreo.

Da lectura desta case setentena de misivas dedúcese, amais, que houbo algunhas outras cartas que existiron pero non se conservan. Así acontece coa postal natalicia que principiou a correspondencia entrambos e que debeu ser enviada en decembro de 1958, pero tamén con outra carta de fins de 1959, unha do 11 de febreiro de 1967, unha outra do verán de 1969 e unha última de fins de 1988. Destas cinco cartas que inferimos se perderon tres serían remitidas por Piñeiro a Neira Vilas e dúas viaxarían en dirección contraria.

Todas as cartas de Neira Vilas foron mecanografadas en folios ou cuartillas, agás catro que escribiu do seu puño, e nalgúns ocasións enviounas acompañadas de artigos ou recortes de xornal, notas de prensa e mesmo tarxetas.

Piñeiro manuscibiu case sempre as cartas e só en oito ocasións se serviu da máquina de escribir. Foron todas misivas en folio ou cuartilla e só unha delas é unha tarxeta postal.

O período que cobre a correspondencia conservada vai dende o 5 de xaneiro de 1959 —data na que Neira Vilas respondeu a felicitación de nadal que Piñeiro lle enviara e que permanece perdida— ata xaneiro de 1990, momento en que Piñeiro lle remitiu a derradeira comunicación, unha breve nota que acompañaba a remesa dos tres volumes das *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (1986) nos que Neira Vilas estaba moi interesado, nota, por certo, que é a única que foi redactada en papel timbrado coa cabeceira do Consello da Cultura Galega, institución que dirixiu Piñeiro dende a súa constitución en 1983 ata o seu pasamento en agosto de 1990.

Principais liñas temáticas

Más de trinta anos cruzando cartas favorece que a natureza e contido destas sexan ben variados e que irisen tematicamente de acordo tanto coa circunstancia persoal dos correspondentes coma, sobre todo, das situacións socioculturais e literarias de Galicia e da América.

Non é doado, pois, resumir nunhas poucas liñas o celmoso discurrir epistolar que entrambos foi, mais tentarei concretar algúns dos asuntos recorrentes nestas cartas:

1) Información sobre iniciativas a prol da difusión da nosa cultura, en xeral, e a nosa literatura, en particular (editoriais, exposicións, mostras, faladoiros, promoción de cursos universitarios, creación de plataformas asociativas, aparición de publicacións).

Son ben numerosas as noticias deste tipo, onde tanto se fala da aparición de novos selos editoriais (poño por caso, a nonnata Rúa Nova ou a Editorial Rueiro) como da preparación ou existencia de exposicións e mostras tanto literarias coma pictóricas (a I Muestra Antológica de Pintura Gallega do Círculo das Artes de Lugo no 60, o Muestrario de Editoriales Gallegas de 1972 en Buenos Aires, as exposicións do libro galego da Universidade de Mayáquez nos setenta etc.), mais tamén da asistencia e mantemento de faladoiros, dos contactos para lograr que se impartisen contidos

de lingua e literatura galegas en universidades americanas, rusas ou alemás (velaí o papel xogado neste eido polo hispanista Zacarías I. Plavskin na, daquela, Universidade de Leningrado ou do profesor Klaus Bochmann na Universidade Karl Marx de Leipzig) e, xaora, do xurdimento de publicacións nas que se acollían textos en galego ou sobre Galicia (*Aquí Galicia, Islas, Chan, La Gaceta de Cuba, Man Común...*).

2) Información sobre a asistencia a eventos (congresos, presentacións e outros).

En non poucas ocasións, estas cartas dan noticia detallada da organización e participación en congresos (en América, Portugal ou Galicia, destacando os Colóquios Internacionais de Estudos Luso-Brasileiros) e tamén das presentacións de libros propios (notoriamente no caso de Neira Vilas, quen nas súas visitas a Galicia nos setenta e primeiros oitenta percorreu todo o territorio dando a coñecer os seus novos títulos) e mais o ditado de conferencias (así Piñeiro en Portugal ou América e Neira Vilas nas amentadas estadías).

3) Reflexións verbo do momento político e as súas consecuencias para a literatura e a sociedade galegas.

Nas misivas dos anos sesenta e primeiros setenta obsérvase unha cautela que quere evitar os problemas coa censura, tal como declara o propio Neira Vilas a Piñeiro na única carta deste tempo (16-8-1959) que foi levada en man dende Buenos Aires ata Compostela: a que trasladou Otero Pedrayo á volta da súa viaxe a América.

Estas precaucións coa censura fanse especialmente evidentes nas epístolas nas que se trata a cuestión das dedicatorias de *A muller de ferro*, que Neira Vilas detalla (16-1-1969) e que Piñeiro evita en parte, aludindo a que certas dedicatorias “representan un atranco” debido a que “nos derradeiros meses houbo certas alteracións no panorama do país” (3-4-1969). De resultas desta situación, desapareceron do libro os recoñecementos que Neira Vilas mostraba a Arturo Reguera (a quen dedicara o relato “Marcha”) e mais Xosé Luís Méndez Ferrín (a quen brindara “O señor Manuel”).

Pola contra, a partir de 1975 e durante todos os 80 o tratamento de cuestións de índole política, sobre todo de natureza parlamentaria (apro-

bación da Lei de Normalización Lingüística e outras iniciativas lexislativas), faise máis patente.

4) Visitas de amigos, noticias sobre estes e comunicacións epistolares con eles.

É moi frecuente que a coda das cartas ou mesmo a posdata —en menor medida outras partes— se reserven para dar aviso dun visitante da Galicia da emigración á Terra nai ou da viaxe dalgún escritor ou responsable público a América. Tamén se notician os decesos e as cartas ou avisos que un e outro recibiron de terceiros, máxime cando estes se refiren a temas aos que ambos aluden ou cando se solicita a transmisión de saúdos.

Finalmente, noutras ocasións o que acontece é que algún dos dous prega ao outro información sobre un terceiro do que non sabe hai tempo, ben por non ter cadrado con el nunha tempada ben por estar pendente da súa actuación en calquera sentido.

5) Envío/recepción de libros, revistas e outros materiais impresos, tanto propios coma de terceiros.

As remesas de volumes foron constantes entrambos, cómpre dicir que con vantaxe de Neira Vilas, quen forneceu amplamente a biblioteca de Piñeiro con edicións de autores da emigración galega en América, mais tamén con outros libros tanto arxentinos coma cubanos de autores daquelas terras ou internacionais traducidos ao castelán. Tamén si, o envío de números de revistas americanas nas que se daba cabida a contidos (literarios) galegos e mesmo recortes de prensa con artigos ou notas desta temática.

Da súa parte, Piñeiro achegou, sobre todo, separatas de obras súas, tamén algún libro da súa autoría e, puntualmente, doutros, amais de estar ao tanto de que fosen chegando os *Grial* nos que Neira Vilas tanto colaborou de propio puño ou remitindo materiais para que fosen publicados nas súas páxinas.

Capítulo especial merecen as cartas nas que, logo da notificación de recepción dun libro do outro ou tras o envío do mesmo, se procede a unha (auto)crítica na que se expoñen intencións e sentidos das obras.

Por último, outras veces cúrsase a petición dalgunha publicación ao amigo, ben para posuír o interesado un exemplar desta ben para facerlla logo chegar a un terceiro, o que é inequívoco índice do interese e consideración que amosaban ambos por todo o que ía sendo novidade no mundo bibliográfico de aquén e alén mar.

Cauda

Como se bota a ver, o epistolario Ramón Piñeiro-Xosé Neira Vilas é vizoso e revelador en moi diversos sentidos. Dunha banda, dá razón cumprida de moitos pormenores biobibliográficos de ambos os epistológrafos, mais doutra informa tamén de aconteceres e circunstancias (intra)históricas que non sempre eran coñecidos ou, de selo, circulaban noutras versións.

Malia a natural variedade dos asuntos tratados, todas as cartas teñen como columna vertebral un mesmo sentir, tal como o propio Neira Vilas deixou expresado no artigo “Cartas de Ramón Piñeiro”: “Galicia como motivación esencial, como norte e razón de ser e de actuar” (*El Correo Gallego*, 17-5-2009, logo recollido en *Cancela aberta*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 53-54).

Este fondo amor á matria e os seus sinais de identidade transversaliza toda a correspondencia e, xaora, o vivir compartido de ambos. A primeira vez que se viron foi o 23 de outubro de 1972, tras case catorce anos carteándose sen se coñecer. Naquela xuntanza os dous matrimonios compartiron mesa e mantel en Xelmírez 15 4º. Falaron das “actividades da Sección Galega que atendo na Habana. E o devir sociopolítico de Cuba (...) do labor de Galaxia, e do renacer da identidade galega entre os universitarios” (X. Neira Vilas, *Vinte anos retornando*, Vigo, Galaxia, 2006, p. 33). A partir de entón, cada nova viaxe do de Gres a Galicia acompañábase dunha visita ao amigo: víronse o 28 de outubro e o 4 de novembro de 1976; o 20 de xuño de 1978 cando Neira Vilas impartiu na Galería Sargadelos de Compostela a conferencia “A poesía de Nicolás Guillén” e Piñeiro se atopaba entre o selecto público asistente; tamén o 6 de setembro de 1981 cando, xunto con Carmen Arias e Isaac Díaz Pardo e mais Blanca Jiménez Alonso (viúva de Fermín Penzol), Anisia Miranda e Neira Vilas recibiron en Gres a visita de Isabel e Piñeiro; e logo o 19 de setembro dese mesmo ano, cando se viron ambos no Castro na compañía de Díaz Pardo e mais

Luísa Viqueira, filla do filósofo Xohán Vicente Viqueira; e aínda noutros dous actos públicos: unha mesa redonda sobre Castelao que compartiron o 14 de setembro de 1984 no Museo Carlos Maside a carón de Ricardo Carballo Calero, Díaz Pardo, Marino Dónega e Valentín Paz-Andrade e mais a inauguración da exposición “A prensa galega en Cuba” na Galería Sargadelos de Santiago, no marco da cal Neira Vilas presentou *Tempo novo* coa asistencia, entre outros, de Piñeiro.

Do exposto pode concluírse que a lectura deste epistolario non só é valiosa para ben comprender as traxectorias biográficas e autorais dos dous intelectuais, senón tamén as complicitades que os uniron e as diferenzas de criterio que souberon facer canxar co diálogo. Son, polo mesmo, o testemuño fidel dunha amizade fonda, de admiración recíproca entre unha das intelixencias máis preclaras da Galicia de Posguerra e unha das vontades máis dinámicas da Galicia transterrada na outra beira do Atlántico.

Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas levaron, de sempre, o país no pensamento, a terra pulsando na aorta. Por iso o oficio da palabra, a razón da escrita, ten sido nidia para os dous e, como un deles confesaba nunha destas cartas —e é sentenza que ambos poderían asinar perfectamente—: “Esto de escribir, humildemente, laboriosa e modestamente, é un compromiso que asumín, pra mentras teña folgos, con Galicia. É algo irrenunciábel. Pero non somentes esto, senón tamén todo o que sexa prestixiar, dar fe, levar coma unha bandeira entrañábel polo mundo todo o que se refira ó noso decote postergado país”.

Armando Requeixo



Ramón Piñeiro no seu despacho da rúa Xelmírez 15 4º, en Compostela

Tecendo redes

Este epistolario de Neira Vilas vén sumarse a outros dous xa editados con anterioridade pola Editorial Galaxia: no primeiro, *Cartas de vellos amigos. 1959-1998*, temos a oportunidade de escoitar as voces de máis de corenta escritores e intelectuais galegos cos que Neira Vilas mantivo correspondencia ao longo de medio século; o segundo, centrado en Francisco Fernández del Riego, é un epistolario cruzado, isto é, ofrece en orde cronolóxica as cartas que ambos intercambiaron nun período moi semellante. Este de agora pertence á tipoloxía do anterior e, coma el, permite coñecer como se vai tecendo unha relación singular ao longo de medio século. A estes habería que engadir aínda o seu *Epistolario diverso* (Ferrol, Edicións Embora, 2014), as cartas recollidas en *Isaac Díaz Pardo. Crónica dunha fecunda amizade* (Santiago, Bolanda Edicións, 2014) e a súa correspondencia cruzada con Valentín Paz-Andrade e Celso Emilio Ferreiro, publicada en 2012 no nº XXII dos *Cadernos Ramón Piñeiro*. O volume e importancia deste conxunto de epistolarios obríganos a considerar Neira Vilas como un dos grandes epistológrafos da nosa cultura e, se cadra, un dos últimos. É por iso que esta produción do autor de Gres resulta moi valiosa para un mellor coñecemento da historia cultural da Galicia da posguerra, tanto se atendemos ás cartas considerándoas como unidades discursivas coma se as avaliamos como un conxunto ou corpus textual.

Dende o primeiro punto de vista (as cartas lidas de unha en unha), hai nesta colección que agora ve a luz algunhas epístolas que posúen un importante valor emocional, pois permítennos mergullarnos, aínda que sexa de xeito puntual, na intimidade remota de dous amigos que eran tamén, antes de nada, homes e non só escritores ou intelectuais: velaí, por exemplo, a carta do 12 de nadal de 1972 na que Neira lle describe a Piñeiro o impacto que lle produciu o seu reencontro con Galicia tras vinte e catro anos de ausencia. Tamén resulta moi emotiva a carta do 4 de xullo de 1989, na que Piñeiro lle narra, coa sobriedade que lle era característica pero sen poder evitar que vibre a corda sentimental, o recente pasamento da súa dona Isabel. Voltaremos máis abaixo sobre a dimensión privada deste epistolario.

Xa dende unha perspectiva máis global, neste epistolario recoñecemos algunhas preocupacións do autor de Gres que aparecían de maneira reiterada nos anteditos: por exemplo, a súa firme vontade de dar a coñecer o labor teimudo a prol do galego que el e Anisia desenvolveron tanto en

Arxentina, coa editora e distribuidora Follas Novas (*vid.* carta do 16 de agosto de 1959, onde Neira explica pormenorizadamente o proxecto), coma logo en Cuba, ao promover Neira a Sección galega do Instituto de Literatura y Lingüística da Academia de Ciencias de La Habana; ou a conciencia dos límites impostos pola censura española, que levou a Neira a un infatigable labor de difusor de obras e publicacións periódicas inencontrables na Galicia interior, pero ás que el tiña acceso doado en Cuba: resulta ben ilustrativo desta dinámica o acontecido con *Cien años de soledad*, que Neira lle envía a Piñeiro en edición cubana e que este lera nunha das súas estadias en Vermont, pero que non tiña na súa biblioteca particular. Tamén reaparece aquí a convicción que Neira Vilas tiña da necesidade de potenciar a relación da cultura galega coa luso-brasileira en tanto rede máis e mellor articulada e que, como tal, podía servir de soporte ao noso incipiente sistema literario, convicción —como xa comentei no meu limiar ás *Cartas de vellos amigos*— fondamente arraizada no Neira Vilas da década dos 60 e partillada, como as cartas evidencian, por Piñeiro. Fundamentais para un mellor coñecemento da historia cultural de Galicia son as informacións relativas aos xa amentados condicionantes impostos pola censura: se nas *Cartas de vellos amigos* podemos atopar a narración explícita dos atrancos que lle impuxo a autores como Manuel María ou Méndez Ferrín, aquí os comentarios son sempre de carácter máis alusivo: véxase na carta do 4 de setembro de 1969 a cautela con que Piñeiro alude, veladamente, ao malestar causado entre o galeguismo do interior pola mudanza na dirección do Centro Galego de Bos Aires que levaría a designar como figura invitada para celebrar o Día de Galicia ao xeneral Lobo Montero, home tan adicto ao Réxime que chegou a ser xefe da casa militar de Franco. E, por suposto, a do 14 de marzo de 1969, onde Piñeiro se amosa sumamente preocupado polo impacto que na actividade editorial podía ter a aprobación en 1966 da “Ley de Prensa” coñecida como “Ley Fraga” (por ser este o seu promotor). Non deixa de ser rechamante que, mesmo falando da censura, Neira se amosase moito máis explícito e desinhibido, incluso inxenuo (*vid.* carta do 16 de agosto de 1959), actitude que contrasta cos reiterados eufemismos de Piñeiro á hora de abordar tan espiñento asunto; tan sorprendente debía de ser o contraste de opinións entre ambos que Piñeiro define (en carta do 16-VI-1969) como “optimista” a visión que Neira tiña dos “problemas da censura”.

Non é menor, pois, a dimensión metaliteraria destas cartas. En moitas delas Piñeiro realiza comentarios críticos das obras de Neira (ou doutros autores como Marcial Suárez ou Freixanes) que son verdadeiros modelos de síntese: véxanse, por exemplo, as breves pero densas liñas que lle dedica a un poemario de Neira, daquela recentemente publicado (*Dende lonxe*), na carta do 10 de xullo de 1960, ou ás estampas de *Nai* na do 8-II-81. Neira esténdese moito máis nas súas análises, algo comprensible por mor da verdadeira necesidade de comunicación coa cultura galega que sentía, e comenta tanto a súa propia produción literaria (véxase, por exemplo, a interpretación que fai das súas *Cartas a Lelo* o 28 de agosto de 1972) coma os textos de natureza máis ensaística que Piñeiro lle vai mandando e que lle dan pé a Neira para reflexionar sobre Galicia, a súa singularidade, os seus problemas e o seu futuro. Mais, na miña opinión, de entre todas estas, a carta na que Piñeiro mellor amosa a orixinalidade do seu pensamento é a do 1 de marzo de 1967, onde argumenta a prol do axeitado do formato epistolar para o xénero ensaístico no contexto cultural galego: coa modestia que sempre o caracterizou, Piñeiro expón a súa idea nun breve parágrafo de seis liñas, mais que constitúe de certo todo un programa para un ensaísmo autenticamente galego.

Non será doado atopar coleccións epistolares tan ricas, completas e ben organizadas como as que Neira Vilas garda. No seu caso, varias circunstancias fixeron posible a formación e conservación deste valioso arquivo documental. Por unha banda, a propia personalidade do escritor, home responsable, minucioso e ordenado, ao tempo que humilde: foi a súa convicción da valía dos seus correspondentes o que animou a Neira a gardar, como ouro en pano e ao longo de tanto tempo, tantas e tantas cartas. Por outra, a distancia xeográfica que o mantivo afastado de Galicia durante media vida: as cartas foron a ponte que lle permitiu a Neira salvar esa distancia, manter lazos de amizade, non perder a perspectiva da evolución do país e, algo moi importante, facerse presente como autor no escenario literario galego. Neste senso, Neira Vilas mantivo unha actividade infatigable, tal e como se ve neste e nos anteriores epistolarios, non só mandando as súas obras aos seus correspondentes, senón pedíndolles opinión: velaí a carta de Neira do 28 de abril de 1960 na que cualifica o contido dunha anterior de Piñeiro como “ourentador”, ou a serie de 1969, na que fica en evidencia


o seu afán de espallar *Historias de emigrantes*, acabada de saír do prelo e sobre a que apela francamente a Piñeiro: “Gostaram de saber o seu criterio, a súa opinión”. Do afán de Neira por vincularse ao grupo Galaxia dan boa proba tanto as súas propostas de proxectos editoriais (Galaxia acollería neses anos o seu libro de relatos *A muller de ferro* e as estampas de *Pan*) coma a cada vez máis asidua colaboración de Neira na revista *Grial*; curiosa resulta unha frase en aparencia irrelevante que figura na carta do 11 de outubro de 1985 na que Neira pregunta “¿Como vai o país, a nosa cultura, a Xunta, o Parlamento, Galaxia...?”: a inconsciente equiparación que realiza entre todas estas institucións non necesita máis comentario e ilústranos á perfección sobre a dimensión real que para Neira tiña a editorial.

As cartas de Piñeiro a Neira Vilas que aquí se recollen son as que apareceron xa nas devanditas *Cartas de vellos amigos. 1959-1998*, pero co valioso engadido das que Neira lle enviou a Piñeiro, rescatadas do arquivo deste. Editadas por orde cronolóxica constitúen —como xa se apuntou— un interesante exemplo de epistolario cruzado e amosan os típicos problemas prácticos que estes adoitan presentar: por unha banda, a perda dalgunha carta que circunstancialmente desapareceu do arquivo, como é o caso dunha do 11 de febreiro de 1967 á que Piñeiro alude na súa do 1 de marzo dese mesmo ano dándoa como non recibida; por outra, o cruzamento de epístolas que se escriben sen ter resposta da anterior e provocando, por tanto, reiteracións de información e equívocos, tal e como acontece entre ambos correspondentes nos meses de marzo e abril de 1969. A derradeira carta da colección é de Piñeiro e está datada en xaneiro de 1990: esta é a única que leva o encabezamento do Consello da Cultura Galega, cuxa presidencia ocupaba dende que a institución se puxera en marcha en 1983 e para a que acababa de ser reelixido. O seu pasamento, que tivo lugar o 27 de agosto dese mesmo ano, pechou o ciclo epistolar e púxolle cabo a unha amizade de case medio século. Xa que logo, este epistolario é tamén a crónica dunha amizade que foi levedando ao longo de máis de trinta anos. Hoxe, afeitos á inmediatez comunicativa que nos proporcionan as ferramentas dixitais, non podemos deixar de abraíarnos ante a constancia coa que ambos correspondentes foron alimentando un afecto que agromaría no ronsel dunha esquelina que Piñeiro —sempre tan atento a estes detalles— lle enviou a Neira contra finais de 1958 congratulándose da posta en marcha de Follas

Novas. A partir de aí, a “comunión espritoal telepática” que, en palabras de Neira, había entre eles vai medrando pola vía epistolar. Os avances son lentos, pautados polo respecto mutuo e as convencións impostas polo xénero. Así, non será ata o verán de 1972, tras moitos anos intercambiando cartas, cando se coñezan en persoa, nunha visita que Anisia e Pepe farán a Piñeiro e Isabel no seu piso santiagués. E aínda haberá que agardar ata unha nova visita, no verán do 76, para que ambos empecen a atuarse, algo que axiña se verá reflectido tamén no trato epistolar. Certamente, o vencello escritural foi, entre eles, máis efectivo có físico e emociona constatar como, co paso dos anos, as cartas entran en ámbitos máis privados e empezan a prestar atención, por exemplo, aos achaques de saúde que ambos irían padecendo.

Este epistolario é, pois, un magnífico documento que nos ilustra sobre as particularidades da comunicación epistolar, sobre como a través desa comunicación diferida se van construíndo, de maneira simultánea mais en alternancia, un *eu* autorial e un *ti* narratorio que constantemente intercambian as funcións, e como ese *ti* e ese *eu* evolúen consonte muda o contexto no que ambos operan como axentes culturais. Neste senso, é moi interesante ver o salto cualitativo que se produce nas cartas, sobre todo nas de Piñeiro, a partir de 1981, cando empeza a falar abertamente de política autonómica e chega mesmo a enviarlle a Neira o texto da Lei de Normalización Lingüística tras a súa aprobación en 1983 polo Parlamento, lei que el define como unha das máis “longa e fondamente areladas”. E non deixa de ter un profundo significado, alén do simbólico, que o epistolario remate coa carta na que Piñeiro lle comunica a Neira o envío dos tres tomos das *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, celebrado en 1986 e coeditadas pola Universidade de Santiago e o Consello da Cultura Galega: viñan tempos novos, tamén para a cultura galega. Piñeiro xa non os viviría, pero de certo contribuíu de forma eficazísima, e tal como estas cartas nos axudan a documentar, a facelos posibles.

Dolores Vilavedra



Xosé Neira Vilas na biblioteca da fundación que leva o seu nome

Nota de edición

Neste caderno recóllese toda a correspondencia cruzada entre Ramón Piñeiro e Xosé Neira Vilas. Cómpre sinalar que as cartas enviadas polo lancarao ao de Gres xa foran compiladas por este último no volume *Cartas de vellos amigos. 1959-1998*, editado por Dolores Vilavedra e publicado por Galaxia no 2010. Por tanto, o presente libro recupera o epistolario íntegro habido entrambos, ao que se engaden numerosas notacións a pé de páxina e un completo “Índice onomástico” final.

Canto aos criterios de edición seguidos para a transcripción dos orixinais, debe advertirse que estes se respectaron escrupulosamente e que as intervencións do editor se limitaron a eliminar erratas, reparar esquecementos obvios de puntuación ou acentuación e levar a cabo regularizacións (orto)gráficas mínimas no uso de maiúsculas, cursivas, comiñas e guións.

Respecto da disposición das cartas, optouse por reproducilas alternando os remitentes na secuencia cronolóxica, de xeito que fose doado seguir a liña de diálogo que nelas se establece.

Doutra parte, quérese deixar constancia do agradecemento tanto á Real Academia Galega por ter cedido xenerosamente a copia dixital das cartas de Ramón Piñeiro coma á Fundación Penzol por prestar desprendidamente os arquivos de imaxe que conteñen as de Xosé Neira Vilas, agradecemento que se fai extensivo aos herdeiros da obra de Ramón Piñeiro, á Editorial Galaxia e á Fundación Xosé Neira Vilas por permitiren a reprodución dos materiais.

A. R.

Epistolario

Bos Aires, 5 de xaneiro do 1959

Sr. D.
Ramón Piñeiro
Gelmírez 15
Compostela

Irmán:

Entre as moitas e moi queridas esquelas que veño recibindo co gallo de Nadal e Aninovo, a nome persoal e de Follas Novas,¹ hai unha que gardo con singular agarimo: a de Vde., tanto polo seu esenzal e sintético contido, pleo de nobres arelanzas, como pola súa xentileza i espontaneidade ao lembrarse de min.²

Máis dunha vez estiven tentado de escribirlle. Logo, funo deixando. Hai un xeito de comunión espritoal, telepática, que nos xungue, moi por embaixo da simple relación epistolar. Non soio a Vde. e a min senón a todos os que padecemos —ou gozamos?— angurias afíns. Inda que mar por meio e diferenza ambiental, latexan en nós os mesmos degaros redenzoaes; e poñemos cada coal o seu gran de area pra erguer a nosa cultura. Craro

¹ Organización libreiro-editorial constituída o 15 de xullo de 1957 (aniversario de Rosalía) que tivo a súa sede primeira no número 3035 da rúa Asunción, barrio de Villa Pueyrredón, domicilio do matrimonio Xosé Neira Vilas-Anisia Miranda, daquela casados había pouco. A idea de constituír esta distribuidora de libros en galego —que logo foi tamén editora— partiu dunha suxestión de Francisco Fernández del Riego durante unha súa visita a Buenos Aires no verán de 1954. Foi o de Lourenzá quen convenceu a Neira Vilas de que o mellor xeito de axudar á causa galeguista era procurar vías para difundir e vender en Arxentina e toda América libros galegos. A parella Neira Vilas-Miranda estivo á fronte de Follas Novas ata fins de xuño de 1961 en que marchou para A Habana, deixando a organización a cargo de Elsa Fernández. Unha completa descrición das actividades de Follas Novas pode lerse no ensaio de Neira Vilas “A organización libreiro-editorial ‘Follas Novas’”, *Memoria da emigración. III*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1996, pp. 243-254. Para a intensa relación que a través de Follas Novas mantiveron Neira Vilas e Anisia Miranda con Del Riego e a xente de Galaxia é ilustrador un outro texto seu: “Follas Novas e as relacións comerciais con Galaxia”, *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego. 1959-2007*, Vigo, Galaxia, 2013, pp. 21-24.

² Non se conserva esta primeira postal enviada por Ramón Piñeiro a Xosé Neira Vilas, mais dedúcese das palabras do de Gres ser esta unha felicitación ao uso que lle deu, porén, a escusa para principiar con el unha longa andaina epistolar.

que tanto ahí, como dende logo eiquí, haberá, sen dúbida, aínda entre os que parece que sinten a mesma paixón, homes trabucados, por iñoranza ou vaidade ou calisquer outra cousa, mais non debe darnos pena, pois o estrano sería o contrario. Isto ocurrirá eternamente.

Recibín, garimosamente adicada, a separata do seu traballo —carta aos sres. Da Cunha Leão— que xa leera no Livro de Homaxe a Don Ramón.³ Moitas gracias.

Direille algo de Follas Novas. É unha laboura de formigas o que hai que reaizar —o que se está reaizando—: facer con que as nosas bibliotecas —as das nosas entidades— se renoven; facer que os mozos tomen contaíto coa nosa cultura e creen cada un unha biblioteca —pequena ou grande— galega; e tamén darlle a oportunidade, aos que lles intresa todo o que se pubrique, de que non teñan que perder tempo en averiguación: que teñan un lugar onde se concentra todo (ou cuase todo). Tamén é trascendente a misión dos ateneus dos sábados pola tarde, aos que concurren mozos arxentinos de ascendencia galega. Chégannos arreo cartas de estímulo de por ahí e de por eiquí pra ista nosa modesta laboura, as que nos comprometen a seguir cada día con máis teimosía. Temos moitos proieitos no tinteiro e irémolos cumprindo. Xiquera pra contrarrestar algunhas cousas galegas que se levan feito, algunhas aitutudes, que non pasaron da arroutada; ou sexa, de voo breve da perdís. Eu coido que unha das fallas, da nosa demora, ao traveso da historia, é precisamente iso: a falla de tenacidade.

Por hoxe namais.

Unha aperta de J. Neira Vilas

³ Ramón Piñeiro, “Carta a Leonor e Francisco da Cunha Leão. (Sobre a personalidade e a obra de Otero Pedrayo)”, en AA. VV., *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no LXX aniversario do seu nacemento*, Vigo, Galaxia, 1958, pp. 173-98. Este mesmo texto figura tamén en *Olladas no futuro*, Vigo, Galaxia, 1974, pp. 118-141 e mais *Cartas para os amigos*, Santiago de Compostela, Editorial Compostela / El Correo Gallego, 1992, pp. 31-56.

Buenos Aires, 16 de agosto do 1959

Sr. D.
Ramón Piñeiro
Presente

Benquerido irmán e admirado amigo:

Por enriba do mar —do mar Atlántico e do mar das catividades que coutan a nosa liberdade pra espresarnos abertamente, por medios comúns— quero enviarlle un mensaxe fraterno, valéndome do retorno do máis esgrevio mensaxeiro da Galicia, D. Ramón Otero Pedrayo.⁴ Un mensaxe escrito que quizais non alcance a decirlle doadamente; quizais non abonden as palabras pra arrincalo enteiro i enxebre dende a fondura do meu sentir.

Recibeu a miña carta? Mandeilla en xaneiro, logo de recibir a súa felicitación de Nadal e unha separata, adicadas garimosamente. Naquela resposta estiven tentado de decirlle moitas cousas... pero diante a posibilidade de non decirlas “todas”, de non poder decirlas todas, co medo á censura, preferín limitarme a algún vago concepto invisíbel, “entreliñas”, como lle din. Sóbrame senso de precaución e quero evitar as espresións que poidan levar á cadea.

En primeiro lugar, o meu mensaxe é afectivo. Coñezo en liñas xeraes —e intúio os detalles e a transcendencia— da tarefa galeguizadora que Vde., e con Vde. outros irmáns, veñen reaizando. E quero, por si de algo val, espresarlles a miña adhesión, amais da miña contenteza espritoal, polo histórico favor que fan á nosa Patria, máis valioso canto que o reaízan en plea anarquía, sin posibilidades de diálogo público e apesares do atafego oficial —quen non valorase iso diríase que está xordo ou cego ou as dúas cousas á vez.

Por máis boa vontade que haxa —unque peor é cando non hai vontade— non se pode estimar en toda a súa extensión e profundidade unha obra calada pero efectiva, de grandes alcanzos, como a que fan Vdes., estando

⁴ Segunda viaxe de Ramón Otero Pedrayo a Buenos Aires (a primeira fora en 1947), a onde foi convidado polo Centro Galego para ofrecer conferencias e presidir o acto central do Día de Galicia.

lonxe, nun ámbito totalmente distinto —e a peor lonxanía non é a xeográfica senón a da sensibilidade, digo eu—. Varios fitos se me ocorren neste intre (e lamento cando na emigración non adquiren valoramento debido), que considero fundamentais pro noso porvir cultural e social: estordigamento e galeguización dos mozos universitarios; obra literaria mañífica (que abrolla en Galaxia); equipo económico pra estudar os problemas ídem galegos; afirmación constante da nosa persoalidade idiomática; teima patriótica de galeguizar a Academia Galega —pra que mereza chamarse así— facendo que se incorporen elementos galeguistas, etc. Son síntesis de apreciacións miñas, un tanto intuitivas, que entendo merecen o apoio e aprauso de nós todos.

E agora direille algo de eiquí. Certo pudor (ou como se chame) impídeme contarlle certas miúdas aitudes, certas vaidades, certos puntos de vista demorados, certos cativos resentimentos, certas desourentazóns —que tampouco desexan ourentarse—, etc. Algún día fareino. E outra miaxe de pudor (ou como se chame) non me deixa falarlle do pouco que eu fago, anque por iste lado estendereime un pouco, non sobor Neira Vilas senón a propósito de Follas Novas; e non pra “darse corte”, senón pra informar. Como sei que Vde. pensa “en serio” no porvir de Galicia xusto é que esté ó tanto do que se fai e do que se proieita facer.

Follas Novas é unha entidade que trato de facer o máis impersoal posíbel; é decir, que anque eu estou detrás dela, percuro mandala sempre diante como tal e deixar o máis escondida posíbel a miña persoa. É unha aitude que trato de usar incluso como exemplo, anque non creio que faga efecto... Follas Novas é atendida por min, coa eficaz colaboración da miña compañeira (cubana, filla de galegos, que sinte verdadeira devoción por Galicia), en momentos libres, máis alá das horas da miña eisistencia diaria ás que debo renunciar prá subsistencia do meu fogar. Tamén sábados polas tardes e domingos e algúns días de festa. Correspondencia, crasificacións, revisión de catálogos etc. dan máis traballo do que parece. Nestes días inaugúrase en Caracas (patrocinada por Casa de Galicia) unha esposición do libro galego contemporáneo (similar á que fixemos eiquí o ano pasado no Centro Lucense). Constan arredor de 370 tíduos. Outra está en trámite pra reaizarse en Mar del Plata (cidade balnearia) pra o vran (nadal). Íase facer o ano pasado pero dábanme un saa demasiado grande. Tamén hai

posibilidades de facer unha máis na Universidade do Litoral (Santa Fe) e proieito facer outra en Montevideo o ano que vén.

Toda manifestación cultural é recollida con simpatía no Plata i en América en xeral; e penso que anque saian poucos libros prestixiaremos a Galicia.

Estamos instalando vitrinas nas diversas entidades desta cidade, onde se cambian obras cada quince ou vinte días, informando do movemento bibliográfico galego, con notas biográficas de autores, información sobre editoriais, libros a aparecer, etc. etc.

Cavilamos nunha publicación que se tiduaría “Letras Galegas”, pra informar o público sobre a creación dos nosos literatos, dos nosos poetas. Craro que isto véxoo un pouco remoto, pola financiación. Acrárolle que de poder facelo non sería un derroche de enerxía pra unha cousa local, senón que abranguería todo o que niste aspeito ocorre en todo o mundo cultural galego e por suposto con destino tamén a Galicia. Eu considero que todo canto se faga fóra dos lindeiros xeográficos de Galicia é importante, e nalgúns casos fundamental, e que as posibilidades son maiores moitas veces que as que hai en Galicia, pero sin esquecer nunca que o noso destino é alí, que a emigración é un estado transitorio. Entendo que isa debe ser a idea, o concepto, anque logo nos enterren en calquera cimiterio de Buenos Aires ou a Habana ou Caracas...

Hai en proieito outras cousas pero por ser secundarias vou polo atallo. Os sábados polas tardes fanse unhas xuntanzas (que denominamos gravemente “ateneus”). A elas concurren mozos e algunha rapaza galegos e fillos de galegos, varios deles universitarios (C. Económicas, Filosofía, Medicina e sobor todo Dereito), e fálase de cousas moi intresantes. Fálase de temas sociaes, culturaes, políticos, económicos de Galicia; coméntanse libros, escóitase música, lense poemas, discútense mitos da nosa historia (mitos vellos e mitos novos) e, en fin, escrarécense, ou tratan de escrarerse, moitas cousas atinxentes a Galicia. Don Ramón Otero Pedrayo, mestre indiscutido de máis de dúas xeneracións galegas e amante da mocidade, honrounos cunha visita a Follas Novas, o sábado 1º de agosto, e puido coñecer iste grupo inqueda, grupo que non é pechado, senón todo o contrario, nin tampouco ten determinados compoñentes: unhas veces hai

máis, outras menos, pero sempre, vran e inverno, semanalmente, concurre mocidade a iste xeito de agora.

Hai moitos fillos de galegos que andan á deriva, quero decir, moitos que lles preocupa Galicia e non teñen a onde arrimarse, porque en Follas Novas, ou sexa na miña casa, tampouco podo metelos a todos porque non caben e ademais isto non pasa de unha xuntanza ou xuntanzas intresantes, pero non en calidade de entidade. E ando por elo a matinar a dar os derradeiros toques a unha nova institución, cuios plans, estatutos, función, etc. xa lles fixen ver. Veremos se a concretan. A entidade chamaríase, por exemplo, Asociación Argentina de Hijos de Gallegos,⁵ ou algo similar. E parellamente crearíase outra chamada Amigos del libro gallego. Imos ver que ocorre. Están bastante entusiasmados coa idea, pero quero asegurarme denantes de nada de que a poderán levar adiante responsablemente.

Hai outro grupo intresante. Eiquí eisisten varios coros, todos eles malos, onde ademais de malos, os integrantes —e isto non reviste ningunha novidade pois os de ahí entendo que son igoal— non sinten afinidade con Galicia, a súa cultura, tradición, destinos, etc. Pois temos en Bs. As. un coro que leva o nome de Brétemas e Raiolas, onde aítúan arredor de 50 rapaces e rapazas, cuase todos da Coruña, ós que fomos galeguizando pouco a pouco e hoxe a maioría ten concencia da súa Terra e dos seus verdadeiros problemas. Amais da función específica de cantar e bailar, falan arreo, espontaneamente en galego, en galego as aitas das súas reunións, os programas de onde aítúan soios, en galego sacaron unha revista fai agora un ano (tena Vde?)⁶ e lévanse negado a aítuar onde concurra algún representante da embaixada (naturalmente isto en centros arxentinos, pois ningún delegado de isa “casa” entra en sociedades nosas) e tamén se negan a tomar parte en programas onde haxa números “calés” —que amais de non ditar co noso, eiquí soen facelo bastante mal—. En fin, que

⁵ Finalmente, acabou constituíndose como tal o 10 de outubro de 1959. A súa sede social era a propia librería Follas Novas e polas xuntanzas que convocou pasaron Ricardo Palmás, Perfecto López Romero, Pilar Jeremías ou Elsa Fernández, entre outros.

⁶ Refírese á cabeceira *Coro Galego Brétemas e Raiolas*, publicada en 1958 con motivo do quinto aniversario da agrupación homónima que dirixía o músico coruñés Xulio Anta no Centro Betanzos, revista na que Neira Vilas participou.

istes rapaces saben a onde van e teñen concencia da súa misión. No orde artístico, están moi ben conceituados. O seu repertorio é popular (quero decir que non é un coro polifónico, como é por exemplo o Terra Nosa do Centro Ourensán). Eles teñen gaitas, conchas, pandeiros, etc. Teñen un xeito de coreografía de muiñeira, onde bailan máis de dez parexas, e que está moi ben. E ademais deso levámoslle pasado material bibliográfico e están preparando danzas gremiales diversas. Xa bailan a danza de “arcos” ou de mariñeiros, a de “palitroques”, a de “espadas” e están preparando outras. Tratamos de agarimalos constantemente. Ensaian e teñen a súa sede no Centro Betanzos.⁷ Dispoñen dunha biblioteca galega, á que Follas Novas leva donado algúns libros. Eu deilles o ano pasado unha conferencia e téñolles reservada unha sorpresa nestes días: o importe dun premio literario que gañei no concurso que orgaizou o Centro Ourensán pra conmemorar o 50 aniversario da morte de Curros, penso donarlllo íntegro en libros. Aínda non saben nada. Entendo que son chispazos sicolóxicos que terán bon efecto dende o punto de vista galego nestes mozos. E perdoe que eu me pare a espricarlle tantas miudencias; quizais lle resulten intrascendentes, pero é que eu vivo ó son de ise entusiasmo. O entusiasmo da xente nova (ó fin eu tamén son novo) tanto da que concorre á miña casa os sábados como ó coro Brétemas, como a outros grupos que se van ir formando. É que neles pódese enxertar un senso novo de ver as cousas (as cousas galegas) dende a emigración. Pode evitárselles o contaxio cos resentimentos cativos —de cote estériles— e coas “poses” e coas aitudes vanidosiñas de “foto” e letra de molde. Sin xenreira pra ninguén, cos hourizontes amplos e craros, aituando sempre como galegos, dando exemplo de xenerosidade, isa é a teima, a posición (e se aínda non o é totalmente comeza a selo) da xuventude galega de ista cidade.

Como o patriarcal Don Ramón é portador da presente, e pra non ferir a súa pura e naturalísima modestia (a modestia dos grandes homes), non lle falarei del, do éxito rotundo, categórico, do seu andar por istas terras. Xa sei que pra Vde. non é novidade, nin pra ninguén de nós, pero igoal lle direi que tanto as confrenzas e discursos no ámbito galego como en centros

⁷ O Centro Betanzos tiña a súa sede, dende os anos 30, nunha ampla casa señorial situada no 1660 da rúa México, en pleno centro de Bos Aires. Neira Vilas ocupouse del en “Betanzos na Arxentina”, *Arredor do mundo*, Vigo, Xerais, 2007, pp. 205-206.

arxentinos tiveron resoancia de asombro. Eu nunca ouvira a D. Ramón falar. I é algo que non se pode definir, que non podo definir. Un síntese pequeno, esmagado, aluciado escoitándoo. A ialma de Galicia ferve e abrolla nel esparguéndose polo Universo coma en ningún dos galegos que eu teña escoitado falar. E conste que non xogo coas verbas.

E namais por hoxe, meu querido amigo e irmán. Quizais pra un home de pensamento ordeado, exercitado na Filosofía, como Vde., sexa unha irrespetuosidade ista carta feita dun tirón, nuns breves minutos e na que seguramente abundan cacofonías, tachaduras, etc., etc. É a urxencia american, i é tamén a miña urxencia, o meu pouco tempo. Prégolle de corazón me sepa disculpar, como así tamén se lle dou lata con miudencias intrascendentes. Xa lle escribirei de vagar.

Un forte abrazo.

Seu e de Galicia

José Neira Vilas

P/d.

Quero polo seu intermeio facer chegar unha aperta fraterna a un home da Galicia nova a quen estimo e ademiro fondamente. E iso que del non coñezo máis que algúns prólogos de libros e escritos breves, pero que abundan pra quere-lo, pois de cada verba súa xurde, en incomparábel estilo, un centelleo de galeguidade. Refírome ó Dr. García Sabell. Vale.

Buenos Aires, 28 de abril do 1960

Sr. D.
Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a súa moi querida carta. Resulta até ridículo mencionala, como non sexa pra que se sepa que me chegou, dado o tempo transcurrido sin respotalle. Pero hai veces en que un de tanto que quixera decir, non di ren. Un párrafo, unha frase, un vocablo ábrennos ás veces portas de fonda e crecente simpatía, de crara afinidade. O contido da súa carta é, amais de fraterno, ourentador. Creio como Vde. nisas minorías de escolleitos e no froito positivo da súa laboura creadora.

Estivo na miña casa Machado da Rosa.⁸ Home intelixente, simpático e que profesa un gran amor a Galicia. Faloume de que proieita con Da Cal⁹ uns cursos de literatura galega en N. York e Wisconsin. Il anda polo Brasil con 16 alumnos norteamericáns de portugués. Volta aos EE. UU. en xunio próisimo. Púxome en contaio con Agostinho da Silva.¹⁰ Ao

⁸ Alberto Machado da Rosa (Angra, Azores, 1924-Monsaraz, Alentejo, 1974) foi profesor da Universidade de Madison (Wisconsin) e da Universidade de California (Os Ánxeles). Especialista na obra de Rosalía de Castro, sobre a que escribiu a súa tese de doutoramento, foi un importante promotor e divulgador das nosas letras no ámbito académico estadounidense e un dos fundadores do Seminario da Cultura Galega en Salvador de Baía, como se sinala nesta mesma carta.

⁹ Ernesto Guerra da Cal (Ferrol, 1911-Lisboa, 1994), poeta e ensaísta, foi un destacado hispanista e lusitanista que ostentou importantes cargos en diversos departamentos de universidades estadounidenses. A el debemos a redacción das entradas sobre literatura galega do *Dicionário das Literaturas Portuguesa, Galega e Brasileira* coordinado por Jacinto de Almeida do Prado Coelho en 1960.

¹⁰ George Agostinho da Silva (Porto, 1906-Lisboa, 1994) foi un filósofo, poeta e ensaísta que pasou boa parte da súa vida no Brasil (1947-1969), dende onde promoveu a presenza de Galicia, a súa lingua e a súa literatura no seo da comunidade integrada por Portugal, Brasil e os PALOP. Consérvase unha carta enviada por Agostinho da Silva a Neira Vilas do 14 de febreiro de 1960 onde trata dos asuntos que o de Gres comenta aquí a Piñeiro (cfr. Xosé Neira Vilas, *Cartas de vellos amigos. 1959-1998*, ed. Dolores Vilavedra, Vigo, Galaxia, 2010, pp. 525-527).

parecer o resultado do IV Colóquio¹¹ estaba meio adormecido, pero estase esperguizando. Entusiasmei coa promesa de que colaborarán os escritores galegos, etc., a Ag. da Silva e por fin saeu adiante o choio. Nunha carta recente dime que foi creado o Seminario da Cultura Galega dependente da Facultade de Letras da Universidade da Bahia. Seguramente xa Vde. o sabe pois sei que se escribe coel. Eu dígollo por si así non fose. Sairá pronto o 1º nº do *Boletín da Cultura Gallega*, como unha das series da revista da Universidade.

A Asoc. Argentina de Hijos de Gallegos marcha ben. Propúxenme prever todos os posibles conflitos que é natural que xurdan nunha entidade de mozos novos e nefeuto, repito, vai ben: estudan, reaízan semanalmente “mesas redondas” pra debatir temas da nosa cultura e concurre moita xente a elas. Estase levando a cabo un ciclo de tres meses (avril, maio e xunio), logo farase outro de agosto a outubro con outros temas.

Fundouse na cidade de Rosario (a segunda da Arxentina) unha Peña Cultural Gallega Rosalía de Castro.¹² Mandeille feitos estatutos etc. Son case todos arxentinos, algúns nin siquiera de ascendencia galega, anque naturalmente o presidente e catro ou cinco máis son nados en Galicia. En menos de dous meses ten máis de 300 afiliados. Sacaron o 1º nº dun periódico mensual (*Aquí Galicia*), farán sesións de teatro lido entre a xente máis nova pra adeprender galego e están traballando na creación de grupos de danzas, coro, etc. Amais deso dispoñen de unha biblioteca circulante prá que lles regalei certa cantidade de libros, pois apenas tiñan uns cantos da Casa de Galicia daquela cidade, que está practicamente morta. O 16 do

¹¹ Alude ao IV Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros, celebrado en Salvador de Baía entre o 10 e o 21 de agosto de 1959 e promovido pola universidade daquela cidade e mais a UNESCO.

¹² Fundada, en efecto, en 1960 a Peña Cultural Gallega Rosalía de Castro, baixo a dirección de Dolores López (filla de emigrantes), publicou como voceiro *Aquí... Galicia!*, onde se inseriron algunhas colaboracións de Neira Vilas. Os seus obxectivos eran “promover el conocimiento integral de Galicia en todos sus aspectos: cultural, geográfico, histórico, social, económico (...) para profundizar en nuestro amor para Galicia, recordando que se ama más lo que se conoce mejor”. Nesta liña, incluíu artigos sobre diversos aspectos da nosa cultura: Historia, Xeografía, Bibliografía, galegos ilustres, Poesía, Pintura, Teatro, Prensa ou Lingua.

aitual fixeron un aito inaugural ao que asistín. Estivo presente tamén o Dr. Ucha,¹³ presidente da similar de Santa Fe, que leva o nome de M. Murguía (aunque esta non é tan dinámica como a de Rosario) e logo pronunciei unha confrenza sobre “A cultura galega na hora aital”. Detívenme de xeito especial na obra de Galaxia e levei a primicia da creazón do seminario de Bahía.

O mes próximo sairá un libro meu de versos. Mandareille axiña un exemplar. Trátase dun breve poemario. Leva un prólogo de Dieste, ilustra a tapa Seoane e edita Follas Novas.¹⁴

E por hoxe, meu caro amigo, namais. Tres mil cousas máis quixera decirlle, pero será pra outra. Lembranzas de Anisia. Unha aperta de

J. Neira Vilas

¹³ Antonio Ucha nacera nas Mariñas e con doce anos agochoouse como polisión nun barco que ía a Arxentina. Co tempo, estudou Dereito na Universidade do Litoral e chegou a ser un reputado catedrático de Dereito Constitucional, con numerosas publicacións especializadas. Fundou en Santa Fe a Peña Galega Manuel Murguía, que editou a revista bilingüe *Aturuxo*, onde poden lerse algúns textos seus en galego. Neira Vilas deu noticia cumprida del en “De polisión e obreiro a catedrático”, *Memoria da emigración. I*, Sada, Edicións do Castro, 1994, pp. 95-101.

¹⁴ Trátase do poemario *Dende lonxe*, o primeiro volume publicado polo autor. Tal como anuncia na carta, a obra, de tan só vinte e sete páxinas, autoeditouna en Follas Novas en maio do 60 con prólogo de Rafael Dieste e cuberta de Luis Seoane.

Compostela, 14-V-60

Sr. D. Xosé Neira Vilas
B. Aires

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a súa carta. Sabía, polo propio Machado da Rosa, que me escribiu dende ahí de B. Aires, da visita que lle fixo e das conversas que tivo con outros amigos. Tamén Agostinho da Silva me tivo ó tanto dos preparativos e da creación do Seminario de Estudos Galegos e do correspondente Boletín. Tanto no Brasil como en Portugal comenza a tomarse en serio o novo rexurdir cultural e, si temos tino, en poucos anos chegaremos a consolidar a nosa presenza aitiva nise mundo fraterno.

Xa vexo, e moito me folgo de que así sexa, que a Asociación Arg. de Hijos de Gallegos vai avanzando no seu camiñar. Estou seguro de que, deses entidade e do seu labor, podemos agardar grandes e moi valiosos froitos. No meu parecer, foi a iniciativa máis importante, a pesar da súa aparente modestia, de cantas se puxeron en marcha derradeiramente. Dises círculos de estudos galegos salirán excelentes servidores dos máis altos intereses do pobo galego.

Tamén a Peña Cultural Gallega Rosalía de Castro, recentemente fundada en Rosario, leva bo camiño a xusgar polos seus comenzos. Deses si que non tiña noticias. Agradézolle todo o que encol dela me conta, pois todo é interesante.

Agardo con gran interés o seu libro de versos e moito lle agradezo a promesa de me enviar un exemplar.

Por eiquí vaise traballando. Nistes días andamos preparando unha gran exposición de pintura gallega que se celebrará en Lugo.¹⁵ Vai ser unha verdadeira sorpresa pra todos, por ser a nosa pintura moi pouco conocida.

¹⁵ Refírese á I Muestra Antolóxica de Pintura Gallega, inaugurada no Círculo das Artes de Lugo en xuño de 1960. Na mesma expuxéronse obras de Castelao, Sotomayor, Bello Piñeiro, Díaz Pardo, Lloréns, Julia Minguillón, Laxeiro, Suárez Couto, Suárez Llanos, Colmeiro, Maside ou Souto, entre outros.

Pra o día 22 celebrárase sesión na Academia Galega pra cubrir a vacante de Cuevillas. Hai dúas candidaturas: a de Fernández del Riego e mais a de Leal Insua. Coido que, como é de toda xusticia, sairá triunfante del Riego.¹⁶ Por certo que iste non quería de ningún xeito que se presentase o seu nome, mais os académicos amigos entenderon que o debían de presentar por ser altamente merecedor desa elección.

Con saúdos moi cordiales pra Anisia reciba unha aperta moi forte do seu bo amigo

Ramón Piñeiro

¹⁶ Finalmente foi Fernández del Riego o elixido na votación da sesión do 22 de maio de 1960. Francisco Leal Insua, que foi académico correspondente, nunca chegou a ser designado numerario.

Compostela, 10-VII-60

Sr. D. Xosé Neira Vilas
B. Aires

Meu querido amigo:

Recibín onte o paquete cos exemplares do seu libro.¹⁷ Algúns xa foron entregados ós seus destinatarios. Os restantes tamén o serán.

Con todo interés, fixen unha primeira lectura do libro. En todo il está a tremer a presenza acesa da terra soñada e tamén a inquedanza e a fe do seu destino. Nos quince poemas atopei un alento de sinceridade humana que lles dá forza comunicativa, que os fai penetrar na intimidade do lector. Resulta unha interesante aportación a esa tan importante froitificación cultural da emigración galega, que cada día se vai arrefecendo máis. Na nosa cultura contemporánea a contribución da Galicia emigrada é sustancial e vigorosa. Vostede, que tanto tiña contribuído xa promovendo e realizando iniciativas de trascendente eficacia, entréganos agora a súa propia creación poética. Nela chéganos, transparente e latexante, todo o caudal de íntimas arelas, de lembranzas ensoñadas, de espranzas afervoadas que arden no ámago do seu corazón. E, por seren compartidas, espertan en nós un eco de irmandade.

Co meu vivo agradecemento polo envío do libro reciba unha forte e cordial aperta do seu amigo certo.

Ramón Piñeiro

¹⁷ Véxase a nota 14.

Compostela, 20-IX-65

Sr. D. Xosé Neira Vilas
Habana

Meu querido amigo:

Recibín o libro de Jan Filip *Celtic Civilization and Its Heritage*¹⁸ que tuvo a xentileza de me enviar. Certamente nono conoecía, así que llo agradezo dobremente, en primeiro lugar polo que ten de prenda amistosa i en segundo por se tratar dunha obra interesante que eu non conoecía, nin creo que eiquí en Galicia se conocera. Interésame moito por ser unha obra recente, como si dixeramos ao día no terreo da investigación, e tamén pola riqueza informativa de primeira man que trae sobre o celtismo na Europa Central. Incluso é moi interesante a colección de láminas que veñen ao final. En fin, un delicado agasallo que de veras lle agradezo.

Oportunamente lin, certamente con gran placer, os seus libros de prosa galega *Memorias dun neno labrego* e mais *Xente no rodicio*. Tanto un como outro, destacan notablemente polo idioma, que é certamente exemplar. Ben se pode decir que vostede é un dos bos coñecedores da nosa língoa, que manexa literariamente con fluidez e coa súa natural espresividade, sin violencias nin artificios.

Saúdos garimosos a Anisia e pra vostede unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

¹⁸ Jan Filip (Chocnějovice, Bohemia, 1900-Praga, 1981) foi un intelectual checo moi destacado no seu país. Estudoso da Arqueoloxía, publicou *Keltská civilizace a její dědictví* en 1960 na Academia das Ciencias de Checoslovaquia, da que entón era vicepresidente. A edición que popularizou o volume foi a aparecida en inglés na colección New Horizons en Praga en 1962 en tradución de Roberta Finlayson Samsour, que foi a que Neira Vilas remitiu a Piñeiro.

Querido Neira Vilas:

Acabo de recibir o traballo de Murguía e mais as dúas separatas filolóxicas de B. E. Vidos,¹⁹ así como o traballo de Agostinho da Silva. Moito lle agradezo a xentileza de me ter enviado istes traballos, tanto polo interés ouxetivo que teñen de seu como polo que siñifican de lembranza cordial.

Nistes días andiveron por eiquí o Rodolfo Prada²⁰ e mais a súa dona. Acompañeinos no seu viaxe arredor de Galicia. O bo do Rodolfo está rufo e animado, a pesar dos seus 74 anos. Nos días do noso viaxe, falamos de moitas cousas. Tamén falamos varias veces de vostede.

Por eiquí imos indo coma sempre. O rexurdir cultural vaise afirmando. Eu son outimista. Hoxe hai bos prosistas e non tardará en agromar unha nova promoción de poetas.

A fines do San Xoán irei aos EE. UU. dar un curso de seis semanas sobre o pensamento de Ortega y Gasset e sobre o ensayo español no século XX. Rematarei a mediados de agosto, pro como tamén me convidaron pra asistir ao VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Harvard-New York 7-12 de setembro), resulta que non voltarei deica mediados de setembro.

¹⁹ Benedek Elemér Vidos (Budapest, Hungría, 1902-Nimega, Países Baixos, 1987), prestixioso romanista e hispanista autor de *Handboek tot de Romaanse Taalkunde* (1956), vertido ao castelán en 1963 pola editorial madrileña Aguilar como *Manual de Lingüística Románica*, obra de cabeceira para moitos filólogos durante lustros.

²⁰ Rodolfo Prada (Os Peares, A Peroxa, 1892-Buenos Aires, 1980) foi figura fundamental do nacionalismo galego na Arxentina. Amigo benquerido de Castelao, tratou non só a Piñeiro, como revela a carta, senón tamén a Neira Vilas, quen o describiu así: “Pequeno de corpo, amable, cordial, firme nos seus principios, sabía que eran tempos de sumar e non de restar e levábase ben con todos os que tivesen como norte a causa de Galicia, o seu pobo e a súa cultura (...) Era conciliador, o que aplacaba tensións. Demostraba a inutilidade das xenreiras estériles. Tendía pontes e unía vontades incluso de país a país e por enriba do mar” (“Así era Rodolfo Prada”, *Xentes e camiños*, Vigo, Xerais, 2005, pp. 23-24).

Compostela aínda conserva ambiente invernizo —iste ano foi moi longo o inverno—, pro xa comenza o sol a anunciar a chegada da primavera.

Lembranzas pra Anisia. Pra vostede unha forte e cordial aperta de

Ramón Piñeiro

A Habana, 9 de xunio do 1966

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Recibín oportunamente a súa carta do 20-IX-65. Alédome que lle resultase de intrés o libro de Jan Filip. Nefeito coido que se trata dun dos traballos máis recentes sobre o tema.

Chegoume tamén, recentemente, a súa do 28 de abril. Alédame o seu viaxe en perspetiva. Sin dúbida o curso sobre Ortega e en torno ó ensaísmo español do pasado século (dous importantes temas) ha de resultar de grande intrés, e que Vde. desenrolará eficazmente. Pra Galiza ten asimesmo gran importancia que Vde. asista ó VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (lémbrome do IV Colóquio en torno ao cal tiña comentado por carta con Agostinho da Silva). Alí estarán seguramente Guerra da Cal, González López²¹ e por suposto Machado da Rosa. Dende que saín de Bs. As. non tiven máis correspondenza con Agostinho nin con Rodrigues Lapa.²² E nada sei destes importantes vencellos nosos co mundo portugués. Non sei se o Instituto da Cultura Galega da Bahia continúa, nin se a publicación del (como separata da revista da dita Universidade) se vén publicando. Machado da Rosa tíñame falado²³ dos proxeitos na Universidade de Wisconsin onde el é profesor, de incruír como tarefa permanente dos cursos de língoa e literatura luso-brasileira todo o relacionado neste aspeito con Galiza. Sabe Vde. se ten esto progresado? Machado da Rosa é home

²¹ Emilio González López (A Coruña, 1903-Nova York, 1991) foi un destacado profesor no ámbito universitario estadounidense, onde exerceu como docente de Historia de Galicia e Historia de España. O convite a Piñeiro para viaxar aos EE. UU. e impartir cursos sobre Ortega y Gasset e o ensaísmo español contemporáneo veu da súa man, pois el era quen dirixía a Escola Española de Middlebury.

²² As misivas conservadas entre Agostinho da Silva e mais o gran filólogo portugués Manuel Rodrigues Lapa (Anadia, Aveiro, 1897-1989) co de Láncaa son, respectivamente, de febreiro de 1960 e novembro de 1959 (cfr. Xosé Neira Vilas, *Cartas de vellos amigos. 1959-1998*, ed. Dolores Vilavedra, Vigo, Galaxia, 2010, pp. 217-218 e mais 525-527).

²³ Así o fai nunha carta que lle enviou con data do 22 de decembro de 1961. Véxase Xosé Neira Vilas, *Cartas de vellos amigos...*, pp. 225-227.

mozo e entusiasta. Hai outros inteleituales brasileiros e portugueses que entenden a nosa posición en canto a integrar esa comunidade cultural, pero outros —teño entendido— resístense a elo; ven as cousas dun xeito esquemático e non comprenden a posición galega. Por eso é moi importante a súa presenza alí. Penso que sería importante prantear que o próximo Congreso se celebre nunha cidade galega (Compostela, por exemplo), pero ínoiro que dificultades de orde “técnico” esto crearía.

Prégolle trasmita os meus saúdos a Machado da Rosa e a González López (trateino en Bs. As. perante o Congreso da Emigración de 1956²⁴ e tiveren dende alí correspondenza coel, incluso me dixo que se tiña ocupado dos poemas meus nunha Enciclopedia ou algo así que estaba preparando, pero non souben máis del. Teimo escribirlle pero non sei se o facelo dende aquí lle traerá a el algunha molestia e por eso aínda nono fixen). E tamén un saúdo cordial a Guerra da Cal a quen non coñezo nin tratei pero que ademiro como poeta e como home de grandes empresas no ámbito da nosa língoa e literatura. Polo Norde andan tamén Otero Espasandín²⁵ e Martínez López,²⁶ pero non sei que tipo de relación poidan ter con estas actividades.

Gostárame ter carta de Vde. cando regrese contándome algo das súas esperencias e do Congreso e do máis novo e importante no mundo galaico-lusitano. Teño a impresión de que algúns escritores galegos non lle asignan moita importancia a estes vencellos. Non sei. Pra min —tal vez porque vexo as cousas dende un plano xeográfico máis amplo— son de enorme trascendencia.

²⁴ Refírese ao I Congreso da Emigración Galega, celebrado en Buenos Aires entre o 24 e o 31 de xullo de 1956. Neira Vilas lembrou o evento en varios textos, poño por caso “Cincuentenario dun congreso”, *Arredor do mundo*, pp. 107-108.

²⁵ Xosé Otero Espasandín (Cerdedo, 1900-Washington, 1987), poeta e ensaísta, exiliouse primeiro a Inglaterra, logo a Buenos Aires e, finalmente, a EE. UU., a onde chegou en 1947 e onde foi lector de castelán na Universidade de Waynesburg (Pennsylvania).

²⁶ Ramón Martínez López (Boiro, 1907-Pontevedra, 1989) foi un destacado intelectual da Galicia de Pregarra que se viu obrigado ao exilio. Chegado a Buenos Aires, comezou a investigar no equipo de Amado Alonso e en 1940 marchou para o Departamento de Linguas Románicas da Universidade de Austin (Texas), onde ficou definitivamente como profesor dende 1959 ata a súa xubilación en 1971, momento no que regresou a Galicia.

De min pouco novo podo decirlle. Fago xornalismo variado, ocupándome con frecuencia de temas galegos, escribo algo pra nenos (contos), talvez infruído por Anisia que si se vén especializando neso, amais de atender o meu trafego diario a cargo dun departamento na Dirección de Colaboración técnica científica do Ministerio de Industrias. E por suposto levo a cabo, sin présa nin acougo, o meu quefacer literario galego, que pode ser bo ou malo (intimamente penso que me queda moito por andar), pero que é o máis serio da miña vida e podería decir, sin risco de caír nun lugar común: a máis forte razón da miña existencia.

E namais. Deséxolle un bo viaxe, grandes éxitos, moitas esperencias, que redundarán en ben da cultura galega como todo o que Vde. dende fai tantos anos vén facendo.

Saúdos de Anisia e unha forte e cordial aperta de

Xosé Neira Vilas

Sr. D. Xosé Neira Vilas
A Habana

Meu querido amigo:

Hai 4 días que cheguei a Compostela de volta do meu viaxe a América.²⁷ Por alá estiven dous meses e medio, pro viñen por Francia, por Madrid e por Lugo, pois tiña que ir á aldea ver a meus pais, que están moi velliños. Nistes tres meses que estiven ausente de Compostela, foron chegando cartas, revistas e libros. Atópome coa súa do 9 de xunio.

A miña permanencia en América comprende tres etapas: a primeira, de 6 semanas, fundamentalmente docente; a segunda, de 3 semanas, que podería chamar turística; a terceira, de unha semana, “coloquial”.

A primeira etapa paseina na Escola Española de Middlebury,²⁸ onde din un curso sobre o pensamento de Ortega e outro sobre o ensaio español contemporáneo. Foi unha esperencia interesante pola intensa convivencia cos profesores e cos alumnos (300 alumnos procedentes dos máis distintos sitios do país).

A segunda etapa paseina sobre todo nos estados de New Jersey e New York, con preferente atención á cidade de New York. Foi igualmente interesante porque conocín e tratei a moita xente, ademais de ver os museos, bibliotecas ou lugares que me interesaban.

A terceira etapa transcurriu en Harvard e mais na Columbia —catro días en cada unha— e resultou sumamente interesante pola cantidade e calidade dos participantes. Había un grupo moi interesante de profesores brasileiros, outro grupo moi interesante de profesores americanos,

²⁷ Unha descrición estesa das viaxes de Piñeiro aos EE. UU. entre 1966 e 1970 pode lerse no capítulo das súas memorias titulado “América”, *Da miña acordanza. Memorias*, ed. Carlos Casares, Vigo, Galaxia, 2002, pp. 167-208.

²⁸ Integrada na Middlebury Language Schools, esta institución botou a andar en 1905 e é toda unha referencia nos estudos de idiomas nos EE. UU. Da súa sección española fíxose cargo Emilio González López entre 1963 e 1970, momento no que convidou a Piñeiro como conferenciante.

un terceiro grupo de portugueses, un grupo cualitativamente moi bo de franceses —presididos por Bataillon—²⁹ e logo individualidades importantes procedentes da Alemaña, Holanda, Italia, Checoslovaquia, etc. Está, si, o Da Cal entre os asistentes, pro non assistiron nin o Machado da Rosa nin o Emilio González nin o Agostinho da Silva. A novidade diste Colóquio foi que houbo unha sesión galega, ou seña que se falou galego en Harvard.³⁰ A novidade foi acollida cordialmente e coido que no sucesivo Galicia estará presente nistes Colóquios (o próximo, dentro de 3 anos, seguramente se celebrará en París). Tamén se acordou oficialmente a constitución de unha Comisión internacional de lingüistas pra o estudo técnico do galego.³¹ A proposta foi feita por Celso Ferreira da Cunha,³² da Univ. de Rio de Janeiro (previo acordo co Da Cal e conmigo). Coido que pra nós resultou moi positivo o Colóquio. Teño que declarar que os de Harvard tiveron especial interés e fixeron todo o necesario pra que o galego estivese presente no Colóquio. Si algún erro cometeron foi o de me escoller a min en lugar de escoller a outro máis idóneo pra representalo.

²⁹ Marcel Bataillon (Dijon, 1895-París, 1977), reputado hispanista francés, foi director primeiro do Institut d'Études Hispaniques da Universidade da Sorbona e logo do Collège de France, institución na que estivo ao fronte da Cátedra de Linguas e Literaturas da Península Ibérica e Latinoamérica. O seu recoñecemento internacional levouno á presidencia da Asociación Internacional de Hispanistas entre 1965 e 1968, cargo que ostentaba cando se celebrou o VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros.

³⁰ Refírese ao seu relatorio “Galician in Luso-Brazilian Studies”, en Raymond S. Sayers (ed.), *Portugal and Brazil in Transition: VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Harvard/Columbia) 1966*, Minneapolis, University of Minnesota Press, 1968, pp. 47-50. Esta conferencia, xa en galego, publicouna como “Galicia nos estudos luso-brasileiros”, *Grial*, 18, 1967, pp. 457-459 e logo incluíuna en *Olladas no futuro*, Vigo, Galaxia, 1974, pp. 184-188.

³¹ A comisión designada ao efecto dirixiuna o prestixioso lingüista alemán Joseph Piel. Unha crónica do evento pode lerse en “O galego no VI Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros”, *Grial*, 14, 1966, p. 511.

³² Celso Ferreira da Cunha (Teófilo Otoni, Minas Xerais, 1917-Río de Xaneiro, 1989) foi un destacado filólogo brasileiro ao que se deben numerosos estudos sobre a lírica trobadoresca. Foi director da Biblioteca Nacional do Brasil (1956-1959) e, dende 1957 ata case a fin dos seus días, catedrático de Língua Portuguesa na Facultade de Letras da Universidade Federal do Río de Xaneiro.

Das miñas impresiós do país pódolle decir que son boas, ben entendido que non me propuxen conocer os EE. UU. como conxunto senón unha parte pequena da súa xeografía (Vermont, New York, New Jersey, Connecticut e Massachusetts foron os estados que percorrín) e un sector da súa sociedade, o sector universitario. Quixen cinguirme a aquilo que por razón de tempo e de facilidades podía eu caletterar mellor. Convivín con moitos profesores e con moitos estudantes universitarios de distintas universidades e tuven moi boas ocasións de falar e discutir con uns i outros. Non escamoteamos ningún problema: os propios EE. UU., España, Cuba, De Gaulle, Europa, o Vietnam, etc., etc. eran, entre outros, temas frecuentes de diálogo. A verdade é que nistes prolongados contaitos cos universitarios saquei unha excelente impresión. De outras zonas do país non teño esperencia directa e dos outros sectores da sociedade non teño máis que unha visión superficial que non me autoriza a opinar con responsabilidade. Naturalmente que vin negros e vin obreiros e granxas gandeiras no campo e vivín algúns días entre os bohemios melenudos do Greenwich Village e deambulei repetidas veces e de vagar pola zona alta de Manhattan onde vive un millón de hispano-parlantes, anduven por Harlem etc., etc. Con todo, o contacto con estas realidades foi sobre todo visual, mentres que cos medios universitarios tuven un contacto íntimo e fondo.

Das preguntas que me fai tocante a persoas pódolle responder case todas. Agostinho da Silva xa non está en Bahia senón en Brasília. Como é un idealista exaltado, case un místico, móvese mellor no terreo das grandes ideas que no do menudo, prosaico e cotián labourar das realizacións. Machado da Rosa é, en cambio, un home que equilibra moi ben o seu xeneroso entusiasmo co asinado realismo e mantén moi vivo o seu entusiasmo galego (il foi, en realidade, o verdadeiro promotor da miña presenza en Harvard); mais xa non está en Wisconsin, senón que agora está en California. González López sigue, como sempre, en New York, onde goza de gran estimanza; é aitalmente xefe do Departamento de Linguas Romances do Hunter College; ten unha afervoadada paixón galega e traballa moito na súa interesante *Historia de Galicia*, da que xa ten escritos catro tomos.³³ Convivín intimamente con il durante as 6 semanas de Middlebury

³³ Con este título acabou publicando en 1980 unha voluminosa obra de case mil páxinas na colección Biblioteca Gallega do xornal *La Voz de Galicia*.

(quizais sexa prudente esa inhibición epistolar que vostede menciona, en verdade nono sei) e tuven boa ocasión de comprobar e calibrar a súa emoción e preparación galega. Martínez López sigue en Austin (Texas), inda que agora anda por eiquí e pensa pasar un ano por España —o famoso ano sabático—. E, finalmente, o Otero Espasandín non sei onde está nin o que fai. De cantos profesores galegos hai en América, e hai bastantes, o único que está en condicións de propulsar a presenza galega no mundo luso-brasileiro é o Da Cal. Dos non galegos, o máis interesante i entusiasta é o Machado da Rosa.

Xa vexo que prosigue con alento a súa obra literaria, cousa que me alegra. No número 13 do *Grial*, que sal nistes días, incluimos catro contos seus (“O faiado”, “Home e gato”, “O can doente”, “O corgo”), escritos nise idioma vivo, palpitante e verdadeiro que vostede tan ben domina.³⁴

Con saúdos moi cordiais pra Anisia, reciba unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

³⁴ Xosé Neira Vilas, “Catro contos”, *Grial*, 13, 1966, pp. 334-340. Estes relatos pasaron logo formar parte de *A muller de ferro*, Vigo, Galaxia, 1969.



Ramón Piñeiro en Middlebury, anos 60

A Habana, 6 de xaneiro do 1967

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Chegoume fai algún tempo a súa carta, tan rica de contido, tan alentadora.

Primeiro porque estiven de viaxe e logo por unhas charlas que tiven que dictar no Ministerio de Industrias onde traballo, sobre algús Orgaísmos Internacionales de carácter técnico, vencellados coa industria, o caso é que romatei o ano 66 cunha aitividade moi intensa, que me levou a postergar a correspondenza cos amigos. De novo co ritmo normal, ou cuase normal, quero palicar un chisco con Vde.

Diante de nada agradézolle fondamente toda a información que me dá, posterior ó seu importante viaxe. Información moi valiosa pra min que ardo por estar ó día con todo o decorrer e trascender da nosa cultura e dos problemas en xeral do noso país. Prácame moito que tivese Vde. a oportunidade dese periplo. Tíñao vostede ben merecido e merece Galicia o que del terá de derivarse (penso na presenza da nosa cultura e do noso idioma en Harvard, polo rango do evento reaizado; na creación da Comisión que Vdes. propuxeron, por boca de Ferreira da Cunha; nas esperencias outidas; nos contaitos, de cote valiosos neste tipo de conferencias etc., etc.). Esperencia boa pra vostede sería tamén sin dúbida o curso en Middlebury. Teño noticia das inquedanzas de moitos intelectuaes norteamericanos, sobor de todo no ámbito universitario, arredor dos problemas do mundo e en particular do mundo dos nosos días.

Agradézolle tamén as novas que me dá dos nosos compatriotas que viven no Norde. En González López teño moita confianza. Alédame saber que sigue adiante coa *Historia*. A súa seriedade, o seu rigor, o seu fervor galeguista levarano sin dúbida a traballos de máis transcendencia, se cabe. En canto a Guerra da Cal, aparte a súa obra lírica, sei, por Machado da Rosa, que “é un home de gran influencia nos meios universitarios dos Estados Unidos”. E poderá sin dúbida facer moito pola expansión da nosa cultura

naquel país, amais de infruír pra que a Conferência luso-brasileira se interese cada vez máis por incruír a Galicia na comunidade da língoa.

Vai adequerindo cada día máis corpo no mundo o noso renacemento cultural; Galicia ten cada vez máis vixencia. Cómpre atender todo o que nese orde trascenda as nosas fronteiras (sin descoidar o noso labor interno, craro, pois senón nada podemos levar fóra). Teñen papel decisivo feitos como o Colóquio de Harvard e as súas derivaciós. Hoxe que a historia avanta a gran velocidade, se así pode decirse, os galegos que loitamos polo desenrolo da nosa cultura e polos problemas en xeral do noso povo, temos que prestar atención tamén ó futuro e levar adiante as “grandes empresas” que sea necesario e doado levar. Debemos soñar e traballar. Traballar pensando que a cultura galega rebasou o campo de “aficionados”. Non lle parece? Este é un tema moi longo, imposíbel de tratar nunha carta, naturalmente.

Eu sigo a escribir. Fago, esporadicamente, xornalismo local e, sin présa, traballo nunha colección de contos do tipo dos aparecidos en *Grial*, comenzada fai perto de dous anos. Mandareille *Islas* onde aparece a tradución de poemas de Novoneyra.³⁵

Namais. Saúdos de Anisia. Reciba unha fraterna aperta

Neira Vilas

³⁵ A revista *Islas* era o voceiro da Universidade Central de Las Villas, Santa Clara, Cuba. O primeiro número publicouse en setembro-decembro de 1961 e nel xa aparecía como responsable da mesma o escritor e pintor de ascendencia galega Samuel Feijóo (Jorobada, Villa Clara, 1914-A Habana, 1992). Cabeceira moi considerada, nela reproducíronse textos de Rafael Alberti, Juan Ramón Jiménez ou José Lezama Lima, entre outros. Tamén o traballo de Neira Vilas, “La poesía de Novoneyra”, *Islas*, 3, outubro-decembro de 1965, onde se insiren vinte e un poemas do courelao traducidos polo de Gres e acompañados de ilustracións de René Portocarrero.

Sr. D. Xosé Neira Vilas
La Habana

Meu querido amigo:

Recibín dúas cartas súas, unha do 6 de xaneiro i outra do 11 de febreiro, así como o exemplar que me enviou do libro *Perfil de Cuba*.³⁶ Non recibín, en cambio, *Islas*, do que me fala nas dúas cartas, na primeira pra me anunciar o envío e na segunda dándoo como enviado. Supoño que chegará, inda que tarde máis ou menos.

Vexo que reparou vostede na forma “epistolar” dos ensaios que de tarde en tarde publico. Trátase dunha forma intencionada, porque parto do suposto —sin duda ben certo— de que o ambiente cultural galego é fundamentalmente familiar, poisque todos nos conocemos i eso permítenos un ton espresivo bastante humanizado e dialogante. Coido que, hoxe por hoxe, a verdadeira forma galega do ensaio pódese acadar nesa forma epistolar.

Das cousas de por eiquí figúrome que estará informado polos xornás e polos amigos. O renacemento cultural vai sendo firme e fondo, con claras promesas de futuro. Coido que o podemos considerar irreversible no seu desenrolo. O interés polo noso idioma nunca acadara tanta amplitude como agora. O cultivo literario do galego, tampouco. Naturalmente, o que vostede di tocante á necesidade de poñer en comunicación co mundo a nosa realidade cultural, non só en canto apertura receptiva senón en canto presenza aitiva, é moi certo. Temos plena conciencia desa necesidade. Penso que entre todos poderemos dar pasos moi importantes nesa roita.

Dentro de poucos días sairá o número 15 de *Grial*, que por certo cumpre bastante ben a misión de levar a presenza cultural galega polo mundo adiante, porque cada vez recibimos máis testemuñas de alento dos sitios máis dispares. Tamén temos na imprenta os tomos I e II dunha colección

³⁶ Trátase dunha monografía preparada polo persoal do Ministerio de Relacións Exteriores do goberno cubano que se publicou na Habana en 1964. Neste amplo catálogo de máis de trescentas páxinas abórdanse diversas cuestións relacionadas con aquel país: Xeografía, Historia, Economía, Agricultura, Industria, Educación, Saúde Pública, Transportes e Comunicacions, Vivenda, Deportes e Lecer, Turismo, Vida Cultural etc.

de documentos galegos das terras de Ourense correspondentes ós séculos XIII, XIV, XV e XVI (o primeiro de documentos monásticos i o segundo de documentos municipais) que serán unha importante contribución á nosa bibliografía filolóxica.³⁷ Na colección Illa Nova sairá axiña un tomo de narracións de Carlos Casares.³⁸ En fin, que seguimos incrementando o patrimonio.

Tamén andan ás voltas pra crear unha nova editorial eiquí en Compostela. Agardo que a leven adiante e alegreime de saber que a pensan iniciar coas súas *Memorias dun neno labrego*.³⁹

Unha forte e cordial aperta do seu amigo certo

Ramón Piñeiro

Saúdos a Anisia.

3–III–67

Xa tiña esta carta fechada pra levar ó correo e chegoume o seu *Inquedo latexar*. Mándolle a carta o mesmo e xa lle escribirei de novo cando lea os poemas. Fareino con gusto.

Apertas

³⁷ Está a falar de Xesús Ferro Couselo, *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*, Vigo, Galaxia, 1967.

³⁸ Refírese á obra de Carlos Casares, *Vento ferido*, Vigo, Galaxia, 1967, que saíu como décimo primeira entrega da colección Illa Nova.

³⁹ Piñeiro alude á nonnata Editorial Rúa Nova, que quixo botar a andar o entón universitario Arturo Reguera (*vid.* Ramón Piñeiro e Basilio Losada, *Do sentimento á conciencia de Galicia. Correspondencia (1961-1984)*, eds. María Xesús Lama e Helena González, Vigo, Galaxia, 2009, p. 571). Finalmente, esta primeira edición galega do libro —a segunda no cómputo total das moitas feitas desta popularísima obra— publicouna Edicións do Castro poucos meses despois, en 1968. Xesús Alonso Montero, prologuista daquela edición, recordouno así: “Vai ser en 1968 cando Isaac Díaz Pardo e mais eu acordamos publica-la segunda edición, non sen un certo temor á Censura. O meu prólogo para esa edición, a primeira feita en Galicia, data de abril dese ano, e por esas datas Díaz Pardo xa debuxara a tapa e as catro ilustracións que enriquecen o libro. Edicións do Castro publicou a esperada noveliña «o 17 de maio de 1968, Día das Letras Galegas, adicado iste ano ó Arqueólogo Florentino L. Cuevillas...»”. (“Proemio á vixésima edición”, *Memorias dun neno labrego*, Vigo, Galaxia, 2010, p. 16).

Meu querido Neira Vilas:

Despois de lle ter escrito a derradeira carta recibín o tomo *Islas* adicado ó artista René Portocarrero,⁴⁰ no que a presenza galega está a cárrego de Neira Vilas-Novoneira. Sin dúbida, un bo binomio. O tomo é fermoso, abofé.

Tamén recibín o texto do seu libro de versos *Inquedo latexar*, que lin con gosto, craro está. No meu sentir, o mellor do libro é a nota de vaguedade nostálxica que aparece e reaparece, teimosa, nuns e noutros poemas.

Dentro de uns días celebraremos o Día das Letras Galegas. Iste ano está adicado a Curros.

Supoño que non tardará en saír a reedición do seu *Memorias dun neno labrego*. Nistes tempos de atrás andaban a voltas con eso.

Iste vran irei de novo ós EE. UU., nesta ocasión a dar un curso sobre o pensamento de Unamuno.

Nós seguimos co noso esforzo cultural, que se mantén en plena vitalidade. Nise orde de cousas coido que non van mal as cousas.

Unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁴⁰ René Portocarrero (A Habana, 1912-1985), un dos máis destacados pintores cubanos do pasado século, quen daquela acababa de expoñer na Bienal de Venecia e, nese mesmo ano, recibiu a homenaxe do Museo Nacional de Belas Artes da Habana nunha retrospectiva na que se expuxeron máis de tres centos de obras súas.

Sr. D. Xosé Neira Vilas
La Habana

Benquerido amigo:

Hai dous días que chegamos de novo a Compostela de volta do segundo viaxe aos EE. UU, repetindo a experiencia docente do vran pasado. Pasamos seis semanas en Vermont e dúas entre New York e New Jersey. De volta paramos uns días en Inglaterra.

Entre a correspondencia que foi chegando durante esta ausencia estival figuran varios paquetes de libros que vostede tivo a xentileza de me enviar: o *Encuentro con Rubén Darío*, *La poesía afrocubana de Nicolás Guillén*, *El proceso* de Franz Kafka, *Monólogo interior del Ulises* de James Joyce e anteriormente o libro de Ezequiel Martínez Estrada.⁴¹ Xa vexo que a aitividade editorial é moi intensa e notablemente escoilleita ahí en Cuba. Agradézolle moi sinceramente tan valioso agasallo.

Polo de agora aínda non tiven tempo de falar con ninguén —agás coa familia— e non sei como andan por eiquí as cousas. Por alá por América non había novidades de importancia. Todo estaba máis ou menos como o ano pasado. O Emilio inicia agora unha nova responsabilidade académica: a dirección dos doutoramentos en español de tódolos Colleges da New York University. Responsabilidade paralela a esta, en relación cos doutoramentos en portugués, foille encomendada ao Guerra Da Cal. Resulta curioso que señan dous galegos os escollidos pra esta función de tanta responsabilidade.

De B. Aires non teño moitas noticias nos derradeiros meses. Figúrome que vostede xa estará enteirado da evolución que alí se produciu.

⁴¹ AA. VV., *Casa de las Américas: Encuentro con Rubén Darío*, 42, maio-xuño de 1967; Ezequiel Martínez Estrada, *La poesía afrocubana de Nicolás Guillén*, A Habana, Ediciones Unión, 1967; Franz Kafka, *El proceso*, prólogo de Adolfo Sánchez Vázquez e anexo de Helmut Richter, A Habana, Instituto del Libro, 1967; James Joyce, *Monólogo interior del Ulises*, A Habana, Instituto del Libro, 1967; Ezequiel Martínez Estrada, *Martí: el héroe y su acción revolucionaria*, A Habana, Siglo XXI, 1966.

Iste ano, o Centro Galego levou ao xeneral Lobo Montero⁴² e mais ao Álvaro Cunqueiro pra celebrar o Día de Galicia.

Non sei si sabe que o Sebastián González⁴³ morreu eiquí en Galicia a pouco de chegar de Porto Rico. Tamén morreu o Plácido Castro.

Anda por Galicia o Luis Seoane, pro eu inda non o vin. Pasou o inverno por Madrid. Coido que volta a B. Aires dentro de pouco. O Dieste, como sabe, vive eiquí en Galicia. Recentemente foi elixido membro da Real Academia Galega.

Si precisa ou lle interesa calquera libro de por eiquí non deixe de mo decir e mándollo.

Co meu agradecemento reciba unha forte e cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁴² Constantino Lobo Montero (Ferrol, 1916-Madrid, 1993), militar moi próximo ao Pardo que foi, durante moitos anos, presidente do Centro Galego de Madrid e chegou a correspondente da Real Academia Galega. O convite a este xeneral e mais a Cunqueiro veu da man do presidente do Centro Galego de Buenos Aires, Ramón Mourente, conservador afecto ao Réxime que daquela levaba no cargo só uns meses.

⁴³ Sebastián González García-Paz (Pontevedra, 1908-1967), historiador e arqueólogo, pertenceu ás Irmandades da Fala, ao Partido Galeguista, ao Seminario de Estudos Galegos e á Real Academia Galega como correspondente. Coa Guerra tivo que exiliarse a Puerto Rico, onde foi decano da Universidade de Puerto Rico. Non regresou do exilio ata pouco antes do seu pasamento, acaecido aquel 5 de agosto.

A Habana, 27 de febreiro do 1968

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago de Compostela

Meu querido amigo:

Estou en débeda con Vde. Teño aínda sin respotar a súa atenta do 4 de setembro. Disimule este involuntario silencio. É que un decote anda desbordado. Dempois desa, chegoume —fai unhas semanas, por vía aérea— *A lingoaxe i as lingoas*, que lle agradezo moi sinceramente.

Felicitoo polo seu sobradamente merescido ingreso na Academia. O seu discurso é unha peza de gran valor.⁴⁴ Intresoume vivamente (quero dicir: intrésame). Fai nel pranteamentos pra min enteiramente novos e por demais convincentes. Por exemplo o de que a palabra libera o home da súa dependencia sensorial coa realidade. E a teoría, chamémoslle así, dos “prexuícios”, apricada ó noso idioma e ó povo galego que o fala. O sociolóxico é unha realidade tremenda. Dacordo coa urxencia de esforzos que vostede sinala. Ese sentimento colectivo de inferioridade. Esa falla de sentimento da propia diñidade é unha das cousas máis doorosas neste orde. É unha eiva que nos limita, que nos balda pra empresas colectivas de mañitude que os tempos esixen. Eso non somente se ve en Galicia senón na emigración, onde esta tara leva a “tratar de ser outros”, sin logralo, ou a aitudes do máis reprobábel individualismo. Menos grave é o prexuício lingüístico, penso eu. Teño ouservado que algúns —moitos— galegos (sobor de todo emigrantes) poñen axiña por diante aquilo de que en cada comarca, en cada provincia etc. se fala dun xeito distinto. Pra refutar, o argumento

⁴⁴ Piñeiro fora proposto formalmente na sesión do 7 de xullo de 1963 por Otero Pedrayo, Carballo Calero e Xulio Rodríguez Yordi para ocupar a vacante xerada polo pasamento de Manuel Banet Fontenla. Informaron favorablemente da proposta Antón Fraguas, Fernández del Riego e Otero Pedrayo. O vinte e nove de decembro dese mesmo ano foi elixido académico por unanimidade. Secasí, o seu discurso de ingreso non o lería ata o 25 de novembro de 1967. Versou sobre *A lingoaxe i as lingoas* e deulle resposta Domingo García-Sabell. O discurso foi publicado daquela por Galaxia, reeditouno o Consello da Cultura Galega en 1994, novamente Galaxia na súa Biblioteca Ramón Piñeiro no 2007 e está accesible no seguinte enlace do web da Real Academia Galega:
<http://academia.gal/documents/10157/388797/Discurso+RPL.pdf?version=1.0>

de sempre: que tamén no ámbito do castelán eisen tales diferencias. Ás veces custa convencer. Ténome atopado con situacións onde me tocou discutir problemas serios, de traballo, por exemplo, con galegos (xeralmente de baixa instrución, craro) e ó utilizar eu o noso idioma vendo que eran paisanos, alitábanse, coma se quedasen en descuberto de algo noxento; coma se tales problemas non tivesen a seriedade requirida se deixaban de discutirse en castelán (castelán que apenas falaban). Este aspecto é un dos máis intresantes porque leva aparelado o problema social, como vostede atinadamente sinala. Tamén o “prexuício ideolóxico” ten moita importancia. Dadas certas teorías “uniformistas” e certos universalismos mal entendidos, é doado, sobre todo pra os que teñen prexuícios sociais e lingüísticos, caír tamén (ou, mellor aínda, fuxir) no prexuício ideolóxico.

Moito máis podería comentar sobre o intrés deste discurso (e sempre quedaría curto) de grande aitualidade e de forza e argumentación incuestionábeles. Penso traducilo e pubricalo na revista do Instituto de Literatura e Lingüística de Cuba. Estiveno lendo, anque non enteiro, con Francisco Mota⁴⁵ (un español da xeneración de Cela, que traballa aquí) e tamén lle intresou moito. El traballa no dito Instituto.

Moi sentida a recepción de García-Sabell; moi sinceiro e cordial o seu discurso, cuos conceptos comparto, anque nono conozo a Vde. persoalmente. Sei da súa obra, do seu quefacer enteiramente adicado a Galicia.

É intresante a nova que me dá dos novos cárgos e novas responsabilidades de Da Cal e G. López. Certamente, resulta esto curioso por tratarse de dous galegos.

⁴⁵ Francisco Martínez Mota (Málaga, 1914-A Habana, 1984) foi un ensaísta e xornalista republicano que, ao rematar a Guerra, foi represaliado e sufriu presidio durante un lustro. Unha vez excarcerado, reiniciou a súa vida como investigador literario e periodista. En decembro de 1951, enviado polo Instituto de Cultura Hispánica a Cuba para documentarse e escribir un libro sobre a illa, aproveitou para ficar nela. Identificado co proceso revolucionario iniciado en 1959, pronto adquiriu cargos de relevo no organigrama cultural cubano e ingresou no Instituto de Literatura e Lingüística en 1966. Esta institución publicoulle, xustamente en 1968, *La lingüística en Cuba (1868-1968). Ensayo histórico y bibliográfico*. Neira Vilas lembrou este seu amigo en “Francisco Mota”, *Días de Cuba*, Vigo, Galaxia, 2014, pp. 156-159.

A “evolución” do C. Galego de Bs. Aires, máis ben foi ó rovés. Cando saín dalí, no 1961, non pensei que se chegasen a poñer as cousas tan tortas, non soio no Centro senón noutras entidades. Doime porque Bs. As. sigue sendo o baluarte máis firme prá cultura galega fóra de Galicia. Teño poucas noticias dalá, pero as que veñen non son precisamente alentadoras. Certo que tamén ten que ver, de certa maneira, a crise que atravesa aquel país, crise de todo orde, incluso moral.

Cada vez que apareza algún libro que coido de intrínseco pra Vde. mándollo. Prácome moito facelo. E alédome de que lle gosten. Os derradeiros que lembro ter posto no correo: *El gran zoo*, de Guillén; *Maravillas de Boloña* e coido que algúns outros.⁴⁶

E polo doxe namais. Reciba unha tensa aperta de seu sempre amigo

Xosé Neira Vilas

⁴⁶ Nicolás Guillén, *El gran zoo*, Buenos Aires, Editorial Quetzal, 1967; Eliseo Diego, *Muestrario del mundo o libro de las maravillas de Boloña*, A Habana, Instituto del Libro, 1968.

Compostela, 18-XI-68

Benquerido Neira Vilas:

De vez en cando chegan os seus envíos de revistas e libros. Recentemente chegou o cuaderno editado por RC sobre o estruturalismo.⁴⁷

Agradézolle moi sinceramente a súa xentileza de se preocupar dises envíos. Por favor, si algunha cousa deiquí quixer, non deixe de mo decir pra lle mandar.

Figúrome que, dun xeito ou doutro, estará ó tanto das nosas cousas. Eu confío moito no futuro.

Con saúdos cordiais pra Anisia, unha forte aperta pra vostede do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁴⁷ AA. VV., *Revolución y Cultura*, 13, setembro de 1968. A revista naceu ao abeiro do Consejo Nacional de Cultura de Cuba. Chamouse primeiro *Pueblo y Cultura* (novembro de 1961-xaneiro de 1965), logo *Cuba. Revolution etland Culture* (agosto de 1965-1967) e, a partir de outubro de 1967 e ata hoxe, *Revolución y Cultura*. Nos comezos desta última etapa o seu director foi Lisandro Otero (A Habana, 1932-2008), vicepresidente do CNC dende 1966.

Benquerido Neira Vilas:

Enviáronme de Mallorca o seu *Bágoas e outros poemas*.⁴⁸ Agradézollo moito, como lle agradezo a súa constante xentileza de me enviar libros.

Que teñan un feliz Nadal, un ledó aninovo e moitas venturanzas no 69.

Apertas pra os dous

Ramón Piñeiro

Compostela, Nadal 68


Teño no meu poder o orixinal de *A muller de ferro*. Tardaremos algún tempo en publicala por razón do programa editorial. Agora temos preparados pra sacar varios libros de economía galega pra lles facilitar material de orientación ós estudantes da nosa Facultade de Ciencias Económicas.⁴⁹

De tódolos xeitos, coido que no 69 sairá. Xa o informaremos dentro de algún tempo.

P.

⁴⁸ Separata de *Papeles de Son Armadans*, 150, setembro de 1968. *Bágoas e outros poemas* son dez composicións publicadas por Neira Vilas nese número da revista que dirixía en Mallorca o padronés Camilo José Cela.

⁴⁹ Refírese ao volume colectivo *Introducción á economía galega de hoxe*, Vigo, Galaxia, 1969.



Postal natalicia enviada por Ramón Piñeiro a Xosé Neira Vilas en 1968

Habana, 16 de xaneiro do 1969

A Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Tíñame chegado a súa do 18-11-68. Agora recibo a fermosa postal de Aninovo. Gracias por todo; polos seus agoiros, pra min e pra Anisia, que retribuímos moi cordialmente desexándolle saúde e ventura no novíño 1969.

Prácame que lle vaian chegando os meus envíos e que acerte na escolla que a Vde. lle intresa. Lembro terlle remesado recentemente: *Prosas* de Juan Montalvo, *Antología de Roberto Arlt*, *Otra vuelta de tuerca* (H. James), *Crónica del alba* (R. Sender), *Existencialismo y alienación en la literatura norteamericana* (S. Finkelstein).⁵⁰ Están a pique de saír outros que lle mandarei nin ben aparezan.

É por demais intresante a edición deses materiais de orde económico a que alude (que publicará Galaxia) pra facilitar ós estudantes de Económicas. É básico que conozan os problemas económicos do país, pra que non aconteza o que tempo atrás, noutro terreo, cando Castela caricaturizaba: “poden saír da Universidade galega cun tíduo baixo do brazo e sin saber quen foi Rosalía Castro”. Vese que cada vez máis os mozos de Galicia van tomando concencia, nos máis diversos ordes, é decir, concencia plea, integral, da nosa problemática. Eu digo con Vde.: “confío moito no futuro”. Todo é moi alentador. Percíbese día a día esta dinámica, este rexurdir masivo.

⁵⁰ Juan Montalvo, *Prosas*, A Habana, Casa de las Américas, 1968; Roberto Arlt, *Antología de Roberto Arlt*, prólogo de David Viñas, A Habana, Casa de las Américas, 1967; Henry James, *Otra vuelta de tuerca*, Instituto del Libro, A Habana, 1968; Ramón J. Sender, *Crónica del alba*, A Habana, Instituto del Libro, 1968; Sidney Finkelstein, *Existencialismo y alienación en la literatura norteamericana*, A Habana, Instituto del Libro, 1968.

Que lle pareceu dos contos de *A muller de ferro*? Tíñallo mandado, como sabe, ó noso amigo Del Riego, con 15 dibuxos de Posada,⁵¹ moi axeitados ós respectivos temas. (Dempois do envío indiqueille as seguintes adicatorias: A obra: A Emilia e Xesús Alonso Montero / “Marcha”, A Arturo Reguera / “O señor Manuel”, A X. L. Méndez Ferrín / “A casa engruñada”, A Saleta e Manuel María / “O Corgo” A Basilio Losada Castro / “Valentín e o coto”, A Annalisa e Raimon, e “O home dos ferranchos”, A Laxeiro. Repítollos aquí pra maor seguranza pois como non teño carta de Del Riego fai algún tempo non sei se lle chegou a miña). Quixera, de ser posíbel, ver publicado axiña este libríño. E parece que así vai ser polo que Vde. di. Ben comprendo as limitacións de imprenta, etc. De todos xeitos xa andamos a “roer” no 1969...

Pubricouse aquí a noticia de que Cunqueiro ganou o premio Nadal.⁵² Tiven noticia da festa da canción nova galega que se fixo en Compostela.⁵³ Véñense editando cada vez mellores obras —formidable *A*

⁵¹ José Luis Posada (Villaviciosa, Asturias, 1929-San Antonio de los Baños, 2002). Con só once anos, cruzou os Pireneos coa súa familia fuxindo da barbarie fascista e, dende Francia, chegou a Cuba, onde se converteu nun pintor de renome. Amais de *A muller de ferro*, ilustrou tamén as dúas edicións cubanas de *Memorias dun neno labrego* que prologou José Antonio Portuondo.

⁵² Álvaro Cunqueiro gañou o Premio Nadal con *Un hombre que se parecía a Orestes*. A declaración de gañador produciuse a noite do 6 de xaneiro de 1969, no marco dunha cea celebrada no Hotel Ritz de Barcelona. A novela do escritor mindoniense impúxose a outros cento sesenta orixinais para obter este galardón instituído pola revista *Destino* que, aquel ano, chegaba ás súas vodas de prata.

⁵³ A Neira Vilas relatáralle o evento o seu amigo Manuel María nunha carta de setembro de 1969: “A presentación da Nova Canción Galega fíxose dun xeito solemne, no Cine Capitol, de Santiago de Compostela, o día 1 de Nadal de 1968, ás once da mañá. O acto foi presentado polo que esto escribe cunhas palabras sobre quenes eran os compoñentes da Nova Canción Galega i o que esta siñificaba. Os pintores que compoñen a Estampa Popular Galega fixeron un cartel anunciador do acto. O teatro estaba abarrotado. A este acto concorriron xentes de toda Galicia. Ó remate do recital, no hall do teatro, vendéronse os primeiros discos da Nova Canción Galega. Os cantantes que actuaron foron Xavier, Benedicto, Xerardo Moscoso, Miro, Vicente e Guillermo” (No cd de Suso Vaamonde, *Noticia da Nova Canción Galega (1967-1974)*, Vigo, Chorima, 1996). Sobre o mesmo asunto tamén versa o artigo de Neira Vilas, “Novas voces”, *Lóstregos*, Vigo, Xerais, 2009, pp. 39-40.

*fala dos devanceiros...*⁵⁴ Non me acaba de gostar *Viaje al país gallego*.⁵⁵ Moi intresantes as narraciós de C. Casares (souben que ganou un premio de literatura infantil. Boa noticia a de tales concursos)—.⁵⁶ Dime Basilio que en Barcelona acada cada vez máis intrés o “Seminario” e que os estudantes catalás achéganse con degaro ó tema de Galicia. As tesis en galego (informoume da primeira delas C. Calero)⁵⁷ son outro chanzo notable no quefacer cultural galego. Francamente é pra confiar no mañán do noso país.

E namais. Reciba unha cordial e forte aperta do seu sempre amigo

X. Neira Vilas

⁵⁴ Vid. nota 37.

⁵⁵ Armando López Salinas e Javier Alfaya, *Viaje al país gallego*, Madrid, Península, 1967.

⁵⁶ Refírese aos cinco relatos de *A galiña azul*, Vigo, Galaxia, 1968, cos que Carlos Casares gañara aquel mesmo ano o I Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho.

⁵⁷ Alude á tese de licenciatura sobre a Nova Narrativa Galega defendida en 1968 na Universidade de Santiago por María Camiño Noia Campos. (Véxase a carta seguinte).

Habana, 28 xaneiro 1969

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Coa presente vai a novela *Cien años de soledad*, de G. García Márquez. Penso que ha de intresarlle. Ou xa a coñece?

Escribinlle fai pouco. Supoño no seu poder a miña carta.

Quérolle pedir un favor: que me diga o enderezo de María do Camiño Noia Campos, a licenciada que presentou a tese sobre “nova narrativa galega”. Moitas gracias.

E namais. Reciba unha cordial e tensa aperta de seu

X. Neira Vilas

Habana, 5-3-69

A Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Mándolle o programa da derradeira exposición de Posada, o dibuxante asturiano que ilustrou o meu libro *A muller de ferro*. Esta mostra, inspirada no libro de García Márquez *Cien años de soledad*, é formidábel.⁵⁸

E namais.

Unha aperta de

X. Neira Vilas

⁵⁸ Refírese á exposición “*Cien años de soledad* de Márquez y Posada”, que puido verse a finais de 1968 no Centro Internacional de Arte da Habana e que amosou cento trinta debuxos realizados polo pintor asturiano a partir da lectura da novela.

Querido amigo Neira:

Recibín o libro *Cien años de soledad* e maila nota nil incluída. Como nela me pide as señas da M^a Camino Noya, autora dunha tesina sobre a nova narrativa galega na que figura un capítulo adicado á súa obra, mándollas: Fonseca, 2 – Santiago de Compostela. Agora traballa na tese de doutoramento, sobre os problemas do bilingüismo escolar.

Das novidades de por eiquí xa o supoño ben informado. Dun xeito ou doutro, os acontecementos atinguen a todos. Unha das modificacións máis patentes é a relativa ós criterios relacionados coas publicacións, tanto as de xornais e revistas como as de libros. E, naturalmente, os plans das editorías terán que se axeitar ás novas circunstancias por razóns obvias. Dígollo porque non podemos deixar de as ter en conta en relación con algunhas obras que estaban no noso programa, entre elas o seu libro de contos ou, máis ben, fábulas alegóricas. Sobre todo coas novidades adicatorias que lles quere engadir.

Sei que saíu outro libro seu en Montevideo.⁵⁹ Polo que semella, o clima antillán resúltalle estimulante. Alégrome.

Nistes días saíron os *Cincuenta homes por dez réas* de Castelao e unha noveliña do Carlos Casares.⁶⁰

Outra novidade é que o Borobó acaba de sacar en Madrid unha revista titulada *Chan* con miras a que sexa unha revista pra o gran público galego.⁶¹

Saúdos moi cordiás a Anisia. Pra vostede unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁵⁹ O libro é *Historias de emigrantes*, Montevideo, Ediciones del Patronato da Cultura Galega, 1968. (Véxase a carta seguinte).

⁶⁰ Carlos Casares, *Cambio en tres*, Vigo, Galaxia, 1969.

⁶¹ O primeiro número da revista *Chan* veu a luz en Madrid o 22 de febreiro de 1969. A derradeira entrega, que facía o número trinta e tres, saíu en setembro de 1970. Subtitulada “La revista de los gallegos” e dirixida por Raimundo García Domínguez ‘Borobó’, acolleu textos tanto en galego coma castelán, pero sempre con Galicia e a súa realidade como foco.

Habana, 26 de marzo do 1969

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Escribinlle fai algunhas semáns. Dempois desa mandeille por avión un exemplar da edición cubana de *Cien años de soledad*, de G. García Márquez, estupenda novela, que talvez conecese xa. Coese envío ía unha breve nota, na que lle pedía o enderezo (se o ten ou o pode conquistar, craro) de María do Camiño Noia Campos, autora da tesina sobre literatura galega, presentada, en galego, na ocasión da súa licenciatura en Compostela.

Como non tiven máis noticias de Vde. (anque, a decir verdade, non ten pasado tanto tempo), volto a escribirlle. Quérolle informar, sobor de todo, da recente publicación, polo Patronato da Cultura Galega, de Montevideo, do meu libro *Historias de emigrantes* (acabo de recibir un exemplar). Trátase (coido terlle falado del) dun billardo de 16 relatos arredor do tema da emigración galega en Bos Aires. Percuro “informar” da vida, inquedanzas e trafegos dun sector maoritario da nosa emigración na “meirande cidade galega” (Bs. As.). Por suposto, as posibilidades literarias deste tema non quedan esgotadas nin moitísimo menos. Dispuxen que lle manden un exemplar a Vde. Nun cable dende Montevideo dinme que farán a presentación do libro o 17 de maio. (A propósito: a que figura prócer da nosa literatura se adicará este ano o Día das Letras Galegas?).

Como anda Vde.? Como vai o trafego de Galaxia? (Cando se prevé que salla *A muller de ferro*?). Irá Vde. este ano, como en veces denanteriores, a dictar conferencias a universidades norteamericanas? (Se fose déalle os meus saúdos a González López. E a Machado da Rosa). Ten correspondencia co Agostinho da Silva? Eu non me escribo coel dende fai máis de sete anos, nin siquera sei se vive. Que sabe do movemento cultural galego na Universidade da Bahia?

E namais, polo doxe (xa está ben de preguntas). Carezo de noticias en xeral sobre a marcha do quefacer cultural galego. As que Vde. soe darme son sempre de gran intrés pra min.

Reciba unha fraterna e cordial aperta de seu amigo

Xosé Neira Vilas

Compostela, 3 de abril de 1969

Sr. D. Xosé Neira Vilas
Calle A. Nº 19. Apto 3
Vedado. La Habana

Benquerido amigo:

Acabo de recibir a súa do 26 de marzal. Eu tíñalle escrito acusándolle recibo do libro *Cien años de soledad*, que eu tiña lido en Vermont pro que estimo moito telo na miña biblioteca. Moitas gracias pola súa insistente e xenerosa xentileza amistosa, pois nistes días recibín o número 2 da revista *Unión*,⁶² no que figuran interesantes traballos sobre arte e literatura.

Na miña carta, que seguramente se cruzou coa súa, dáballe as señas da miña boa amiga María Camino Noya: Fonseca, 2. Santiago. Xa lle dixen a ela que vostede mas pedira.

Decíalle tamén que, como sin dúbida sabe, nos derradeiros meses houbo certas alteracións no panorama do país. Como é natural, non podemos por menos que telas en conta. O noso plan de publicacións ten que se axustar ós cauces da súa viabilidade. Por eso lle indicaba que as engádegas adicatorias que vostede me comunicaba pra o seu libro representan un atranco. Comprendo moi ben os seus lexítimos desexos de homenaxe cordial —todos iles son amigos meus—, pro foi pena que non aproveitase a edición de *Historias de emigrantes* pra realizar os seus desexos, que eiquí, polo menos pra nós, non serían nada aconsellables.

Pregúntame cales son os nosos plans. Fundamentalmente estamos preocupados de lle dar pulo á colección económica e sociolóxica e tamén a unha colección docente que queremos promover. As publicacións de tipo literario van seguindo bo ritmo. Temos tamén algunhas obras de tipo histórico pra publicar, unha de Emilio González i outra de M^a Victoria Armesto.⁶³

⁶² Voceiro da Unión de Escritores y Artistas de Cuba, UNEAC, organización fundada o 22 de agosto de 1961.

⁶³ Emilio González López, *Los políticos gallegos en la corte de España y la convivencia europea*, Vigo, Galaxia, 1969; Victoria Armesto, *Galicia feudal*, Vigo, Galaxia, 1969, 2 vols.

Despois da aprobación en Roma da incorporación da nosa língua á liturxia, foise ampliando o número de misas en galego. Todas teñen gran éisito. Nistes días constituíuse a Comisión inter-diocesana prá elaboración dos textos litúrxicos en galego i están dispostos a traballar intensamente i en serio pra poñer na nosa língua tódolos textos sagrados.

Tamén hai outra noticia importantísima: que no plan da reforma xeral do Ensino que se está elaborando figura a aplicación do bilingüismo escolar nos países que, como ocorre en Galicia, teñen unha língua de seu ademais da oficial. De sobra comprende a gran transcendencia desta reforma.

Os libros máis recentes que apareceron son: *Populorum progressio e Pacem in Terris* (a tradución galega de ambas), *Cambio en tres* (novela) de Carlos Casares, *Un hotel de primeira sobre o río* (teatro) de Xohana Torres, o número 23 de *Grial*, *Cancioneiriño novo de Compostela* de Filgueira Valverde e *Antoloxía de poesía popular social* prologada por Alonso Montero.⁶⁴

Iste ano o Día das Letras Galegas estará adicado a Noriega Varela, porque naceu no 1869 e cadra, polo mesmo, co centenario. A Academia prepara un tomo antolóxico dos seus poemas.⁶⁵

Nós, a miña muller e mais eu, estamos convidados de novo pra voltar ós EE. UU. no vran. Temos mentes de ir, porque temos por aló moitos amigos e endemais sempre aproveitamos pra viaxar algo por aquel país.

Saúdos moi cordiás pra Anisia. Pra vostede unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

Xa sabía da aparición do seu libro en Montevideo. Dixéronme que está ben editado.

⁶⁴ Pablo VI, *Populorum progressio*, tradución de Isaac Alonso Estravís, Santiago de Compostela, SEPT, 1968; Xoán XXIII, *Pacem in Terris*, tradución Isaac Alonso Estravís, Santiago de Compostela, SEPT, 1968; para a obra de Casares véxase a nota 60; Xohana Torres, *Un hotel de primeira sobre o río*, Vigo, Galaxia, 1968; AA. VV., *Grial*, 23, 1969; Xosé Filgueira Valverde, *Cancioneiriño novo de Compostela*, Vigo, Castrelos, 1969; AA. VV., *Cantigas sociales*, edición de Xesús Alonso Montero, Vigo, Castrelos, 1969.

⁶⁵ Antonio Noriega Varela, *D'o ermo* (*Escolma da edición luguesa*), A Coruña, RAG, 1969.

Habana, 10 de abril do 1969

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Chegoume a súa do 14 de marzo. Coela, o enderezo de M^a Camino Noya. Gracias. Moi intresante o tema do bilingüismo escolar sobor do que ela prepara a tese de doutoramento. Cada día son máis e máis os que se suman a esta toma de concencia da nosa cultura. E hai que decir, tamén, que cada día se traballa nelo con máis seriedade. Isto é verdadeiramente alentador. Xa se non trata de uns cantos, dunha “inmensa minoría” —inda que minoría, certo é— a manter aceso o lume do ideal patrio. Somos xa moitos e a conta seguirá adiante, en número e calidade. Hai diferencias de criterios, puntos de vista e modos de encamiñar o traballo ás veces discrepantes; as conceicións ideolóxicas e, en ocasións, poida que prantexamentos xeneracionais, determinan tales diferencias, por certo moi comprensibles, se temos en conta o acontecer do mundo, en sentido xeral, e a situación de Hespaña en particular. Persoalmente, nada deso me preocupa (dito en sentido xeral) sempre que Galicia estea por diante; sempre que o renascer de Galicia non sexa afectado.

Nefecto, saeu un novo libro meu: *Historias de emigrantes*, editado polo Patronato da Cultura Galega, de Montevideo. Dispuxen lle manden a Vde. un exemplar e gostaramo saber o seu —pra min sempre valioso— criterio arredor destes 16 relatos (a acción de todos eles transcurre en Bos Aires). En canto ó “clima antillán” que Vde. di me resulta estimulante, o certo é que o clima nin vai nin vén pro caso. Se estivese en Indonesia ou en Canadá escribiría igoal (e non pense que escribo moito; son moi “lerdo”, racho, boto, volto a començar e a refacer: son tenaz, pero esixente comigo). Ocorre que mentras en Bs. As. tiña Follas Novas, conferencias, aitos, concursos, en fin, unha aitividade galega xeral, aquí, que de feito non hai galegos (agás dalgús oitoxenarios que lles non importa do seu país) e atendo con máis adicación e fervor a miña vocación, poisque á causa galega estou entregado de por vida. Ben ou mal, é o mellor que podo darlle neste intre da miña vida ó meu país. Por eso sigo a escribir, con humildade e tesón.

Boas noticias a da publicación de *Cincoenta homes.* e da novela de C. Casares (bo narrador en *Vento ferido*); e a de *Chan*, de Borobó.

Souben que se levantou o estado de esceición. Polo tanto, non creio que o programa de Galaxia sexa afectado. E en canto a *A muller de ferro* (a miña serie de fábulas) penso que ó engadirlle esas adicatorias, cos simpres nomes, sin texto adicional algún, non significa nada. Con franqueza: gustárame ver pronto publicada esa obra.

Nestes días vou coñecer o antropólogo Oscar Lewis⁶⁶ (*Los hijos de Sánchez*, *Pedro Martínez*, etc.), aquí radicado por unha longa tempada, traballando. Analizarei coel algunhas ideas que teño arredor de restos de grupos galegos en zonas de pesca e carboeiras. Xa veremos.

E namais. Un cordial saúdo de Anisia e unha forte aperta do seu invariable amigo

Xosé Neira Vilas

⁶⁶ Oscar Lewis (Nova York, 1914-1970), historiador e antropólogo que foi docente nas máis prestixiosas universidades estadounidenses e tivo cargos de responsabilidade tanto no Departamento de Agricultura coma no de Xustiza. Varios dos seus libros fixéronse moi populares nos anos sesenta, como os titulados *Five Families: Mexican Case Studies in the Culture of Poverty* (1959), *The Children of Sanchez. Autobiography of A Mexican Family* (1961) ou *Pedro Martínez. A Mexican Peasant and his Family* (1964).

Compostela, 12-VI-69

Sr. D. Xosé Neira Vilas
Calle A. Número 19
Habana

Meu querido amigo:

Acabo de recibir a súa carta do 10 de abril. Como sairemos pra América dentro de poucos días a miña muller e mais eu, antes quérolle contestar, porque ademais os correios son máis ben lentos.

Certamente, o número dos galegos conscientes vai sendo cada día máis grande. Mesmo por eso, o conxunto vai tomando a fisionomía complexa e diversa de que vostede fala. Persoalmente agrádame que así ocorra, poisque é signo de vitalidade. Ten que haber diverxencias porque é imposíbel a unanimidade colectiva, salvo cando se produce á forza. Na miña opinión, as tensións xeneracionás non teñen agora i entre nós máis importancia da tradicional en todas partes. As tensións ideolóxicas si que son quizais máis agudas e responden máis ás características de mentalidade que ás de idade. Hainas entre xentes da mesma xeneración o mesmo que entre xentes de xeneracións distintas. Tal como eu vexo o panorama todo o que ocorre é abondo natural. E non ten nada de malo. Dende logo, comparto a reserva que vostede pon: “sempre que o renacer de Galicia non sexa afectado”. Polo de agora non se dá ise caso. Eu confío moito no bo siso receptivo do noso pobo, que irá refugando, sin moitas estridencias, as bebedeiras miméticas que tan doadas son.

Comprendo a súa visión optimista dos problemas da censura, porque a distancia sempre simplifica as cousas. Con todo, debe de nos crer cando lle decimos que as cousas non son tan sinxelas pra nós. Sabemos con que bois aramos e non nos podemos permitir o luxo de dar pasos en falso. Xa se sabe que nunca gusta —e tampouco nos gusta a nós— contar con atrancos que non dependen da nosa vontade, pro o caso é que nonos podemos esquecer. Gracias a eso imos camiñando.

Aínda non recibín o seu libro *Historias de emigrantes*, que seguramente xa non poderei ver deica a volta de América. Lereino con moito gusto e direille a miña opinión.

Temos listo un fermoso libro do Marcial Suárez⁶⁷ no que refreixa con fino humor i excelente galego a vida de Allariz vista cos ollos dun mozo. Tamén estamos preparando un espléndido álbum de Castelao coa serie dos seus dibuxos de negros.⁶⁸

Con saúdos moi cordiás pra Anisia, reciba unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁶⁷ Marcial Suárez, *O acomodador e outras narracións*, Vigo, Galaxia, 1969.

⁶⁸ Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Dibuxos de negros*, comentario de Domingo García-Sabell, Vigo, Galaxia, 1970.

[Verán de 1969]

A Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Mándolle coa presente un volume tiduado *Cartas de Van Gogh*,⁶⁹
editado aquí fai pouco. Coido ha de resultarlle intresante.

E namais polo doxe.

Unha aperta de seu amigo

Neira Vilas

Fai tempo que non teño noticias de Vde. Escribinlle fai uns días.

⁶⁹ Vincent van Gogh, *Cartas de van Gogh*, A Habana, Instituto del Libro, 1968.

Benquerido amigo:

Acabamos de chegar dos EE. UU. Estivemos por alá un par de meses, convidados polo Emilio pra tomar parte nos cursos de vran da Universidade de Middlebury. Iste foi o 4º vran e sempre aceptamos, en parte porque é a única posibilidade que nós temos de conocer algo aquil país i en parte porque descubrín o profundo e sutil goce espritoal da esperencia docente, que eiquí non tivera oportunidade de conocer. En verdade é apasionante.

Tiñamos eiquí un rimeiro de cartas e paquetes de libros que foron chegando durante a nosa ausencia. Entre iles había varios enviados por vostede, con libros de Sender, de Montalvo, de Arlt, de Zalamea, de Salarrué, de Van Gogh, de Vygotsky, de Finkelstein.⁷⁰ Ireinos debullando polo inverno. Tamén teño as *Historias de Emigrantes* e mais *Inquedo latexar*, que lerei antes, agora no outono cando poña algo de orde nas miñas cousas. Levo unha tempada tremendamente movida e sin vagar pra nada.

Moito lle agradezo a súa amistosa e incansable dilixencia en me enviar libros, tanto propios como alleos, así como revistas. Gracias a esa dilixencia teño algunha idea fundada sobre a aitividade cultural dise país.

Por eiquí tamén vai habendo bastante aitividade, que fai agromar varias iniciativas editoriais distintas da nosa, cousa ben natural porque nós non podemos abranguer a totalidade do que se escribe en Galicia nin podemos tampouco representar tódalas tendencias ideolóxicas eisistentes hoxe, polo menos no que teñan de belixerancia discrepante e unilateral. Nise terreo, cada grupo ten que falar por si mesmo.

En New York falei co Da Cal, que está coma sempre. Non puiden ver en cambio a Machado da Rosa, porque andivo coa familia por Europa mentres nós estivemos por América.

⁷⁰ Vid. nota 50.

Moitas gracias polos seus reiterados e xenerosos envíos. Como non teño hoxe cousa mellor que lle ofrecer, mándolle un traballiño aparecido nun libro colectivo polo Círculo das Artes de Lugo, que seguro lle enviaría o Alonso ou o mesmo Círculo.⁷¹

Unha cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁷¹ Separata de “O pensamento galego”, en AA., *O porvir da lingua galega*, Lugo, Círculo das Artes, 1968. Neira Vilas fai un extenso comento a este traballo na súa carta a Piñeiro do 30-4-1970.

Habana, 7 de outubro do 1969

A Ramón Piñeiro
Compostela

Benquerido amigo:

Chegoume a súa do 1-9. Tiña recibido tamén a do 16-6, que non resposteí denantes, un pouco por esceso de traballo e en boa parte por saber que andaba de viaxe por esas datas, coma en anos anteriores.

Prácame que lle vaian chegando os libros que lle envío. E que resulten do seu intrín. Nefeuto, aquí desenvólvese un intresante e positivo movemento cultural. Parteuse da alfabetización masiva, até nos recantos máis arredados, no 1961. Seguíronse a eses alfabetizados pra que se non estancasen. Praiticamente non hai analfabetos (agás un 2 ou 3 por cento de emigrantes vellos, haitianos e xamaicanos). A instrución media e universitaria, técnica e de toda cras é, en números, enorme. Cuba é o país, hoxe, que en relación co seu presuposto total, máis recursos adica á educación no mundo enteiro. Naturalmente, instrución non é cultura, pero é a base pra ela, en estadios máis altos. É raro que se faga unha edición de menos de dez mil exemplares (e de moitos saen 30 e 50 mil) de cada libro (ficción, ensayo etc.) i é raro que queden eistencias do mesmo nas librerías tres días dempoís. Por outra banda, aquí non eiste ningún principio ou regra dogmática, ningunha dirección burocrática do que se debe escribir ou publicar, nin como se debe escribir (ou pintar ou facer teatro etc.). Tódalas búsquedas, tódalas esperencias, de calquera latitude, son boas, son aceptables, sempre que dende o punto de vista estético (unha estética moi ampla) e humano teñan un valemto universal. As esperencias que resultaron negativas, neste campo, noutros países socialistas, téñense en conta pra non repetir erros.

Gostaramo saber o seu criterio, a súa opinión arredor de *Historias de emigrantes*, unhas historias por certo amargas, dolorosamente certas ou posibles (e polo tanto “certas”) que doi abondo telas que escribir.

Agardo o seu traballo do libro coleitivo editado en Lugo, que me anuncia. Non, nono conoía; non teño esa edición do C. das Artes.

Debe estar intresante o libro de Marcial Suárez. E tamén o álbum de negros de Castelao (recibín fai pouco a fermosa edición dos *Cincoenta homes por dez réds*).

E namais polo doxe. Reciba unha aperta sempre cordial do seu vello amigo

X. Neira Vilas

Xa que menciona ó Machado da Rosa... aquela iniciativa do Seminario da Cultura Galega, da Universidade da Bahia, vai adiante? Vive Agostinho da Silva? Sigue adiante o movemento brasileiro cara a Galicia? Cando e onde se celebrará o próximo Colóquio?

Recibín a tesina (unha parte) de M^a Camino Noya. Moi intresante. Un traballo realmente serio, responsable.

Habana, 30 de abril do 1970

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Fai ben tempo que recibín a separata (de *O porvir da lingua galega*) titudea “O pensamento galego”, garimosamente adicada, o que lle agradezo dobremente.

Pesie á brevedade deste traballo, cómpre dicir que nel enfoca unha cuestión fundamental, un análise meridiano arredor do tema, con singular precisión e acorde co mundo cambiante, dinámico, que hoxe vivimos, en que —coma en tódalas épocas da historia— loitan máis as ideas que os corpos.

(O libro mandáronmo de Lugo pero inda non chegou).

O nivel individual —pra seguir o fío das súas esaitas verbas— da nosa cultura inda é baixo, se o comparamos por exemplo (sin saír do contexto peninsuar) co nivel da cultura catalana, mais, canto se leva andado ó longo destes cen anos e decisivamente nos derradeiros quince! O futuro é promisorio, tanto no orde da literatura de ficción como no da expresión do pensamento, e con estas dúas formas todo o que as arrodea nos diversos campos. Cómpre que as novas xeneracións se exerciten cada vez máis. E cómpre mellorar cada día, afiar, a nosa ferramenta lingüística, potencialmente en perigo. Tal vez teñamos hoxe un maior coidado na enxebreza e fleisibilidade do idioma por parte dos poucos bos ensaístas que no que toca a narradores e poetas; non é unha afirmación rotunda pero si algo pra analizar. Se o instrumento dexenera de pouco serviría, en canto galego, o talento máis aberto. En fin, isto é longo; brevísimas cavilacións que fago dende lonxe e das que vostede está “moi” de volta, por suposto.

Tíñalle falado da creación da Seición Galega no Instituto de Literatura y Lingüística da Academia de Ciencias, de Cuba? O traballo vai avanzando. Estanse a facer cousas de certo releve (coa presente mándolle un recorte con noticias). *A linguaxe e as linguas* foi un dos primeiros títulos (coido que o primeiro) que tivo a Biblioteca Gallega, en formación.

Teño xa *A muller de ferro*. Quedou moi ben. Sigo a escribir, sempre, algo cuase tódolos días. É un destino fatal, ineludible, moi entrañable; unha razón de vida.

E namais polo doxe. Reciba unha aperta moi cordial de seu

Xosé Neira Vilas



Ramón Piñeiro na Universidade de Princeton, en 1970

Benquerido amigo:

Recibín *O cabaliño de buxo*⁷² que me fixo chegar. Agradézollo de veras. Eu xa o mercara e o lera e mandáralle o meu exemplar a unha nena galega que vive en Mallorca. Agora recibo este, que ficará cos meus libros.

Polas moitas cousas súas que van saíndo, vexo que ten unha intensa actividade literaria. Eu alégrome dobremente: polo que significa de plenitude interior no orde persoal e polo que ten de achega obxetiva a unha literatura popular digna.

Tiña noticias indireitas de que iba vir por eiquí hai un par de meses. Como ao cabo non apareceu, pregunteille ao Seoane e informoume de que o seu viaxe tíñase aprazado. Eso quer decir que máis ou menos pronto verémolo por eiquí.

Unha forte aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁷² Xosé Neira Vilas, *O cabaliño de buxo*, Lugo, Edicións do Castro/Imprenta Celta, 1971.

Habana, 28 de agosto de 1972

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Acabo de recibir o *Grial* 35.⁷³ Nel vexo un comento que fai Vde. ó meu *Cartas a Lelo*. Alédame de certo que se teña ocupado dun libro meu, pois dende sempre teño en moito a opinión, o criterio de vostede.

Di ben cando espresa que eu teño que afincarme na memoria pra levar adiante estes empeños narrativos. Si. Ás veces penso que estou a falar de cousas que xa non acontecen na Galicia rural de hoxe e non deixa de preocuparme. Pero cavilo, por outra banda, que se non son, foron, e polo tanto siguen sendo válidas sempre que non me meta en detalles dos que non teño vivencias. Fai pouco decíame Carpentier: “Haces bien en escribir sobre Galicia (el lera as *Memorias*) porque uno debe ahondar en aquello que conoce profundamente (eu non pretendo, craro é, ter un tan fondo coñecimento como el di), sea del presente o del pasado cercano”. E contoume a esperencia persoal de que o protagonista de *Los pasos perdidos* debía ser un fotógrafo, pero que, como el non ten esperencia algunha nese campo, escolleu un músico, terreo que si domina. Vállome da memoria canto podo, pero é unha memoria aitiva, non un algo conxelado. Falo con xentes que viviron ambientes similares, pido noticias á miña aldeia, a meus pais, anoto, rexistro costumes, feitos, oraciós compretas etc. Pero amais deso, pra min escribir é algo moi traballoso. Algús din que a miña prosa sae espontánea e non hai tal. Sae así, nunha primeira versión, pero arranxo tanto, quito e poño, mido o significado de cada palabra, a súa musicalidade, a súa enxebreza (sin caír no chamado hiperenxebatismo); o que é moi local elimínoo en aras dunha mellor comprensión, máis “universal” (en Barcelona traducen uns capíduos de *Memorias* e escribíronme fai pouco preguntándome por verbas que non atoparon nos Dic. galegos: moxardo e murnas. Percuro evitar eso. O léxico da miña comarca é riquísimo pero cando algo é somente dalí, desbótoo). Esa espontaneidade é aparente. Hai unha penosa-leda elaboración. Teño pra min que neste intre, en galego, un

⁷³ Ramón Piñeiro, “*Cartas a Lelo*, por Xosé Neira Vilas”, *Grial*, 35, 1972, pp. 115-116.

libro máis ou menos, non importa, un tema máis ou menos orixinal, máis ou menos “abordable” importan relativamente se descoidamos o idioma. Fainos moito dano a présa ó escribir. Xeneralizando, penso que se escribe cada vez mellor en galego, pero inda hai présa, pouca atención ó instrumento lingüístico (tanto no orde léxico como sintáctico). (En fin, disculpe estas digresións).

Seguindo co seu comento: di ben Vde. que Toño e Lelo poideran ser un mesmo: eu. En boa medida é así. O que conta Toño, igual que conta o Balbino das *Memorias*, se non me pasou a min (non me pasou certamente na maoría dos casos) pasou por min. Se non “foi” en min, foi noutros ou puido ser en calquera rapaz da miña infancia e da miña comarca ullán.

Acerta rigurosamente Vde. cando aponta que percouro chegar ó lector común. Eso esprica a sinxeleza narrativa que tamén menciona. Hai nesto unha verdadeira ansiedade, unha percura deliberada, chea de paixón. Cando me chegan noticias de que o idioma se vai perdendo, estragando, pola avalancha da televisión etc. sinto verdadeiro degaro (inda que unha soia mosca mal pode facer vrao) de poñer o meu grao de area nese rescate, nesa busca de lectores maoritarios, nesa competencia co idioma oficial que afoga a nosa “língua dos vencidos”. E penso que a nosa narrativa non se pode, polo doxe, permitir certos luxos “experimentalistas”, vangardistas (no mal sentido), inda que unha literatura ha de ter, craro, nunha etapa de certo auxe, variedade e representación de tódalas modas e modos. É válido, por suposto (e non hai nesto, créame, ningunha “malicia”, ningunha velada crítica pra ninguén, pra ningún “ficciónista” noso; falo somente do futuro inmediato e non do até hoxe realizado). Penso que debemos aspirar todos, en Galicia, a unha literatura popular de calidade pra que o noso idioma perdure; dá arrepió cavar neso que prantea (en *Grial*) Carlos Durán cando di que pode a língua galega morrer nesta década.

En fin, o tema é longo e unha carta pra pouco dá. Polo de pronto quero agradecerlle que se teña ocupado deste libriño meu. É pra min moi estimulante, decamiño que me compromete a seguir por este vieiro no que entrei de por vida.

Non me lembro se lle dixen que en marzo pasado fixemos na Sección Galega do Instituto de Lit. e Ling. un aito de homaxe a Eça de

Queiroz, con motivo de cumprírense cen anos da súa estada aquí como cónsul de Portugal. Isto tivo certo eco no mundo intelectual lusitano. Montezuma de Carvalho⁷⁴ escribeunos aludándose do feito e proponendo que invitásemos a Machado da Rosa, pois ten materiais valiosos sobor da estancia do Eça aquí. Tamén escribiu Guerra da Cal pedindo datos da conferencia que sobre “La juventud rebelde de Eça de Queiroz” pronunciou o meu amigo malagueño (a quen comprometín pra esto) Francisco Mota,⁷⁵ investigador literario e autor de varios libros. A Da Cal prometeulle o noso Director mandarlle un resume da dita conferencia, resume que escribirá Mota, pois quedáronlle as tarxetas de traballo, e o director, prof. J .A. Portuondo, decidirá tamén sobre a invitación a M. da Rosa, cousa que a min persoalmente, que o coñecín e tratei en Bs. As. no 1960, aludárame moito que viñese. Xa veremos.

E polo doxe namais. Reciba unha forte, cordial aperta do seu vello amigo

Xosé Neira Vilas

⁷⁴ Joaquim Montezuma de Carvalho (Almeida, Coímbra, 1928-Lisboa, 2008) foi avogado e residiu longos anos en Angola e Mozambique, onde colaborou con xornais e medios daquelas terras, para regresar a Portugal en 1976. Membro da The Hispanic Society of America, escribiu numerosas monografías, entre elas *Da alma portuguesa da alma galega*, Amarante, Edições do Tâmega, 1995 (en colaboración con Camilo José Cela) ou *Cervantes em Portugal*, Lisboa, Edições Nova Veja, 2005.

⁷⁵ Véxase a nota 45.

Sr. D. Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Ceguei a Galicia —xunto con Anisia, a miña esposa— fai uns días.

Viñen a visitalo, pero con mala sorte, xa que non o atopei. Será noutra ocasión próxima, antes do noso regreso.

Unha aperta de seu amigo

Xosé Neira Vilas

10-10-72

Madrid, 10–11–72

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Tal como supuxen (dado o apretado do noso programa e sobor de todo afectado pola gravidade de meu pai, o que me fixo estar na aldea máis tempo do previsto) non poidemos volver a falar con Vde. Pacencia. É abondo ausurdo que haxa unha amizade epistolar de anos (e non é soio o seu caso senón que tamén me aconteceu con outros amigos) e á hora do arelado encontro, pra cambear impresións máis concretas e que saen da extensión dunha carta, sobre inquiredanzas comúns, resulta que dunha maneira cuase máxica, o tempo váisenos, fuxe, e todo queda a medias, trunco, limitado pouco máis que a un saúdo.⁷⁶

Será pra outra (que non tardarei tanto coma desta) en que me sexa posíbel planificar un programa máis concreto. As emociós do ansiado reencontro físico co país etc. aturden tamén un pouco, “emboban” algo e dahí a “maxia” de que lle falaba.

Discúlpenos, pois.

Déalle un cordial saúdo ó meu vello amigo Agostinho da Silva, a quen tamén lamentei non poder abrazar.

Saúdos á súa irmán, a Isabel a súa esposa, saúdos de Anisia.

E unha tensa, cordial aperta de

X. Neira Vilas

⁷⁶ Piñeiro e Neira Vilas víronse por vez primeira aquel 23 de outubro, no que xantaron xuntos en compañía das súas mulleres Isabel e Anisia en Xelmírez 15, 4º. Confirma o dato o de Vila de Cruces en *Vinte anos retornando*, Vigo, Xerais, 2006, p. 33.

Habana, 12 de nadal do 1972

Sr. D. Ramón Piñeiro
Compostela

Meu querido amigo:

Non pode supoñer canto lamentamos, Anisia i eu, non ter estado máis tempo con vostede. Dígoo sin chisco de cumprido. Foi moi grato pra nós aquel pouco estar na súa casa, no seu fogar, de por si agradable (presenza fonda de Galicia por dentro e presenza ambiental darredor, nese chusco balcón de madeira, con raiolas que veñen pola rúa Nova, sobor teitos medievales. Santiago será sempre a alma de Galicia toda e inda de Europa). Tantas inquedanzas comúns, alentadas nunha correspondencia amical que xa leva arredor de dazaoito anos e o encontro persoal queda reducido a uns minutos. Parece absurdo. Pero é que todo foi así. 50 días de présa arreo, indo e vindo, falando con moita xente, ollando logares, percurando coñecer a Galicia física (que eu apenas coñecía de antes de emigrar). E logo o compromiso familiar: pais, irmaos, parentes (papai enfermo). Vello veciños (é decir “veciños”, na aldeia, é estenderse nunha ancha comarca), amigos da infancia, o contacto coa língoa viva no ámeto rural. O “recoñecimento”, dempois de 24 anos, de carreiros, camiños, beiras do río, montes, agros, camposas e incruso árbores, casas, penedos... Algo difícil de espricar. Un xeito de resurrección. Deixei levar pola riada emotiva en vez de trazar un programa frío, medido, “lúcido”. Non me arrepinto, pero xa ve, quedaron ocos, lagoas. En fin, todo esto ocorre por teren pasado tantos anos. Terei de ir máis seguido.

Na Sección Gallega do Instituto de Literatura e Lingüística acabo de montar unha curiosa exposición: “Muestrario de Editoriales Gallegas” en adhesión ó Ano Internacional do Libro instituído pola UNESCO. Aparecen representadas as editoras galegas xurdidas dempois da guerra, grandeiras e pequenas, de dentro e de fóra; preséntanse os tíduos máis representativos de cada unha. Galaxia, craro, está amplamente representada, pola súa sinificación real neste período.

Faloume Isaac do Seminario sobre o Libro Galego e sobre a exposición de Barcelona, onde vostede e del Riego traballaron moito.⁷⁷ Eses son feitos de moito releve na nosa cultura. Cómpre que se multipliquen. Penso que a Galería de Sargadelos en Barcelona ten moita importancia.

No C. Galego de Barcelona falei sobre temas de literatura galega, partindo dos meus libros, según me propuxeron. Foi un diálogo público con Basilio Losada. Coido que quedou ben.

Pilar Vázquez Cuesta (prof. de Lingüística Portuguesa e de Literatura Galega na Univ. Central de Madrid) está a facer unha laboura importantísima de divulgación e estudo da nosa literatura. Por exemplo atopeime alí, na súa casa, con varios estudantes de 5º ano de Lit. Hispánica que tiñan feito traballos sobor libros meus (e tamén sobre outros autores). Pilar deume os textos dos traballos (16 en total) e hai conculsiós verdadeiramente serias nos análisis, donde aparece o estruturalismo e outras modalidades e formas de estudo. Rapazas e rapaces, de Segovia, Madrid, Zaragoza etc.

Con del Riego estiven, brevemente tamén, en Penzol. Moi intresante o que se fai. E o fondo bibliográfico.

E namais. Saúdos de Anisia. Un cordial saúdo pra Isabel e pra súa irmán.

Pra vostede unha renova, fraterna aperta de

X. Neira Vilas

Déalle os meus saúdos a Agostinho da Silva e ó Dr. García Sabell que lamentei non chegar a coñecer. (Isaac andívoos percurando na Coruña o 28-10 pra presentarmos e non deu coel).

⁷⁷ A I Mostra do Libro Galego en Cataluña tivo lugar entre o 17 de maio e o 17 de xuño de 1972 na Galería Sargadelos de Barcelona, que celebraba así a súa apertura. Froito desta exposición foron as cincuenta e dúas páxinas do *Catálogo da I Mostra do Libro Galego en Cataluña*, Barcelona, Sargadelos, 1972.

Sr. D. Xosé Neira Vilas
Calle A, nº 19, aptº 3
Vedado – La Habana

Meu querido e lembrado amigo:

Recibín a súa carta enviada desde Barcelona antes de voltar a Cuba e, posteriormente, a que me escribiu desde ahí polo Nadal. Tamén recibín as revistas e publicacións que con tan xentil dilixencia me foi enviando. Agradézolle todo moi sinceramente.

Tamén para nós foi motivo de íntima alegría o conecelos persoalmente. Non importa que o contacto fose moi breve para que a alegría fose fonda e duradeira. De sobra comprendemos que os compromisos familiares e políticos tiñan que lles absorber o pouco tempo de que dispoñían, sin contar as horas esixidas polo reencontro coa Terra, cos lugares lembrados e amados da Terra e cos lugares conocidos por primeira vez. Penso que lle era moi necesaria esta “volta” aos eidos nativos, así como a descuberta que foi facendo da Galicia real que antes non tivera ocasión de conocer. Por eso nos alegamos moito de que tivesen ocasión de vir. Estamos seguros de que, despois desta visita non poderá pasar moito tempo sin que volvan. E poden estar seguros de que sempre os agardamos e os recibiremos con alegría.

Por eiquí seguimos a traballar coa fe e coa teimosía de sempre. Penso que se van facendo cousas con valor de futuro.

A exposición de bibliografía galega que montou o Instituto de Literatura e Lingüística é interesante. O Baldomero Cores tamén organiza unha en Puerto Rico, na Universidade de Mayagüez, na que el ensina.⁷⁸ Non cabe dúbida de que nos interesa moito esa forma de presenza cultural polo mundo adiante.

⁷⁸ Baldomero Cores Trasmonte (Cee, 1929-Santiago de Compostela, 2014) foi un ensaísta, xurista e sociólogo de ampla traxectoria que exerceu como catedrático de Socioloxía na Universidade de Mayagüez, Porto Rico, entre 1968 e 1983, ano no que regresou a Galicia. Foi unha figura clave no Comité de Cultura Galega da illa e principal promotor da Exposición do Libro Galego na amentada universidade, evento que tivo lugar por vez primeira en 1972.

Si, ben sei do admirable labor de Pilarín Vázquez Cuesta a prol dos coñecementos da nosa literatura. Eu mesmo lle facilitei os enderezos de moitos escritores nosos para que os alumnos puidesen dirixirse a eles. Por certo que ese contacto tamén se vai iniciando na mesma Galicia por alumnos de diversos centros.

Ben, apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

Habana, 13 de xulio do 1973

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín a súa atta. Do 22-4.

Prácame que cheguen ben as revistas que lle mando. Seguirei facéndoo pois que lle intresan.

Tiña noticia de que Cores estaba de profesor en P. Rico. (Eu endexamais o tratei pero sei da súa «existencia» dende hai longos anos, concretamente dende aquela polémica co Mourullo dos dous libros de narrativa galega);⁷⁹ logo vin algús traballos del, coido que en *Chan*. É importante que tamén naquela illa, un tanto bastardeada (sobor todo lingüisticamente) manteña un quefacer galego. Por certo, lin, non sei agora onde, que se ían adicar uns cursos á literatura galega naquela universidade, pero non soupen se por fin saíron ou non. Sábeo Vde.?

Mándolle uns recortes con novas culturais (dúas exposicións máis) celebradas aquí.

E namais. Saúdos á súa esposa, saúdos de Anisia.

E unha aperta cordial de seu amigo

Xosé Neira Vilas

⁷⁹ En realidade Baldomero Cores saudara positivamente a narrativa de Gonzalo R. Mourullo no artigo “«Nasce» el cuento galaico”, *La Noche*, 7-2-1955.

A Ramón Piñeiro

Meu querido amigo:

Fai un século, coma quen dis, que non sei de vostede. Aledarame saber que se atopa ben.

Aquí vai unha curiosa biografía deste curioso galego do Ferrol que chegou a “chamarse” Creto Gangá.⁸⁰

Unha aperta de seu amigo

Xosé Neira Vilas

15-7-74

Si ve a Celestino déalle os meus cordiales saúdos e dígalle que foi utilizado o seu *O segredo do humor* pra esta obra (hai outras obras galegas manexadas, como verá).

⁸⁰ Pseudónimo de Bartolomé Crespo Borbón (Ferrol, 1811-A Habana, 1871), emigrante mozo que traballou dende ben novo na prensa da illa e que alcanzou certa notoriedade como narrador e dramaturgo que reflectía na súa escrita a vida e a fala dos escravos negros oriúndos de África. A esa estética pertencen obras como *Laberintos y trifulca de carnaval* (1849) e *Un ajiaco o la boda de Pancha Jutía y Canuto Raspadura* (1847). Neira Vilas relatou a súa peripecia en “O ferrolán Crespo convertido en Creto Gangá” e “Final da aventura de Creto Gangá”, *Memoria da emigración. II*, Sada-A Coruña, 1995, pp. 227-233 e 235-240.

Compostela, 9-VIII-74

Sr. D. Xosé Neira Vilas
Calle A. Nº 19. Aptº 3
Vedado. La Habana

Meu querido amigo:

Acabo de recibir o seu libro *Creto Gangá*, de Mary Cruz,⁸¹ que tivo a xentileza de me enviar. Aínda non tiven tempo de o ler, mais da primeira ollada que lle botei saquei a impresión de que o personaxe é ben interesante, un dos moitos paisáns nosos que na emigración chegaron a desenvolver unha personalidade vigorosa. Claro que en moitos casos, como neste, esa “nova” personalidade está máis identificada co novo medio que co país de orixen. Por eso é ben natural que sexan os cubáns, máis que os galegos, quenes se ocupen de estudar a súa obra. A nós interésanos, eso si, conocele. Por eso é de agradecer que vostede se ocupase en nos facer chegar este libro.

Saúdos moi cordiais a Anisia. Para vostede unha cordial aperta do seu amigo

Ramón Piñeiro

⁸¹ Mary Cruz, *Creto Gangá*, A Habana, Instituto Cubano del Libro, 1974.

La Habana, 9 de maio do 1975

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Chegoume o exemplar que vostede xenerosamente me mandou de *Olladas no futuro* (chegoume da editora outro, que pasei ó Instituto de Literatura y Lingüística) garimosamente adicado, cunha adicatoria moi sinificativa, case “clave”, sobor da que me teñen perguntado: o meu xeito de armonizar a miña fidelidade de por vida a Galicia coa miña presenza aitiva, leda, en Cuba. Ben percibe vostede que ambas non se contradicen i en certo modo complementáanse, sobor todo por ser Cuba, onde tantos emigrantes galegos houbo, onde queda unha fonda “huella” nosa que cómpre rescatar, sistematizar, pór ó día, e neso andamos (ando).

Imos ó libro: dá gosto ver todos estes traballos seus agora xuntos. Parte deles non os coñecía, pero outros si, mais ó velos ordeados, reunidos, dan unha idea cabal do seu pensar, do seu afondar en Galicia, de cara ó futuro. Todo dun xeito moi lúcido, moi craro (nunha lingoaxe, apricada ó pensamento, que é exemplar e que tenme sabido a pouco ó ler traballos, artigos illados). Agora esto é unha singular entrega, un volume moi seu, moi deste tempo de Galicia, xa que a pesares dos longos anos de firma dalgús capíduos, todo esto é materia dagora, deste intre, e intúio que tamén (respondendo ó seu tíduo) serán materia nova por moito tempo, pensamento que non se estanca, que non esmorece. A variedade dos temas (dos que sería longo poñerse a enumerar aspeitos i enfoques que me intresan particularmente) é outra riqueza que amostra a súa versatilidade, o seu “entrar” en problemas de categoría varia, de intrés diverso, de contido múltiple.

Lino decontado, primeiro indo en dereito ós temas cuia lectura primeira ou repaso máis me atraen e logo de comezo a fin. Por certo, xa que falo do “fin”, a derradeira carta, a dirixida ó noso común amigo (no meu caso, soio epistolar) Rodrigues Lapa, intresoume cando a vin en *Grial*, oportunamente, e tiña mentes de lle escribir a Vde. sinalando pola miña parte que compartía (e comparto hoxe, craro é) as respostas,

os planteamentos feitos ó gran filólogo e crítico portugués. Non o fixen daquela porque foi pasando o tempo e así quedou.

E namais, meu querido e vello amigo. Gracias a vostede por este aporte reunido.

Reciba unha grande aperta, cordial de

Xosé Neira Vilas

Saúdos a Isabel e de Anisia (quen acaba de chegar do Vietnam).



Olladas no futuro, de Ramón Piñeiro, 1974

Habana, 7 de febreiro do 1977

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

(no noso recente encontro compostelán tiñamos comenzado a desbotar o distanciador “vostede”. Acóllome, pois, ó tuteo).

Pasaron algo máis de dous meses da nosa chegada a Cuba; da nosa estancia en Galicia, e inda resoan en min as augas dos ríos de por alá, as voces amigas, a gaita maxinada. E levo inda na retina os derradeiros verdes, a presenza de rostos entrañables, o mapa todo do país. Foi un viaxe de pouco estar e moito andar. Moito tráfego, non previsto, máis alá da estada con miña nai (ouxetivo central do viaxe) e con meus irmaos.

Vímoste dúas veces⁸² e da segunda, máis demorada, o día que nos invitaches a xantar, aínda lembramos Anisia e eu con moito agarimo aquela conversa tan rica de contido, de sustancia, na que tamén participaron eses dous estupendos rapaces que son X. M. Beiras e Arcadio L. Casanova, amais das esposas de ambos e Isabel e Sara. Foi unha tarde santiaguesa inesquecível, que ratifica a túa proverbial hospitalidade. Repetirémola algún día. Sempre un queda con ganas de seguir...

Vin o *Grial* adicado a Otero Pedrayo.⁸³ Houbérame gostado participar. Trateino moito por carta e persoalmente en Bs. As. o ano 59

⁸² Refírese ao xantar que compartiron Piñeiro, a súa muller Isabel, a súa cuñada Sara, Neira Vilas e Anisia o 28 de outubro de 1976 e mais á xuntanza do 4 de novembro dese mesmo ano na que estiveron presentes, amais dos amentados, Xosé Manuel Beiras e Salvador García-Bodaño coas súas esposas (cfr. Xosé Neira Vilas, *Vinte anos retornando*, Vigo, Xerais, 2006, pp. 55-57).

⁸³ AA. VV., *Grial*, 52, 1976. O número dedicóuselle en homenaxe por mor do seu pasamento o 10 de abril daquel ano.

(estivo na nosa casa, coa Fita, en Follas Novas, e fixémoslle un homenaxe no local do Centro Lucense).⁸⁴

Está a salir *Aqueles anos do Moncho*, unha breve novela miña. Fareicha chegar cando salla. Acabo de traducir ó galego 39 poemas de Nicolás Guillén.⁸⁵ Quedaron ben, sonan ben, quero decir. Traballo sobre Castelao en Cuba⁸⁶ e gustaríame facer tamén un traballo sobre a presenza aquí de Basilio Álvarez e de Valle Inclán. Veremos.

E namais por esta. Saúdos moi garimosos de Anisia pra ti, pra Isabel, pra Sara. Lembranzas á familia Beiras e á de Arcadio.

Pra ti a aperta tensa, fraterna de

Xosé Neira Vilas

⁸⁴ O propio Neira Vilas narrou con detalle a presenza de Otero Pedrayo en Buenos Aires en diversas ocasións: “Otero Pedrayo no vieiro da saudade”, *Memorias da emigración. I*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, pp. 317-324; “A palabra do mestre de Trasalba”, *Memoria da emigración. II*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1995, pp. 111-116; “Con don Ramón en Buenos Aires”, *Lóstregos*, Vigo, Galaxia, 2009, pp. 207-208; e “Homenaxe a Otero Pedrayo en Buenos Aires”, *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego. 1959-2007*, Vigo, Galaxia, 2013, pp. 25-27.

⁸⁵ Editáronse polo setembro daquel ano: Nicolás Guillén, *Trintanove poemas*, tradución de Xosé Neira Vilas, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1977. Verbo da relación con Guillén e, particularmente, da tradución dos seus poemas tratan os traballos do de Gres: “O poeta Nicolás Guillén e nós”, *Memoria da emigración. I*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1994, pp. 33-39 e “Poemas en galego”, *Días de Cuba*, Vigo, Galaxia, 2014, pp. 135-137.

⁸⁶ Froito destas investigacións publicou: *Castelao en Cuba*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1983; “Basilio Álvarez en Nova Iorque”, *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1999, pp. 127-129; e “Un poema de Valle Inclán”, *A lingua galega en Cuba*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 71-73; “Valle Inclán en Cuba e Cuba en Valle Inclán”, *Memoria da emigración. II*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1995, pp. 7-15; “A ‘cantiga’ de Valle Inclán” e “Outra vez Valle Inclán”, *Crónicas galegas de América (Rolda primeira)*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1999, pp. 69-72 e 211-214; “Valle-Inclán”, *Presenza galega en Cuba*, Vigo, Xerais, 2010, p. 107, coincidente con “Valle-Inclán, popular viaxeiro máis alá do mar”, *Semente galega en América*, Santiago, Bolanda, 2015, p. 53.

Anisia e eu lemos con gran interés (humán e político) a entrevista de Freixanes —a que che fixo a ti— publicada no libro *Unha ducia de galegos*.⁸⁷

⁸⁷ Víctor Fernández Freixanes, “Ramón Piñeiro. Biografía dunha resistencia”, *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976, pp. 103-134. Na carta seguinte Piñeiro refírese con máis detalle a esta entrevista.

Compostela, 20-II-77

Querido amigo:

Recibín a túa carta, na que latexan con intensidade as lembranzas da vosa recente visita. Tanto nós como os amigos tamén conservamos viva a lembranza das breves horas que convivimos aquí na casa e aguardamos que se renoven, con máis vagar, no próximo vran. Por certo que un dos matrimonios que participaron na conversa e que identificas como Arcadio L. Casanova non era tal, senón Salvador García-Bodaño e Aurichu, a súa dona. Compréndese a asociación polo feito de seren ambos poetas e seren, pouco máis ou menos, da mesma xeración literaria. O Arcadio, que tamén ten estado centos de veces nesta casa, está de catedrático nun Instituto de Valencia.

Sinto de veras non ter sabido que che gustaría colaborar no nº do *Grial* adicado a Otero Pedrayo. Pola nosa parte tamén teríamos incluído con moito gusto a túa colaboración. E, si che agrada a idea, podes mandarnos o artigo que pensabas escribir e incluímolo noutro número do *Grial*. E, ademais deste traballo oterían, as páxinas do *Grial* están abertas para calquera outro traballo teu relacionado coa cultura galega. Penso que un traballo sobre Castelao en Cuba, sobre Curros en Cuba, sobre a prensa galega en Cuba etc., ninguén os podería facer mellor ca ti. Eses traballos e outros semellantes son necesarios para que os esforzos e realizacións galegas da emigración teñan a debida presenza no ámbito cultural da propia Galicia. Hoxe por hoxe, o *Grial* é un bon vehículo.

O libro do Freixanes tivo moi boa acollida. Cando me veu ver para me falar de que quería facer un libro de entrevistas, díxome que me quería incluír a min e que o meu capítulo se chamaría “Piñeiro ou a cultura

galega”, mesmamente porque el, Freixanes, estaba dominado pola imaxe do “piñeirismo” culturalista que puxeron en circulación o Ferrín e algúns outros (personalmente, bos amigos meus). Na entrevista foi facéndome preguntas e eu respondéndollas. Logo, cando vin o libro xa elaborado, tiveron a sorpresa de ver que o meu capítulo se titulaba “Biografía dunha resistencia”. O curioso é que moita xente que eu non podía imaxinar que lesen o libro de Freixanes viñeron falar-me da entrevista e mesmo algunhas persoas que nunca me tiñan falado con anterioridade. Eso revela que hai curiosidade pola historia do galeguismo.

Bon, saúdos garimosos de toda esta familia para Anisia e para ti e unha forte aperta de

Ramón Piñeiro

O Ricardo Palmás⁸⁸ está en Galicia.

⁸⁸ Ricardo Palmás Casal (Buenos Aires, 1940-Londres, 1996) foi un sociólogo e escritor galeguista que pertenceu á AGUEA (Asociación Gallega de Universitarios, Escritores y Artistas) e tamén á Asociación Arxentina de Fillos de Galegos, dende onde foi un activo promotor de empresas a prol da nosa cultura. Da súa autoría son volumes como *Pelerinaxe* (1965) —obra primeira que saudou o propio Piñeiro en “*Pelerinaxe*, por Ricardo Palmás Casal”, *Grial*, 3, 1965, p. 494—, *Castelao. Prosas do exilio*, Montevideo, Patronato da Cultura Galega, 1976 ou *A emigración galega na Arxentina*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1978.

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Choveu moito nesa pel de touro dende que recibín a túa carta de febreiro. Choveu en sentido literal e choveron cambios, no orde político, polas novas que vou recibindo. Que todo sexa pra ben. Que se vaia poñendo ó día o reló peninsuar e nel o de Galicia, que polo que parez nesta ocasión quedou un algo retrasado. ¿Hastra cando?

É certo que confundín (acrararas na túa carta) os nomes de Arcadio e Salvador, mais foi unha confusión mecánica, pois, se ben é certo que ambos son poetas (bos poetas) e da mesma xeneración, diferéncioos.

Se escribo algo sobre Otero Pedrayo (quixera decir del algunhas cousas; teño, amais do trato con el en Buenos Aires, algunha correspondencia e incluso un manuscrito autocomentando unha conferencia que tíduou “La cultura clásica como anhelo y como recuerdo”,⁸⁹ moi intresante). Se fago algo, mandareicho, pra *Grial*. E tamén calquera outra cousa das que suxires. Algo teño feito sobre a prensa galega en Cuba, rico tema. Verei de darlle forma definitiva. É que ando con tantas cousas enriba...

Dispuxen que che mandasen dende Madrid unha noveliña miña, *Aqueles anos do Moncho*, non sei se a recibirías e que che terá parecido dela. Vai saír en Edic. do Castro un volume de poemas de N. Guillén, verquidos por min ó galego. Traballo noutras cousas. Veremos qué sae.

A Sección Galega vai indo. Este ano fixemos tres esposicións bibliográficas galegas (homenaxe a Rosalía, homenaxe a Curros e Día das Letras Galegas, neste caso cunha pequena mostra de literatura pra nenos no noso idioma).

⁸⁹ Refírese á conferencia que impartiu no Colexio Nacional de Buenos Aires no verán de 1959 (Cfr. nota 84).

Sigo pensando que o libro de Freixanes é valiosísimo e que a entrevista contigo é escraecedora en moitos sentidos da marcha do galeguismo nos anos derradeiros.

Vin o teu traballo *Lembrando a Castelao*.⁹⁰ ¡Estupendo! Moi didáctico e por tanto moi útil. Moi bo o enfoque do renacemento galego, as agrupacións culturais etc.

E namais. Saúdos a Isabel, a túa irmá, a Beiras e muller. A todos os lembramos ambos, con agarimo. Repetiremos o encontro. ¿Cando...?

De Anisia e miña, pra todos, e pra ti en particular, unha tensa aperta

Xosé Neira Vilas

⁹⁰ Ramón Piñeiro, *Lembrando a Castelao*, Santiago de Compostela, SEPT, 1975. Este volume apareceu na colección Cadernos Populares en edición cuatrilingüe: galego, castelán, catalán e éuscaro.

Gres, 2-6-78

A Ramón Piñeiro
Compostela

Meu vello e querido amigo:

Acabamos de chegar —Anisia e mais eu— a Galicia. Estamos en
Gres, no meu recuncho natal.

Xa nos veremos (estraviei o teu nº de tfno. e non podo chamarte).

Mentras, saúdos a Isabel, a túa irmá, ós amigos comúns e pra ti
unha aperta cordial de Anisia e de

Xosé Neira Vilas

Bandeira
Cartería de Gres
Prov. Pontevedra

Querido Piñeiro:

A canción de sempre, de cada vez que imos ahí: apenas puidemos vernos. É pra min unha loita case desesperada co reló, co calendario; os 28 días non chegan pra nada. Lamentei non poder asistir a esa invitación que tan xentilmente, coma sempre, nos fixeches pra xantar convosco e con outros amigos (temos un ledor recordo da vez que estivemos neso mesmo no voso acolledor fogar, o ano 76). Pero as cousas son así, compromisos de eiquí e de alá, recramos familiares, obrigas de todo orde e o tempo, implacable, vai fuxindo, escorregándose. O día que te chamei pra decirche que non podíamos ir, falei con Isabel. E xa non voltei a chamar (pra min o teléfono é unha das mellores invencións que eisen, pero en Galicia cústame usalo a menos que me atope na cidade, nalgunha cidade, pois en Gres debo ir a uns oito km. pra facer uso del).

Non sei que che tería parecido a miña conferencia, ou como se chame, sobre a poesía de N. Guillén.⁹¹ Non tiven tempo de preparar organicamente nada e foron notas, apuntes, lembranzas e o feito de que conozo a Nicolás e del son amigo dende fai máis de vinte anos e conozo a súa andaina poética. Preocúpame un pouco porque había alí, na Galería Sargadelos, xente calificada, esixente, rigurosa, e ó mellor defraudeina, en primeiro lugar a ti que eres home de método. Non sei. A min sempre me pon algo de medo enfrentarme con público e neste caso era moito e, digamos, selecto, e en Compostela. Non sei como quedaría eso. Pra máis eu viña da biblioteca da Universidade, de revisar vellos periódicos (30 anos atrás) e estaba algo inquedo, nervioso. En fin...

Polo demais, o reencontro con miña nai, con meus irmaos, cos vellos amigos, cos carreiros vellos, todo foi moi entrañable, vivificante.

E namais. Agarimos de Anisia, pra Isabel e túa irmán, e para ti, dos dous, apertas

Xosé Neira Vilas

⁹¹ Alude á conferencia "A poesía de Nicolás Guillén", que impartiu na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela aquel 20 de xuño. O relato do que alí foi deixouno escrito en *Vinte anos retornando*, Vigo, Xerais, 2006, p. 76.

Tiven un encontro con 400 nenos das Cruces, por demais intresante. Na Estrada falei sobor de “Presencia galega na cultura popular cubana”.⁹² En Vigo presenteí a miña triloxía do neno.⁹³

⁹² Conferencia pronunciada aquel 21 de xuño no local do Grupo Escolar Pérez Viondi da Estrada. Para a ocasión, Neira Vilas foi presentado polo tamén escritor e profesor Xavier Carro.

⁹³ *O ciclo do neno*, Madrid, Akal, 1978 (incluía *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho*). O acto de presentación foi na xa desaparecida Librería Curros Enríquez e o presentador Xosé María Álvarez Blázquez.

Querido amigo Neira:

Recibín a túa carta cando nos preparabamos para vir a Asturias e nela viña incluída a entrevista que che fixeron os da *La Gaceta de Cuba* cando apareceu a túa traducción galega dos poemas de N. Guillén.⁹⁴

Sentimos de veras que non tiverades vagar para xantáremos xuntos, pero comprendemos moi ben a vosa loita co calendario cando estades aquí en Galicia. En realidade, os días que botades por aquí teñen que vos resultar poucos e demasiado rápidos. Algunha vez teredes que vir a vos mergullar nun tempo sin calendario, sin reló e sin teléfono para disfrutar libremente e plenamente da comunión coa Terra. Vai ser difícil, claro, polos moitos amigos que tedes.

A presentación do libro na Galería Sargadelos resultou ben. O tono de espontánea naturalidade que lle deches ao acto facíanos máis familiar a personalidade humana do poeta cubán, mesmo como si nos fixeses a todos partícipes da amizade que te une a el. Esa foi a impresión que eu tiven e coido que sería igualmente a da maioría dos asistentes.

Nunha carta anterior falábasme de que tiñas notas sobre a visita a B. Aires de D. Ramón Otero Pedrayo. Desde logo, cando queiras publicar no *Grial* un traballo sobre o tema ou temas desas notas non tes máis que facelo e mandárnolo. Ou sobre outro tema que xuzgues de interés para a nosa cultura.

O Isaac sigue tan dinámico coma sempre.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

⁹⁴ Luis Marré, “Entrevista con Xosé Neira Vilas”, *La Gaceta de Cuba*, outubro de 1978.

Querido Xosé:

Teño diante dos ollos o exemplar das *Memórias de um pequeno camponês* que me chegou hoxe no correo. Foi para min unha sorpresa moi grata, pois non sabía que se iba editar en portugués. Segundo veño de ler no prólogo do Viale Moutinho,⁹⁵ tamén existen traducións ao ruso, ao checo, ao chinés e ao italiano. Semella que vai ser o libro máis universalizado das nosas letras.

Estes días lembreime de ti cada vez que apareceu na TV o Nicolás Guillén, que como sabes está en España. E despois do viaxe de Suárez a Cuba, que tivo grande reflexo informativo en España, semella seguro que tamén vai vir o Fidel, en viaxe político a Madrid e en viaxe sentimental á terra do seu pai.

Cos meus parabéns por esta nova tradución das túas *Memorias dun neno labrego*, apertas cordiais para os dous

Ramón Piñeiro

⁹⁵ O escritor José Viale Moutinho (Funchal, 1945) mantén dende sempre un estreito vencello con Galicia, promovendo o coñecemento dos nosos autores en Portugal e a difusión dos creadores lusos entre nós, labor polo que se lle concedeu en 1995 o Pedrón de Honra e foi nomeado membro de honra da RAG polo plenario desta institución o 20 de decembro do 2008. A edición que el prologou das *Memórias de um pequeno camponês* publicouna a editorial Forja de Lisboa en 1977.

XOSÉ NEIRA VILAS

MEMÓRIAS DE UM PEQUENO CAMPONÊS



Versión portuguesa as *Memorias dun neno labrego*, 1977

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Hai tempo que non sei de ti. Bueno, eso é un decir, pois agora mesmo teño diante as fotos que me mandou Xosé Díaz do acto da Galería Sargadelos, onde se presentaron dous libros meus, e alí estás ti, xunto con Dieste e Paz Andrade.⁹⁶ E teño tamén sobor da miña mesa unha circular, suscrita por ti a nome do Instituto Galego de Información. Por outra banda sei (a traveso de Cabido)⁹⁷ de Galaxia, na súa nova etapa, e vou recibindo *Grial*, en fin, pra min Galicia é unha constante de cada día, de cada hora, e ti estás vencellado a boa parte dese facer galego cotián, permanente.

Pra outra escribireiche máis estenso (comentando o noso labor na Sección Galega, a revisión dos arquivos que foron da Soc. Iniciadora da Academia e do C. Galego, o proxecto dun Museo da Emigración Galega en Cuba, o ensino de galego nas universidades de Leningrado⁹⁸ e de Leipzig⁹⁹ que

⁹⁶ Os libros que se presentaron foron *Encrucilladas* (1980) —onde reuniu *Xente no rodicio*, *Camiño bretemoso* e *A muller de ferro* nunha edición prologada por Paz-Andrade— e mais *Galegos no Golfo de México* (1980).

⁹⁷ Bieito Ledo Cabido (Padroso, Xunqueira de Ambía, 1944), director-xerente de Galaxia entre 1979 e 1985, foi o impulsor da Fundación Premios da Crítica de Galicia en 1978, que actualmente preside. Dende 1985 dirixe Ir Indo Edicións.

⁹⁸ Un pouco máis abaixo, na carta do 2-1-1981, é o propio Neira Vilas quen lle explica a Piñeiro como principian a impartirse cursos de galego na Universidade de Leningrado (hoxe San Petersburgo) mercé á complicidade do hispanista ruso Zacarías I. Plavskin.

⁹⁹ Na carta de Neira Vilas a Piñeiro do 17-8-1983 ofrécese os datos precisos sobre o particular. Foi o profesor Klaus Bochmann, director do Departamento de Romanística da Universidade Karl Marx de Leipzig, daquela na República Democrática Alemá, quen instituíu os cursos. Este mesmo profesor promoveu a tradución ao alemán das *Memorias dun neno labrego* en 1984. Para máis información a propósito destes contactos con Bochmann e Plavskin e o impulso do ensino da lingua e a literatura galegas nas súas universidades poden lerse os traballos do de Gres: “Proxección de dúas prestixiosas universidades”, *A lingua galega en Cuba*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 1995, pp. 144-145; “O profesor Klaus Bochmann” e “Proxección da cultura galega”, *Xentes e camiños*, Vigo, Xerais, 2005, pp. 25-26 e 157-158; “Amigos alemáns”, *Cancela aberta*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 193-194; e “Cátedras de lingua e literatura galegas”, *Días de Cuba*, Vigo, Galaxia, 2014, pp. 119-120.

promovín desde aquí etc.). Esta vez van somentes unhas letriñas de saúdo co envío dunha carta que recibo do xornalista brasileiro Helio Dutra (radicado na Habana dende hai moitos anos) e da súa muller Ela sobor de *Galegos no Golfo de México*. Gostaría-me que se publicase en *Grial* se coidas que ten cabida posible.¹⁰⁰

Non deixes de escribirme. Mentras, un saúdo agarimoso de Anisia pra ti e pra Isabel e pra túa irmá. Pra ti a forte aperta de

Xosé Neira Vilas

Días atrás conocín aquí unha irmá da muller de S. García-Bodaño, Carmen Pereira.¹⁰¹

¹⁰⁰ Helio Dutra Domínguez e Ela Álvarez Delgado, “*Galegos no Golfo de México*, por Xosé Neira Vilas”, *Grial*, 69, 1980, pp. 368-371. Da súa parte, a Helio Dutra dedicou Neira Vilas, “O meu amigo brasileiro”, *Xentes e camiños*, Vigo, Xerais, 2005, pp. 191-192.

¹⁰¹ María Carmen Pereira, irmá de Aurichu Pereira, muller entón de Salvador García-Bodaño. É a destinataria dos “Poemas soltos a Maricarmen Pereira” que Avilés de Taramancos escribiu, namorado, en 1961 e que non verían a luz ata a súa inclusión en *O tempo no espello* (1982).

A Xosé Neira Vilas
La Habana

Benquerido amigo:

Recibín a túa carta e maila do matrimonio brasileiro que incluías nela e que, desde logo, sairá no próximo número de *Grial*.

Si mandas esa información que me anuncias sobre o labor levado a cabo pola Sección Galega, coido que sería interesante dála a coñecer a través das páxinas de *Grial*. ¿Non che parece?

Olla, unha profesora¹⁰² da Facultade de Económicas de aquí que está traballando sobre a emigración galega no XIX ten moito interés en conseguir a xerocopia dun artigo de Antonio do Campo aparecido en *Vida Gallega* (Habana 1941) e que se titula “La colonización gallega en Cuba: La empresa de Feyjóo y Sotomayor en 1853”. ¿Sería posible conseguir esa xerocopia?¹⁰³

Desde logo é esperanzador ese programa que anuncian en Leipzig para o ensino do galego. Si acadas que se vaia extendendo noutros países, será un labor extraordinario. Tocante á posibilidade de que eu poida ir alá nalgunha ocasión, agradézoche moi sinceramente a túa boa vontade. Quéroche dicir que non teño ningunha clase de reparos, pero estou tan ensarillado nas cousas de aquí que sempre dependería de que fose ou non ocasión propicia.

¿Sabes? Dentro de tres días sairemos Isabel e mais eu para Montevideo e Buenos Aires. Pasaremos por alá 12 días. Ademais das

¹⁰² Todo parece apuntar que se refire a María Xosé Rodríguez Galdo (Ferrol, 1949), hoxe catedrática de Historia e Institucións Económicas, quen daquela xa dedicara ao asunto o traballo “A crise agraria de 1853 e a emigración galega a Cuba”, *Grial*, 57, 1977, pp. 261-272.

¹⁰³ Urbano Feyjóo Sotomayor foi un emigrante galego en Cuba autor do ensaio *Isla de Cuba: Inmigración de trabajadores españoles: documentos y memoria escrita sobre esta materia*, A Habana, Imprenta de J. M. Eleizegui, 1853.

Xornadas Patrióticas das dúas cidades haberá tamén un Encontro Cultural Galego-Luso-Brasileiro en Montevideo.

Aquí saíu unha revista nova que se chama *Man Común*.¹⁰⁴ Supoño que cha mandarán. Si así non for, dimo que cha mando eu. Está feita por cinco xornalistas novos e editada pola editorial Rueiro.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

¹⁰⁴ O número 0 de *Man Común* publicouse o 22 de maio de 1980. A revista, dirixida por Xosé Antón Gaciño, contou no equipo de redacción con Constantino Cabanas, Luís Pita, Gabriel Plaza, Manuel Rivas e Santiago Romero. Naquel número inicial incluíuse unha entrevista a Ramón Piñeiro.

La Habana, 2 de xaneiro de 1981

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

En primeiro lugar, boandanza e saúde no ano que comeza. Éxitos acrecidos no orde persoal e que a magoada Galicia avante por bo camiño.

Teño diante a túa carta do 15-VII. Andiven con moito trafego (tradución ó castelán do meu libro *Galegos no Golfo de México*, preparación dunha escolma de narracións miñas pra publicar aquí, romate da miña novela *Querido Tomás* que se vai publicar nesa, os traballos da Sección Gallega etc. Estou sempre desbordado e por veces a correspondencia vai quedando. Disculpa).

Verei de facer un resume da nosa labor na Sección Gallega pra *Grial*; un resume de once anos de labor.

Pensaba mandarche con esta a fotocopia do traballo de Do Campo pra esa profesora de Económicas, pero non me foi posible. Eu fixen o índice da revista hai dez anos. Existe ese traballo, conózoo,¹⁰⁵ anque non coido que aporte nada novo ó que ten publicado Mesa¹⁰⁶ e sobre todo ó que publicou a *Revista de Estudios Agrarios* da Xunta de Galicia (nº 1).¹⁰⁷ O traballo de Do Campo é breve e contén ben menos que os ditos (seino porque andiven a pescudas sobre esto anos atrás). De todos modos quería cumprir contigo e hastra hoxe non puiden. Ocorre que na Sección temos soio uns números soltos. A colección

¹⁰⁵ Neira Vilas coñecía ben o tema, pois tíñao investigado con detemento, como pode comprobarse nos ensaios “Urbano Feijóo Sotomayor, traficante de homes”, “Sublevación de Galegos na illa de Cuba” e “A trata de brancos foi debatida nas cortes”, *Memoria da emigración. III*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1996, pp. 217-224, 225-231 e 233-241.

¹⁰⁶ Roberto Mesa Garrido (Sevilla, 1935-Madrid, 2004), prestixioso profesor universitario experto en relacións internacionais que escribiu *El colonialismo en la crisis del XIX español* (1967), onde se ocupa da figura de Feijóo Sotomayor.

¹⁰⁷ A *Revista de Estudios Agrarios* apareceu en 1979 dirixida por Xaime Illa Couto. Foi precisamente Rodríguez Galdo quen se ocupou do tema no primeiro número da mesma, para o que escribiu o artigo “Desartellamento da economía tradicional galega e emigración no século XIX. A empresa de emigración de colonos Galegos de Urbano Feijoo Sotomayor”.

completa haina na Sociedad de Benefic. de Naturales de Galicia. Morreu hai meses o presidente e coido que a tiña na casa, non me saben dar razón crara (ti sabes, os prexuícios de xente moi vella, os inevitables egoísmos e miudezas dalgunhas entidades, en fin). Esa colección terémola algún día na Sección, pero mentras veremos que se pode facer. Farei todo o posible por cumprir.

Os cursos de galego (língua e literatura) en Leipzig van ben. Hai 100 estudantes de portugués que o teñen como asignatura obrigatoria e 250 de castelán que o terían como optativo. Na Universidade de Leningrado, tamén por xestión nosa, estudan actualmente língua e literatura galegas 15 alumnos, entre eles xa algúns levan feito traballos sobre Rosalía e Pondal, por exemplo. Todo elo baixo a dirección do prestixioso hispanista Zacarías I. Plavskin. Se hai ocasión propicia dalgún viaxe etc., avisareiche.¹⁰⁸

¿Que tal o viaxe voso a Sudamérica? A atmosfera deses países dende logo debe ser irrespirable. En canto ós galegos, debe ser agora xa unha emigración algo vella, inda que con pulos, facendo cousas. Interesante o do Encontro Galego-luso-brasileiro. ¿Está no marco dos famosos Coloquios internacionais? Penso que agora deben no futuro incruírse os países africanos de fala portuguesa.

Non conozo *Man Común*. Agradecereiche moito que ma fagas chegar. Moito.

Eu, sempre facendo algo, escribindo algo. En Edic. do Castro sairá a miña novela *Querido Tomás* (monólogo dunha mestra rural galega).

Soupen do referendo do Estatuto. Conozo o testo. Quedou ben raquíto e sei que hai moita protesta por elo. De todos xeitos, algo poderase ir facendo mentras se sigue insistindo, teimando.

Namais por esta. Pra os dous vai de nós os dous unha forte, entrañable aperta

Xosé Neira Vilas

¹⁰⁸ Xunto a esta carta, Neira Vilas remítelle a Piñeiro outra do profesor Bochmann onde este dá conta da implantación na Universidade Karl Marx de Leipzig dos estudos de galego como obrigatorios para o alumnado de Portugués a partir do curso 1980-1981. Ao remate da misiva, escrita a máquina polo hispanista alemán, Neira Vilas engadiu do seu puño a seguinte frase para Piñeiro: “Ramón: ¿Estarías disposto a ir? Dimo”.

KARL MARX UNIVERSITÄT

SEKTION THEORETISCHE UND ANGEWANDTE
SPRACHWISSENSCHAFT
Fachbereich Romanistik

KMUT, Zentrum Theoretische und angewandte Sprachwissenschaft
70 Ludwig-Maximilians-Strasse

Xosé Neira Vilas
Instituto de Literatura y Lingüística
Sección Gallega
Av. Salvador Allende, 710
La Habana - Cuba

Berlin, den 12. Juni 1990

Betreff:

Estimado colega y amigo:

Después de haber tenido, en los encuentros con Vd. y mi trabajo de documentación en Su Instituto, la posibilidad de informarme más detalladamente sobre la situación de la lengua y literatura gallega, hemos decidido de introducir en nuestro departamento de lenguas románicas el estudio de esa lengua junto con elementos de la cultura y literatura gallega.

El estudio de la lengua gallega será, desde el año universitario 1990/91, una parte integrante y obligatoria del programa de estudio para todos los estudiantes del portugués, que son en este momento una centena, y facultativa para los estudiantes del español (casi 250 en total, en este año).

Visto que no disponemos de materiales didácticos y científicos ni de las personas preparadas para esta empresa, excepto los colegas del portugués, seríamos muy contentos si Vd. pudiera ayudarnos con libros y materiales de lingüística, manuales de lengua en número suficiente, diccionarios, enciclopedias, libros de literatura y crítica resp. historia literaria y historia general de Galicia, además con mencionarnos unas personas que podríamos invitar en los años que vienen para conferencias, coloquios etc.

Esperando en Su ayuda y agradeciéndole ya por delante quedo
100 Ludwig-Maximilians-Str. 70 - Postfach 101555 - D-10015 Berlin
Fernschreiber der Karl-Marx-Universität Nr. 611 77

(Prof. Dr. Klaus BOCHMANN)

Le 1-73 50 000 10-4 1 000

Ramón:
¿Están dispuesto a ir? Dimo.

Carta do profesor Klaus Bochmann a Xosé Neira Vilas que este remitiu a Ramón Piñeiro a canda unha carta súa do 2 de xaneiro de 1981

Benquerido Pepe:

Recibín o teu libríño *Nai*,¹⁰⁹ todo el tremante de emoción profunda. Mesmo semella un poemario de amor filial. Por refrexar un sentimento de tódolos humáns, tódolos lectores se sentirán identificados co seu contido. Supoño que o lerán nas escolas. Recibe os meus sinceros parabéns.

Por aquí, certa desorientación. Temo —e ben que o sinto— que as organizacións políticas non teñen a madurez necesaria para levar adiante coa necesaria eficacia as responsabilidades que traerá a autonomía dentro de pouco. Dende logo, non me refiro a ningunha organización en particular, senón ao conxunto. E, naturalmente, non descoñezo que tropezan coas tremendas dificultades que se derivan do propio atraso político en que nos foi sumindo o centralismo.

Con todo, eu non son pesimista. Confío en que irá despertando a conciencia política do noso pobo.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

¹⁰⁹ Xosé Neira Vilas, *Nai*, Madrid, Akal, 1980.

Habana, 1 de xunio do 1981

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Recibín hai algún tempo a túa carta. Gracias polo que me dis de *Nai*, un libro case íntimo, familiar, que contén un desafogo lírico de quen está por tantos anos lonxe de quen o criou. A saudade —por máis que algúns a teñan denigrado— é unha realidade (sin meterme aquí a debullar se é saudade, señardá, morriña ou o que, rigurosamente falando). Nesas páxinas non hai nada que non sexa cotián e común a calquera fillo. Percurei a sinxeleza e a sinceridade.

Por ahí anda outro libro meu —*Querido Tomás*—; víchelo?¹¹⁰

En fin, algo imos facendo. Galicia está en min arreo e eu voume escoando en palabras que lle adico a ela e ó noso pobo. Non sei se teñen ou non gran valimento, pero fago todo o mellor que podo.

Mándoches unha nota pra *Grial*, sobre o Dr. Plavskin. Se queres cambear a redacción pra lle dar axuste de estilo, faino.¹¹¹ Tamén che mando un recibiño da Soc. Protectora da Academia, que no ano 17 facían en galego estes documentos.

Namais. Saúdos a Isabel e a túa irmá. Saúdos de Anisia. Pra ti unha forte aperta de

Xosé Neira Vilas

¹¹⁰ Xosé Neira Vilas, *Querido Tomás*, Sada-A Coruña, Edicións do Castro, 1980.

¹¹¹ Non se publicou. Si apareceu, pola contra, unha nota breve sobre a implantación dos cursos de galego dirixidos polo profesor Bochmann na Universidade Karl Marx de Leipzig no *Grial*, 71, 1981, p. 127.

Habana, 30 de abril de 1983

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

O 9 de febreiro operáronme dunha belida no ollo esquerdo (xa me operaran o dereito hai nove anos); estou moi ben, recuperei grandemente a visión e xa estou de novo ó pé das miñas armas de cada día, coma quen dis. Nos meus días de forzado sosego lembreime moito de ti, que tamén estás operado do mesmo.

¿Como estades? ¿Como vai a política galega, a Autonomía, a Xunta, o Parlamento? ¿Podedes lexislar realmente pra Galicia ou ofrecen moita resistencia os híbridos antigalegos, os advenedizos de última hora que pouco lles importan os fondos problemas do país?

¿Como vai Galaxia? Recibo algunhas obras que me vai mandando Bieito. Tense dado un notable salto editorial. É incuestionable.

Ediciós do Castro vai publicar o meu libro *Castelao en Cuba*.¹¹² Sairá pra o Día das Letras Galegas. Gostaram de coñecer a túa opinión. É o froito dunha longa investigación e penso que pode axudar a comprender algunhas facetas do Mestre.

Mándoches adxuntas unhas noticias pra *Grial*, se ves que “cabén”. Ti verás. Eu limítome a darchas e ti calibras, naturalmente.

E namais por hoxe. Saúdos a Isabel. Saúdos de Anisia. Pra ti, aperta forte e cordial de

Xosé Neira Vilas

Ponme unhas letras. Gracias.

Apartado 4269
La Habana -4
Cuba

¹¹² Véxase a nota 86.

Benquerido Pepe:

Acabo de chegar de Lisboa, onde asistín a un congreso sobre a situación actual do Portugués no mundo,¹¹³ e atopeime coa túa carta do 30 de abril na que me contas da túa recente operación ocular. Comprendo moi ben, porque a vivín, a túa profunda emoción ao recobrar a visión do ollo toldado pola belida. Alégrome sinceramente. Cando veñas, todo che semellará máis novo, máis vivo, máis próximo, en certa maneira máis teu.

O libro sobre Castelao en Cuba lino con vivo interés. Certamente que é un capítulo importante da súa biografía. En realidade, eras a persoa máis indicada para escribir ese libro.

A política autonómica, na miña opinión, vén sendo pouco eficaz. Teñen a dificultade das transferencias, pero estou convencido de que enfocaron mal as negociacións por caeren na tentación do partidismo.

No Parlamento aprobáronse algunhas leis importantes, como a de Normalización Lingüística. Dentro de poucos días aprobarase tamén a de creación do Consello da Cultura Galega. Tamén é importante a lei de recoñecemento da galegitude ás entidades da emigración, aprobada no mes pasado.

De calquera maneira, considerada en conxunto, a política autonómica aínda non logrou profundizar na opinión.

¿Viredes este vran a Galicia? Sempre nos alegra vervos.

Apertas nosas para os dous e para ti unha moi forte de

Ramón Piñeiro

As notas sairán no *Grial*.

¹¹³ Refírese ao Congreso sobre a situación actual da Língua Portuguesa no Mundo, que tivo lugar en Lisboa entre o 28 de xuño e o 3 de xullo de 1983. Piñeiro asistiu ao mesmo como convidado especial. Daquela xuntanza publicáronse unhas *Actas do Congresso sobre a situação actual da Língua Portuguesa no Mundo*, Lisboa, ICALP, 1985 (vol. I) e 1987 (vol. II).

Compostela, 17-VII-83

Benquerido Pepe:

Hai tres días, no Parlamento, faloume de ti o Suárez Vence,¹¹⁴ que viña de asistir a un Congreso Internacional de Sanidade ahí en Cuba. Díxome que facías un labor importante, cousa que xa sabía, e transmitíume saúdos teus. É un home san, traballador e moi cordial. Todos o aprecian e eu profésolle fonda simpatía humana.

Mándoche o texto da Lei de Normalización Lingüística, aprobada no Parlamento o pasado 15 de xuño. Nunca pensei que chegaría a participar persoalmente na elaboración e na aprobación de semellante lei, con ser unha das leis máis longa e fondamente areladas.

Supoño que che gustará coñecela e por eso cha envío.

Apertas nosas para os dous

Ramón Piñeiro

¹¹⁴ Francisco Xavier Suárez-Vence Santiso (A Baña, 1935), político e empresario galego, foi, entre outros cargos, Conselleiro de Sanidade entre 1983 e 1986.

Habana, 29 de xulio de 1983

Querido Ramón:

Chégame a túa carta, do 6-7.

Vexo que a Autonomía non camiña. Xa o tiña ouvido decir. Vai lenta, encartonada, infleisíble. É decir, non vai. Non acaba de funcionar. Esperemos que esto cambée, que as cousas se encamiñen de vez.

Interesantes algunhas das leis que aprobastes no Parlamento, como a da Galeguidade (dela faloume días atrás, na Habana, Xavier Suárez, o de Sanidade da Xunta que veu a un evento médico e localizoume).

Pois, si, quedei recuperado da vista. Quedei moi ben. Cando volte a Galicia (improbable que sexa este ano) verei mellor aínda a nosa paisaxe, o entrañable mundo físico —e o outro tamén— do noso país.

Alédame que che gustase o meu libro sobre Castela. A túa opinión ten pra min un singular valemto, por máis dunha razón neste caso.

Contos vellos para rapaces novos é unha escolma de contos populares de 33 países dos cinco continentes, que puxen en galego e editará Isaac.¹¹⁵ Pensei que tragner a literatura popular doutras áreas ó noso mundo anchea a maxinación dos nosos nenos, potenciais lectores, e proxéctanos un chisco no mundo, coma un vencello, un chanzo máis. Coido sairá neste ano.

Vai outra nota pra *Grial*, por si a consideras incruíble.

E namais. Agarimos de Anisia pra vós. E unha forte aperta pra ti de

Pepe

¹¹⁵ Xosé Neira Vilas, *Contos vellos para rapaces novos*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1983.

Habana, 17-8-83

Querido Ramón:

Recibín os teus dous envíos: o Boletín Oficial do noso Parlamento, no que aparece o texto da Lei de Normalización Lingüística (importante logro) e un exemplar do suplemento de Artes e Letras do *Faro de Vigo*, adicado a Castelao, cunha axeitadísima introdución túa¹¹⁶ e outros interesantes traballos (amais dun comento sobor do meu *Castelao en Cuba*). Gracias por todo. Gracias por terme ó día en temas de tan grande interés pra min.

En outubro visitará a Galicia o Prof. Klaus Bochmann, amigo meu, até hai pouco Director do Dpto. de Romanística da Universidade de Leipzig, RDA, e agora coido que rector ou vicerrector da Universidade (non estou ben seguro porque de cargos nunca falamos). É un home xoven —aparenta uns 45 anos— pero moi valioso. Fala castelán perfectamente. Ten feito outros viaxes a España. Con el coordinei os estudos de Lingua e Literatura Galegas naquela universidade, a través da nosa Sección Galega da Academia das Ciencias de Cuba. Mantemos unha relación estreita. El traduceu ó alemán o meu libro *Memorias dun neno labrego* e fixo pra el un prólogo sobre literatura galega etc. Escríbolle nestes días e doulle os nomes teu e de Isaac. Penso que é intresante que o atendes adecuadamente polo seu rango e polo que está a facer pola cultura galega.

E namais. Unha forte aperta

Pepe

¹¹⁶ Ramón Piñeiro, “Castelao e os amigos”, *Faro de Vigo*, suplemento Artes e Letras, 27, 29-7-1983.



Versión alemá das *Memorias dun neno labrego* que inclúe un traballo de Klaus Bochmann, 1984

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Escribín a Bieito hai algún tempo ofrecéndolle pra Galaxia o meu breve libro *Pan*. Con el pecho unha triloxía, que integran tamén *Lar e Nai* (estes dous editados por Akal). Son unhas 38 prosas breves, o mesmo estilo, a mesma tensión (non teño a man o texto pra copiarche dúas ou tres destas prosas, pero a Bieito mandeille algún texto). Se interesa debe ir con bastantes dibuxos, que eu suxería fosen de Siro, por exemplo. E cadra que, dempois desta carta a Bieito, recibo unha de Siro, moi atenta, na que di lle gustaría ilustrar un libro meu. En fin, vós veredes: se *Pan* interesa ou encaixa nos programas editoriais de Galaxia, e tamén en canto ó dibuxante, dimo, e, senón, pois nada.¹¹⁷

Invitáronme oficialmente (Embaixada de Cuba-Unión de Escritores de Cuba), e chamáronme dúas veces por tfno. dende ahí, pra participar nun evento desa universidade sobre Arte e Linguaxe, en maio. Non podo ir. Xa lles contestei (por certo non sei que persoa, departamento etc. Nada). Xa lles dixen o que ocorre: acabo de facerme cargo da xefatura de redaición de dúas revistas pra nenos (*Zunzún*¹¹⁸ e *Bijirita*¹¹⁹) cunha tirada entre as dúas duns seiscentos mil exemplares e non podo saír agora.

¹¹⁷ Xosé Neira Vilas, *Pan*, ilustracións de Siro López, Vigo, Galaxia, 1986.

¹¹⁸ *Zunzún* fixo a súa aparición pública o 10 de outubro de 1980. Era unha revista pensada para rapaces de arredor de nove ou dez anos e tiña unha tiraxe mensual de 250.000 exemplares. A súa ideadora, xefa de redacción e auténtica *alma mater* foi Anisia Miranda, quen a primeiros de 1984 solicitou deixar a xefatura de redacción. Os responsables gobernamentais da revista xunto coa propia Miranda procuraron durante tres meses alguén que a substituíse no cargo. Logo de moito buscar, decidiron que o mellor era que o propio Neira Vilas adquirise esa responsabilidade, así que este, despois de moito pensalo, deixou o seu posto como especialista en organismos internacionais do Ministerio de Industria Básica para pasar a dirixir a revista ata a súa xubilación en 1989.

¹¹⁹ *Bijirita* naceu en 1985 como irmá menor de *Zunzún*, polo que o equipo de redacción era o mesmo. Concibida como unha publicación dirixida a primeiros lectores e lectores non autónomos (nenas e nenos entre dous e catro anos), tivo unha tiraxe mensual de 350.000

¿Como van as cousas por ahí?

Levo anos nunha longa e “dramática” investigación, que parece vou vencendo. Trátase da prensa galega de Cuba, dende que en 1878 saíu á luz *El Eco de Galicia*, decano da prensa galega de América. Reúno nada menos que ¡70! publicacións. Algo increíble. Algo nunca visto en comunidade emigrante algunha. O trafego é duro, pero vou saíndo del.¹²⁰ Teimo en que non se pode falar da nosa identidade sin a emigración.

Agardo noticias. Agarimos de Anisia pra ti e Isabel. Unha aperta

Pepe

Apartado 4269

La Habana—4 Cuba

Por si *Pan* interesa: dixen Siro, pero vós veredes. Debe ser, eso si, un dibuxante de calidade, dabondo figurativo.

exemplares. Sobre *Bijirita* e *Zunzún* (que recibían o nome de dous paxariños cubanos moi comúns na illa) escribiu Neira Vilas, “Xornalismo para nenos”, *Arredor do mundo*, Vigo, Xerais, 2007, pp. 95-96; “Unha antoloxía da revista *Zunzún*”, *Lóstregos*, Vigo, Xerais, 2009, pp. 95-96; “Trinta anos de *Zunzún*”, *Cancela aberta*, Vigo, Xerais, 2013, pp. 201-202; e “Xornalismo para nenos e nenas”, *Días de Cuba*, Vigo, Galaxia, 2014, pp. 61-67. Existe, amais, a escolma *Diez años de Zunzún: revista infantil cubana (1980-1990)*, ed. Ana Chouciño Fernández, Santiago, Universidade de Santiago, 2007.

¹²⁰ Froito dese esforzo investigador foi o volume *A prensa galega en Cuba*, Sada-A Coruña, 1985, unha obra de máis de cento e medio de páxinas onde se relacionan setenta e unha cabeceiras históricas dende a aparición do pioneiro *El Eco de Galicia* (1878-1901). No ano 2011 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigacións en Humanidades preparou unha edición facsimilar desta monografía.

Compostela, 10-VI-84

Benquerido Pepe:

Recibín hai xa bastantes días a túa carta falándome do teu novo libro *Pan* e da vontade de o publicar en Galaxia en caso de nos interesar. Atafegos moi continuados —o mes de maio vai sendo cada vez máis rico en iniciativas culturais galegas— foron a causa de non che contestar antes. Desde logo, nós editámolo con gusto. Tamén nos parece ben que o ilustrador sexa o Siro.

Comprendo o traballo e o tempo que che ten que absorber a dirección de *Zunzún* e mais *Bijirita*, inda que a alegría dos nenos como lectores che sirva de recompensa.

Boa noticia a da investigación da prensa galega en Cuba. Verdadeiramente, sería unha gran cousa que se chegase a investigar toda a prensa galega na emigración porque é unha das formas en que se manifestou a nosa presenza no mundo exterior a Galicia.

Por aquí seguimos a traballar. En certas cousas vaise avanzando. Pero, como é natural, menos do que quixeramos.

Sáudos garimosos a Anisia e de Isabel para os dous. Para ti unha forte aperta de

Ramón

Habana, 20 de marzo de 1985

A Ramón Piñeiro
Santiago

Meu querido amigo:

Polo noso común amigo Isaac soupen do accidente que che amolou o brazo dereito. A carta recibina hai uns días, é de xaneiro, e nese tempo aínda estabas hospitalizado. Espero estas xa na casa, repoñéndote satisfactoriamente.

Anque con retraso, quero tráguerche un pouco de alento nese contratempo, nesa mancadura que anceio non deixe secuela algunha e que sexa somentes unha custión de paciencia, de espera. Cando mellores xa me dirás. A noticia solprendeunos, si ben, por disgracia, no mundo de hoxe é frecuente recibir noticias así... e inda piores, en relación coa circulación, co tránsito. É a “corda” que un se pode dar: pensar que puido ter sido peor. Isto axuda un algo en contratempos así. Fai agora un ano eu caín e fractureime o brazo esquerdo, andiven unhas semáns escaiolado (ou enyesado, como se di aquí) e quedei perfectamente. Xa nin me acordo, como quen dis.

Supoño que moitas obrigas poderás atendelas, de todos xeitos, non ben superes delores e incomodidades grandes. E que en pouco tempo estarás ben de vez. Ogallá.

Saúdos de Anisia pra Isabel e pra ti, e unha forte aperta co agoiro sincero dunha pronta recuperación, de

Pepe

Habana, 11 de outubro do 1985

Querido Ramón:

¿Como seguiches do brazo? Polo que me tiñas dito e polo que me contou Sixto, quedaches ben. Alegrámonos. Esas crebaduras de ósos soen ser amoladas, de maneira que foi unha boa sorte que salises ben.

¿Como vai o país, a nosa cultura, a Xunta, o Parlamento, Galaxia...? Os problemas sociais de hoxe (paro, custe da vida etc.) están, polo que oio, afectando dabondo a Galicia. É comprensible. E veremos como nos trata ese lerio do Mercado Común, que parece que non nos vai beneficiar en absoluto, anque si poidera ser estratexicamente comenente pra outras áreas do Estado. Galicia sempre no fondo do pozo... De todos xeitos, dalgún modo irase saíndo, penso eu, que son moi optimista, en sentido xeral.

Soupen do congreso rosalián. Parece que quedou ben e que participou seriamente moita xente.¹²¹

Vai coa presente unha notiña pra *Grial*, se a consideras de utilidade (refírome á tradución dun libro meu ó alemán, que, aparte de que sexa meu ou de quen sexa, penso que pode ter algún valemto como noticia literaria pra Galicia).¹²²

E namais por hoxe. Saúdos a Isabel, saúdos a Anisia. Unha forte aperta do teu sempre amigo

Pepe

